



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma.
CORPORACIÓN PROVINCIAL o 28 de maio de 2021

ÍNDICE DE ASUNTOS TRATADOS

ORDE DO DÍA

Información e actas

1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 4/2021, do 30 de abril.....6
2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia, do 24 de abril ao 21 de maio de 2021.....6

Comisión de Cultura, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística

3. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Consorcio para a Promoción da Música para cofinanciar o Programa de actividades da Orquestra Sinfónica de Galicia no ano 2021.....6
4. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a Programación do ano 2021.16

Comisión de Benestar Social e Educación

5. Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación Banco de Alimentos Rías Altas para o cofinanciamento da Adquisición de alimentos de primeira necesidade e contratación de persoal e do correspondente convenio de colaboración.....25

Comisión de Infraestructuras Viarias, Vías e Obras Provinciais

6. Aprobación do PLAN DE INVERSIONS 2021, CUARTA FASE 33
7. Aprobación técnica do PLAN DE INVERSIONS 2021, QUINTA FASE34

Comisión de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento

8. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela, xunto cos Ilustres Colexios de Avogados e de procuradores de Santiago de Compostela, para financiar os gastos de realización de prácticas de alumnos/as, das actividades formativas que imparte ou nas que colabora a Escola de Práctica Xurídica nos concellos da provincia da Coruña, e adquisición do material necesario para a súa execución. Ano 202136
9. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Wenceslao Fernández Flórez, relativo á autorización de uso do inmovible que foi propiedade de Don Wenceslao Fernández Flórez en Cecebre50

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Turismo e Patrimonio Histórico e Cultural

10. Aprobación do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Turismo de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña para o cofinanciamento do bono turístico da Xunta de Galicia55

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

11. Aprobación da toma de coñecemento da información sobre o período medio de pago a provedores á que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de abril de 2021 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 30 de abril de 2021.....61

12. Aprobación da toma de coñecemento da remisión, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial e dos seus entes dependentes correspondente ao primeiro trimestre de 2021.61

13. Aprobación inicial da modificación do artigo 7.2 das Normas para a tramitación e resolución de aprazamentos e fraccionamentos de pago de débedas xestionadas polo Servizo de Recadación.62

14. Aprobación inicial da modificación da ordenanza Nº 13 reguladora do prezo público pola utilización do pavillón polideportivo "Rosalía Mera" (antes "Calvo Sotelo").....63

Comisión de Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible

15. Aprobación da modificación do réxime sancionador da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña67

ACTUACIÓN DE CONTROL:
MOCIÓNS

1.Moción dos Grupos provinciais do PSdeG-PSOE e BNG - situación da sanidade pública galega 74

2.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre imposición de peaxes nas estradas galegas.88

3.Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación de A Coruña, para instar ao goberno de España a anular as subidas de impostos que entraron en vigor en 2021 e non poñer en marcha os aumentos e novos tributos incluídos no plan de recuperación, transformación e resiliencia enviado a Bruxelas.98

Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación de A Coruña, para que ceda a titularidade aos concellos da provincia nos tramos que así o soliciten, as

estradas de titularidade provincial que discorran polos seus municipios.....**110**

4.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre granxas de visóns na provincia da Coruña.**110**

FÓRA DA ORDE DO DÍA

I.Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación da Coruña, para denunciar a exclusión dos concellos da provincia da Coruña (concellos entre 20.000 e 50.000 hab.) Para proceder a solicitar as axudas do Ministerio de transportes, mobilidade e axenda urbana do plan de recuperación, transformación e resiliencia.....**117**

II. Moción do Grupo Provincial Socialista sobre cambio de data do pleno ordinario de xuño de 2021.....**128**

ROGOS E PREGUNTAS.....**130**

Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 28 de maio de 2021.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 28 de maio de 2021, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

Preside: don Valentín González Formoso, Presidente da Corporación Provincial

Deputados/as

Asistentes:

Dona Martina Aneiros Barros	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Germán Castrillón Permuy	PP
Dona María Milagros Castro Sánchez	PSOE
Don Xosé Xurxo Couto Rodríguez	BNG
Don Manuel María Durán Guillán	PP
Don Antonio Fernández Angueira	PP
Don José Luis Fernández Mouriño	PP
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Dona Rosa M ^a Gallego Neira	PP
Dona Dalia García Couso	PP
Don José Blas García Piñeiro	PSOE
Don Ángel García Seoane	AVV
Don José Pablo González Cacheiro	PP
Dona Sandra González Castro	PSOE
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Dona Ana Lamas Villar	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don Alberto Lema Suárez	MA
Dona María Beatriz Molinos Vidal	PP
Don José Muiño Domínguez	PP
Dona María del Carmen Muiño Filgueira	BNG
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don José Manuel Pequeño Castro	PSOE
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Don Manuel Taboada Vigo	PP

Excusado: Don Roberto Rodríguez Martínez PP

7. O Sr. González Cacheiro incorporouse comezada a sesión, no punto número

Actúa como secretario: don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación.

Está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás 12:06 horas, tratáronse os seguintes asuntos:

Sr. Presidente

Moi bo días. Empezamos esta nova etapa de plenos ordinarios xa presenciais, benvidos e benvidas a todas, co primeiro punto da orde do día.

1.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 4/2021, do 30 de abril.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (12 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, número 4/2021, do 30 de abril.

2.- Dación de conta das Resolucions da Presidencia, do 24 de abril ao 21 de maio de 2021.

Dáse conta das Resolucions da Presidencia, do 24 de abril ao 21 de maio de 2021.

3.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Consorcio para a Promoción da Música para cofinanciar o Programa de actividades da Orquestra Sinfónica de Galicia no ano 2021.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (12 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa, por importe de 1.500.000 €, ao Consorcio para a Promoción da Música para cofinanciar o Programa de

actividades da Orquesta Sinfónica de Galicia no ano 2021, cun orzamento subvencionado de 2.120.000,00 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2022, autorice o correspondente Orzamento.

“ Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e Consorcio para a Promoción da Música polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o *Programa de actividades da Orquesta Sinfónica de Galicia no ano 2021*.

Na Coruña, a

REUNIDOS

Don/a ----- en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don/a -----en representación do Consorcio para a Promoción da Música.

EXPOÑEN

1.- Que o Concello da Coruña, en sesión plenaria celebrada o día 19 de abril de 1991, aprobou a constitución do organismo denominado “Conorcio para a Promoción da Música” que ten por obxecto a difusión da música e a promoción de toda clase de actividades musicais.

2.- Que o Consorcio para a Promoción da Música ten por obxecto, entre outros, a promoción da cultura a través da música, o aumento do número de sectores cidadáns que teñen acceso á música de calidade e a mellora do ensino musical e a formación das novas xeracións para a interpretación, o coñecemento e o acceso a esta modalidade artística nas súas distintas manifestacións.

3.- Que, para conseguir estes fins o Consorcio xestiona a Orquesta Sinfónica de Galicia, a Orquesta Nova, e dúas orquestras infantís: Orquesta Infantil Arcos e Orquesta Infantil Pizzicatos e tres coros: o Coro da OSG, o Coro Novo da OSG e o Coro Infantil da OSG cuxa sede está na cidade da Coruña.

Desenvolve un programa educativo de concertos didácticos que todos os anos chega a miles de escolares da provincia, desde educación infantil a bacharelato de toda a provincia; e, tamén é de salientar o proxecto social Resoa, destinado a nenos e mozos en risco de exclusión social, único na provincia.

4.- Que, con motivo da situación derivada da declaración do estado de alarma sanitaria, a través do proxecto Eu Son Futuro, o Consorcio desenvolveu unha plataforma de ensino virtual a distancia pioneiro no mundo para facer fronte o confinamento por mor da COVID-19 en na que os 90 integrantes da Orquesta Infantil reciben clase de 18 profesores instrumentistas da OSG nas súas propias casas, e que servirá para preparar os concertos.

5.- Que a Orquestra Sinfónica de Galicia mantivo unha presenza constante nas redes sociais no tempo do confinamento, con publicacións diarias de vídeos da súa canle YouTube así como dos vídeos que os músicos gravaron dende o confinamento e tamén gravados nos momentos nos que, a diario, facían máis soportable o devandito confinamento aos seus veciños.

6.- Que a OSG ten un programa de streaming de concertos a porta pechada para a súa emisión na rede e está a desenvolver todo un plan de traballo para ofrecer música adaptando a súa oferta ás condicións que marcan as autoridades sanitarias. Na actualidade contan cunha media de 900.000 visualizacións ao mes.

7.- Que en 2021 retomárase a colaboración co Concurso Internacional Cidade de Ferrol e ampliárase a colaboración co Festival Resis de Música Contemporánea.

8.- Que, de conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, de Administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura.

9.- Que, en exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña recoñece a labor cultural que ven desempeñando o Consorcio para a Promoción da Música e considera de interese as actividades que desenvolve e, en tal sentido, no Orzamento correspondente ao presente exercicio figura unha subvención nominativa destinada a financiar o programa de actividades da Orquestra Sinfónica de Galicia no ano 2021.

10.- Que, co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan suscribir o presente convenio, con arreglo ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Consorcio para a Promoción da Música**, con CIF: P6503001G, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial do **Programa de actividades da Orquestra Sinfónica de Galicia no ano 2021**, que se indica deseguido:

1. Actividades da OSG tempada e na provincia da Coruña

Concertos na Coruña: 23 concertos do abono venres: 15, 22 e 29 de xaneiro, 5, 12, 19, 26 de febreiro, 5, 19 e 26 de marzo, 9, 16, 23 e 30 de abril, 13, 21e 27 de maio, 4 e 11 de xuño, 7, 15, 22 e 29 de outubro.

Concertos en Ferrol: 7 concertos en Ferrol: 18 de febreiro, 25 de marzo, 8 e 29 de abril, 8 de maio e 4 de novembro.

Concertos extraordinarios noutras cidades da provincia: datas a determinar

Orzamento: 1.951.500 €

2. Actividades para apoiar ao sector musical, agrupacións e músicos locais

Encargos a compositores galegos para a composición de obras para grupos de cámara e arranxos de obras sinfónicas para a súa programación durante a tempada 2020-2021 da Sinfónica de Galicia. Colaboración con el Festival Resis 2021.

Actividades para conectar á OSG cos seus abonados e público en xeral, a través de Youtube, aplicacións, retransmisións á carta e reunións virtuais.

Orzamento: 80.000 €

3. Actividades da Orquestra Nova e da Orquestra de Nenos na provincia

Actividades da Orquestra Nova: 4 de abril (A Coruña), outras datas a determinar (A Coruña, Ferrol e Narón).

Actividades da Orquestra de Nenos: datas a determinar.

Orzamento: 43.500 €

4. Actividades dos Coros da OSG na provincia

Concertos Coro Adulto coa OSG no Coliseum da Coruña: 11 e de xuño.

Outras datas a determinar.

Orzamento: 45.000 €

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar polo Consorcio para a Promoción da Música.

O Consorcio para a Promoción da Música desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Soldos e salarios: refuerzos, solistas e directores, músicos	1.035.000,00
Seguridade Social	312.200,00
Aluguer palacio, escenarios, instrumentos, partituras, autobuses, taxis, dereitos de autor	334.900,00
Reparación e matemento instrumentos, afinación pianos	5.420,00
Material oficina, programas man, publicidade, transporte instrumentos, hoteis, estudos e traballos técnicos-solistas e directores, gravacións, iluminación e son, cargas e descargas	432.480,00

Total orzamento

2.120.000,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **1.500.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 70,75 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 70,75 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3343/46701, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Consorcio para a Promoción da Música obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustifico, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Consorcio para a Promoción da Música.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Consorcio para a Promoción da Música, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de

17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- A contratación cos terceiros para a execución dos servizos, asistencias ou subministracións necesarios realizarase con suxeición ás normas de contratación do sector público, utilizando para tal fin os pregos de condicións tipo da Deputación Provincial para os procedementos abertos e garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrência, igualdade e non discriminación. Procederá a utilización dos criterios e do prego provincial do procedemento negociado cando razóns de carácter científico, literario ou artístico dificulten ou impidan promover a concorrência.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dean a coñecer o *Programa de actividades da Orquesta Sinfónica de Galicia no ano 2021*, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Consorcio para a Promoción da Música.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

1.- A achega da Deputación seralle abonada ao Consorcio para a Promoción da Música do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable a xustificar, unha vez asinado o convenio logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

* **Contas anuais** completas da entidade correspondentes ao exercicio 2020.

* **Orzamento da entidade para o Exercicio 2021**, plan de actuación ou o documento equivalente que corresponda, de acordo coas normas que resulten de xeral aplicación, segundo a natureza xurídica da entidade.

* **Certificacións** acreditativas dos acordos **da aprobación** dos documentos sinalados.

Segundo prazo, por importe do 50% da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificadas, logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

* **Memoria** de actuación, suscrita polo Xerente do Consorcio, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación** clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2021.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

* **Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable.

2.- No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2021**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Consorcio para a Promoción da Música deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2022**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento ao Consorcio para a Promoción da Música para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Consorcio para a Promoción da Música da sanción que, de

conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Consorcio para a Promoción da Música.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponde, o Consorcio para a Promoción da Música terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de interés legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Consorcio para a Promoción da Música deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por ésta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Consorcio para a Promoción da Música destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente poderá realizarse o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Consorcio para a Promoción da Música deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Consorcio para a Promoción da Música poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a

subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Consorcio para a Promoción da Música queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Consorcio para a Promoción da Música serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de

axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Consorcio para a Promoción da Música será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de e 2022** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2021.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2022, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do Consorcio para a Promoción da Música, realizada alomenos un mes antes da fin da vixencia do convenio, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicararanse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderase crear unha comisión de seguimento formada por dúas persoas representantes de cada unha das institucións.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

4.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a Programación do ano 2021.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (12 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa, por importe de **60.000 €**, á Real Academia Galega para cofinanciar a *Programación do ano 2021*, cun orzamento subvencionado de 75.000 €, de acordo co texto que se achega.

2.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio 2022 autorice o correspondente Orzamento.

“ Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega para financiar a *Programación do ano 2021*.

Na Coruña, a

REUNIDOS

D/Dna. _____, en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña.

D/Dna. _____, en nome e representación da Real Academia Galega.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecéndose recíprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

1.- A Real Academia Galega é unha institución científica, con personalidade xurídica propia, que ten como obxectivo fundamental o estudo da cultura galega e

especialmente a ilustración, defensa e promoción do idioma galego, tal e como consta nos estatutos vixentes, aprobados por Real decreto 271/2000, do 25 de febreiro.

2.- De conformidade co artigo 2 dos Estatutos, son finalidades da Real Academia Galega:

- a) Establecer as normas referidas ao uso correcto da lingua galega, conforme ao disposto na Lei 3/1983, de 15 de xuño, de Normalización lingüística en Galicia, do Parlamento de Galicia.
- b) Estudar e propoñer a restauración da onomástica galega.
- c) Velar polos dereitos do idioma galego.
- d) Defender e promover o idioma galego.
- e) Asesorar aos poderes públicos e institucións sobre temas relacionados co uso correcto da lingua e coa súa promoción social.
- f) Estudar e dar a coñecer o patrimonio literario e documental da institución.
- g) Decidir a personalidade literaria á que cada ano se lle dedica o día das letras galegas.

3.- De conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, de Administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura.

4.- Neste ano cúmprese os cen anos do pasamento de Emilia Pardo Bazán e a Real Academia Galega, titular da “Casa-Museo Emilia Pardo Bazán”, como herdeira, por legado testamentario de Blanca Quiroga Pardo-Bazán, da casa da escritora, co seu mobiliario e obxectos, da súa biblioteca e o seu arquivo, que se custodia na súa sede da rúa de Tabernas, súmase aos actos que en Galicia conmemorarán ese centenario, organizando un Congreso Internacional “Emilia Pardo Bazán, 100 anos despois”, continuación dos Simposios e Congresos que, promovidos pola RAG, tiveron lugar en A Coruña en 2004, 2005, 2006, 2007 e 2008.

5.- A Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega coinciden no seu común interese en realizar este proxecto cultural e, por iso, acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da **Real Academia Galega**, con CIF: Q1568003F, fixando as condicións que se impoñen por

esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial da *Programación do ano 2021*, que se indica deseguido:

Actividade 1: Centenario Emilia Pardo Bazán. Congreso e páxina web

Actividade 2: Sinalarium. Casa-Museo Emilia Pardo Bazán”

Actividade 3: Estudo sociolingüístico: Prácticas lingüísticas na infancia nos diferentes contextos de socialización. Avaliación da efectividade das políticas lingüísticas de infantil e primaria do periurbano galego. Finalización do estudo e publicación dos traballos.

Actividade 4: Primavera das Letras

Actividade 5: Publicación do Boletín da Real Academia Galega número 381, dedicado a Ricardo Carballo Calero

Gastos indirectos.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

A Real Academia Galega desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Actividade 1: Centenario Emilia Pardo Bazán. Congreso e páxina web

* Organización	1.200,00
* Relatorios	4.700,00
* Aloxamento, viaxes, desprazamentos... (axencia)	7.900,00
* Streaming, servizos telemáticos e publicación dixital	5.500,00
* Elaboración web e deseño de imaxe e cartelería	3.500,00
* Imprevistos	1.800,00

Total actividade 1: 24.600,00 €

Actividade 2: Sinalarium. Casa-Museo Emilia Pardo Bazán

* 1 Técnica en museos (media xornada, 6 meses): actividades didácticas, expositivas, difusoras e dinamizadoras.	7.100,00
---	----------

Total actividade 2: 7.100,00 €

Actividade 3: Estudo sociolingüístico. “Prácticas lingüísticas na infancia nos diferentes contextos de socialización. Avaliación da efectividade das políticas lingüísticas de infantil e primaria do periurbano galego. Finalización do estudo e publicación dos traballos”

* 1 Técnico en sociolingüística (media xornada, 7 meses)	7.600,00
* Maquetación e impresión do estudo	2.500,00
* Divulgación: participación en congreso	180,00
<i>Total actividade 3: 10.280,00 €</i>	

Actividade 4: Primavera das Letras.

* Fichas didácticas:	9.801,00
FICHA 1. Xela Arias, o mundo escríbese con X	
FICHA 2. Mans para facer praias	
FICHA 3. Esas fábricas de papel e soños	
FICHA 4. A palabra no cribo	
FICHA 5. A poesía é un tigre sen paraugas	
* Temáticas interactivas:	5.203,00
A fraga dos paxaros faladores e a fraga leopardicia	
Conciliar, e iso que é?	
Do Polycomander ao Prestige	
Videopoemas	
Vigo, cidade de Xela	
Música para unha vida	
Granxa escola de Barreiros	
Sarria, a segunda casa	
Os nomes en galego	
Facemos un fanzine	
* Certame “Contádenos o voso Día das Letras”:	
organización, edición e gravación do certame cos centros de primaria	3.872,00
* Gastos audiovisuais e de son (gravación, edición e posproducción vídeo Primavera das Letras; alugueiro de equipo de megafonía presentación Primavera 2021	780,45
* Gastos de papelería e similares	150,00
* Libros de agasallo Certame “Contádenos o voso Día das Letras Galegas”	900,00
<i>Total actividade 4: 20.706,45 €</i>	

Actividade 5: Publicación do Boletín da Real Academia Galega número 381, dedicado a Ricardo Carballo Calero

* Maquetación e impresión BRAG	2.700,00
<i>Total actividade 5: 2.700,00 €</i>	

Gastos Indirectos: 9.613,55 €

Total gastos: 75.000,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **60.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 80,00 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Real Academia Galega obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustifico, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Real Academia Galega.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á Real Academia Galega, nin con calquera outra na que concorran algunhas das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Real Academia Galega deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Real Academia Galega.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada á Real Academia Galega unha vez que se presente de xeito **telemático** (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria** de actuación, suscrita polo representante legal da Real Academia Galega, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2021.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.

* **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2021**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Real Academia Galega deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2022**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibida xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á Real Academia Galega para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Real Academia Galega da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Real Academia Galega na documentación aportada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Real Academia Galega terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de interés legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Real Academia Galega deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Real Academia Galega destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Real Academia Galega deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Real Academia Galega poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Real Academia Galega queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo

dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Real Academia Galega serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no precepto e co debido respecto á protección de datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantías dos dereitos dixitais, en tanto non se opoña ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se Derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos).

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Real Academia Galega será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **30 de maio de 2022** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2021.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio 2022, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Real Academia Galega, realizada alomenos dous meses antes

da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicararanse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

5.- Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación Banco de Alimentos Rías Altas para o cofinanciamento da Adquisición de alimentos de primeira necesidade e contratación de persoal e do correspondente convenio de colaboración

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (12 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade,

igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de **70.000,00 €**, á Asociación Banco de Alimentos Rias Altas para cofinanciar a *Adquisición de alimentos de primeira necesidade e contratación de persoal* cun orzamento subvencionado de 129.672,19 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

3.- Incluir a dita subvención no Plan Estratéxico Provincial de Subvencións 2020/2022, da Deputación da Coruña.

4.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2022, autorice o correspondente Orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Banco de Alimentos Rias Altas polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da Adquisición de alimentos de primeira necesidade e contratación de persoal.

Na Coruña, a

REÚNENSE

D/Dna. _____ en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna. _____ en nome e representación da Asoc. Banco de Alimentos Rias Altas

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

EXPOÑEN

1.- Que a Asociación Banco de Alimentos Rias Altas é unha entidade sen ánimo de lucro, que conforme aos seus estatutos, no artigo 5, ten como fins recadar alimentos da sociedade, principalmente dos de carácter excedentario como medio de solidariedade cos necesitados, almacenándoos para a súa posterior doazón. Proporcionar os alimentos doados ás institucións e centros asistenciais da Provincia da Coruña que mostren a súa necesidade. Promover a participación do voluntariado para os dous fins anteriores.

Estes destinatarios finais son as “persoas mais desfavorecidas”, as persoas físicas,

familias ou agrupacións cuxa situación de dependencia económica está recoñecida polas autoridades competentes.

As principais actuacións da entidade perseguen os obxectivos de desenvolvemento sostible: fin da pobreza, fame cero, saúde e benestar, redución das desigualdades.

2.- No ano 2020, o Banco de Alimentos Rias Altas repartiu 2.680.498 Kg/l de alimentos entre 182 entidades sociais, atendendo a 24.822 beneficiarios.

3.- Decretado o estado de alarma e pola crise sanitaria, a demanda aumentou debido a que unha gran cantidade de familias viron reducidos os seus ingresos drasticamente; esta situación provocou un alto aumento nas peticións de axuda, as cales canalízanse principalmente a través dos Servizos Sociais dos concellos da Coruña, Ferrol e Santiago de Compostela.

Os datos globais deste aumento ascenden aproximadamente a un total de 1.800 familias, que supoñen preto de 5.000 beneficiarios máis.

4.- Que a Deputación da Coruña é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de Bases de Réxime Local 7/85 de 2 de abril, art. 36 e coa Lei de Admón. Local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así como co disposto na Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008, art. 61 a 63.

5.- Que, dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Asociación Banco de Alimentos Rias Altas, ambas as dúas partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da **Asociación Banco de Alimentos Rias Altas**, con CIF G70260906, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial da **Adquisición de alimentos de primeira necesidade e contratación de persoal**.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a Asociación Banco de Alimentos Rias Altas.

A Asociación Banco de Alimentos Rias Altas levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Concepto	Importe
----------	---------

Adquisición de alimentos de primeira necesidade		102.672,19 €
Gastos 2 coordinadoras	Soldos e salario	20.400,00 €
	Seguridade Social	6.600,00 €
Total		129.672,19 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **70.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe de 53,98%.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 53,98 %, da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Banco de Alimentos Rias Altas obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Asociación Banco de Alimentos Rias Altas.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación Banco de Alimentos Rias Altas, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Asociación Banco de Alimentos Rias Altas deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores.

Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades da Asociación Banco de Alimentos Rias Altas, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación Banco de Alimentos Rias Altas.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación Banco de Alimentos Rias Altas unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria de actuación**, subscripta polo representante legal da Asociación Banco de Alimentos Rias Altas, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados,(con IVE e Sen IVE) no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2021.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2021**.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Asociación Banco de Alimentos Rias Altas deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2022**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación Banco de Alimentos Rias Altas para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación Banco de Alimentos Rias Altas da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Banco de Alimentos Rias Altas.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Asociación Banco de Alimentos Rias Altas terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1. A Asociación Banco de Alimentos Rias Altas deberá acreditar, con carácter previo á

sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1. A Asociación Banco de Alimentos Rias Altas destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Banco de Alimentos Rias Altas deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Banco de Alimentos Rias Altas poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Banco de Alimentos Rias Altas queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Banco de Alimentos Rias Altas serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Banco de Alimentos Rias Altas será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2022** e terá

efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse feito desde o **1 de xaneiro de 2021**.

Esta vixencia queda subordinada á existencia de crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2022 autorice o correspondente Orzamento.

2. Previa solicitude da Asociación Banco de Alimentos Rias Altas, realizada alomenos un mes antes da fin da vixencia do convenio, poderá ser prorrogado o convenio por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

6.- Aprobación do PLAN DE INVESTIMENTOS 2021, CUARTA FASE

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (12 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1º.- Modificar a TERCEIRA FASE DO PLAN DE VIAS PROVINCIAIS 2018 aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 25 de maio de 2018, no sentido que o proxecto DP 7804 VAL DO DUBRA A SANTIAGO, ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO E AFIRMADO P. K. 18+690 AO 22+223 (SANTIAGO DE COMPOSTELA) por importe de 913.410,49, déixase sen efecto para incluír un novo proxecto que se adapta ás necesidades xurdidas.

2º.- Aprobar o Proxecto de Actualización do de DP 7804 VAL DO DUBRA A SANTIAGO, ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO E AFIRMADO P. K. 18+690 AO 22+223 (SANTIAGO DE COMPOSTELA), código 2021.1110.0004.0, cun orzamento de contrata de 1.167.967,70 €, integrándose na CUARTA FASE DO PLAN DE VIAS PROVINCIAIS 2021, que é así mesmo é obxecto de aprobación.

3º.- Expoñer ao público o proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, consideraranse definitivamente aprobados.

4º.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

(Incorpórase á sesión o Sr. González Cacheiro).

7.- Aprobación técnica do PLAN DE INVESTIMENTOS 2021, QUINTA FASE

INTERVENCÍONS

Sr. Ben Otero

Buenos días, presidente, compañeros y compañeras de Corporación.

Nosotros vamos a votar a favor de este punto, pero queríamos dejar constancia de que el informe presenta una serie de deficiencias que vienen siendo recurrentes en esta área que nos gustaría que en adelante se subsanaran y que se tramitaran con mayor diligencia de ahora en adelante en la tramitación administrativa.

En todo caso, también me gustaría hacer mención al último apartado del informe que dice textualmente lo siguiente: "Teniendo en cuenta que el criterio que debe primar a la hora de distribuir los fondos destinados a la mejora de las carreteras provinciales no debe ser otro que la protección de la ciudadanía, debería elaborarse un programa de inversiones que abarque las anualidades que se consideren

necesarias –3, 4, 5– a fin de que se conozca en cada ejercicio las actuaciones a realizar, la necesidad de los trámites a llevar a cabo para su consecución, redacción del proyecto, expropiación, autorizaciones, etcétera, y la prevalencia de unas inversiones sobre otras con el único criterio de la seguridad vial. Esta programación optimizaría además de disponibilidades presupuestarias y la gestión administrativa”.

Quiero poner de relevancia esto porque concuerda en gran medida con una moción que presentamos nosotros hace unos meses aquí, que no tuvo el respaldo de la Corporación pero, en todo caso, me satisface personalmente y en nombre de mi Grupo que un técnico de la relevancia y la trayectoria del interventor, el señor Pardellas, concuerda con nosotros en este tema.

Nada más y muchas gracias. Nuestro voto va a ser a favor.

Sr. Presidente

Nosotros también tomamos nota lógicamente de esas aportaciones que hace la Intervención, pero bueno en la política viaria de esta Diputación no solo influye el factor de la seguridad vial, es el prioritario, sin duda, pero hay otros factores de carácter estratégico, otros factores de estrategia económica, factores de movilidad, factores de comunicación entre localidades que, lógicamente también se deben tener en cuenta en la política viaria de esta casa. Pero, lógicamente, tomamos nota de ello.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar tecnicamente os proxectos incluídos no Plan de INVESTIMENTO EN VIAS PROVINCIAIS 2021 QUINTA FASE cun orzamento total de 2.168.912,05.- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/60900 que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACION	CONCELLO	PRESUPOSTO	EXPROPIACION
2021.1110.0005.0	DP 3104 VARIANTE AEROPORTO DE ALVEDRO: ACONDICIONAME NTO E MELLORA DA SEGURIDADE VIAL EN LIÑARES	CULLEREDO	553.442,41 €	11.899,97 €
2021.1110.0006.0	DP 9203 CAXADAS A BAIÑAS, SENDA PQ 0+000 A 1+940	VIMIANZO	1.615.469,64 €	248.239,21 €

	E AMPLIACIÓN E MELLORA TRAZADO ENTORNO PQ 4+500			
--	---	--	--	--

2.- Iniciar os trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución das seguintes obras:

CÓDIGO	DENOMINACION	CONCELLO	PRESUPOSTO	EXPROPIACION
2021.1110.0005.0	DP 3104 VARIANTE AEROPORTO DE ALVEDRO: ACONDICIONAME NTO E MELLORA DA SEGURIDADE VIAL EN LIÑARES	CULLEREDO	553.442,41 €	11.899,97 €
2021.1110.0006.0	DP 9203 CAXADAS A BAIÑAS, SENDA PQ 0+000 A 1+940 E AMPLIACIÓN E MELLORA TRAZADO ENTORNO PQ 4+500	VIMIANZO	1.615.469,64 €	248.239,21 €

3.- Expoñer ao público os Proxectos mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, consideraranse definitivamente aprobados.

4.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

8.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela, xunto cos Ilustres Colexios de Avogados e de procuradores de Santiago de Compostela, para financiar os gastos de realización de prácticas de alumnos/as, das actividades formativas que imparte ou nas que colabora a Escola de Práctica Xurídica nos concellos da provincia da Coruña, e adquisición do material necesario para a súa execución. Ano 2021

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei Xeral de Subvencións e 65 a 67 do seu Regulamento.

2º.- **Non ter en conta**, con carácter excepcional, o principio de imputación temporal de gasto, de conformidade co establecido no art.176 do texto refundido da Lei de Facendas Locais

3º.- **Aprobar** o texto e a formalización do Convenio de Colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela e dos Ilustres Colexios de avogados e de procuradores de Santiago de Compostela para financiar os gastos de realización de práctica xurídica da Universidade de Santiago nos departamentos de urbanismo dos concellos da provincia e adquisición de material necesario para a súa execución na anualidade 2021, cunha achega provincial de **48.000,00 euros** con cargo á aplicación orzamentaria 0112/462/45390, que representa un coeficiente de financiamento do 100,00% do orzamento, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2021.e validar as actuacións, de conformidade co establecido no artigo 217.1 do R.D.L. 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA XUNTO COS ILUSTRES COLEXIOS DE AVOGADOS E DE PROCURADORES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA FINANCIAR OS GASTOS DE REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DE ALUMNOS/AS DAS ACTIVIDADES FORMATIVAS QUE IMPARTE OU NAS QUE COLABORA A ESCOLA DE PRÁCTICA XURÍDICA NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA E ADQUISICIÓN DO MATERIAL NECESARIO PARA A SÚA EXECUCIÓN. ANO 2021

Na Coruña, a ____ de ____ de 2021

REÚNENSE

Dunha parte, o representante da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte, o representante da Universidade de Santiago de Compostela,

E doutra parte o representante do Ilustre Colexio de Procuradores de Santiago de Compostela.

Todas as partes recoñécense capacidade para asinar o presente convenio de colaboración e a tal efecto.

MANIFESTAN

PRIMEIRO.- A Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela foi creada pola Universidade en colaboración cos Ilustres Colexios de Avogados e de procuradores de Santiago de Compostela como o centro de especialización profesional a través do cal estas institucións ofrecen aos licenciados e graduados en Dereito, a formación práctica necesaria no ámbito do dereito público e do dereito privado, para facilitar a súa incorporación ao mercado laboral propio das profesións xurídicas e, máis en particular, cara ao exercicio da avogacía e da procuradoría.

A Escola colabora nas labores de actualización de coñecementos dos profesionais en exercicio (formación continua) e dos alumnos da licenciatura e do grao en Dereito (practicum), participando tamén no Máster universitario en avogacía que imparten en Santiago a USC e o ICA de Santiago, e no programa Superior de Excelencia en Práctica Xurídica que imparte o ICA de Santiago, entre outras actividades.

Un xeito de realizar estas prácticas é o coñecemento dos problemas mediante supostos concretos e reais que se poidan prestar na actuación ordinaria das persoas físicas e xurídicas.

SEGUNDO.- A Deputación da Coruña é consciente de que os concellos da provincia, dentro da ampliación dos seus servizos á comunidade e fundamentalmente na área de urbanismo, veñen precisando a colaboración de licenciados e graduados en Dereito que realicen labores de asesoramento en diversas materias relativas ao desenvolvemento da súa actividade ordinaria.

TERCEIRO.- Consideran as partes asinantes de gran importancia, poñer en execución un plan conxunto que permita proporcionar práctica xurídica nas diversas ramas do Dereito ao alumnado das diferentes actividades formativas que imparte e colabora a Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela, ao tempo que se contribúe ao fortalecemento dos servizos urbanísticos e departamentos relacionados dos concellos da provincia da Coruña.

CUARTO.- A Deputación da Coruña ten entre os seus obxectivos un modelo de desenvolvemento baseado na colaboración cos municipios, no que as políticas que se van desenvolver han de estar lóxicamente ligadas a eles. Deben ser os concellos os que lles ofrezan servizos públicos que proporcionen un maior benestar e unha mellor calidade de vida aos seus veciños.

Son pois, os concellos, a Administración máis próxima ao cidadán, os que han de dar resposta en primeira instancia ás súas necesidades. É por isto que o esforzo da Deputación debe estar destinado a apoiar e colaborar cos concellos, sobre todo nun tema tan importante como é o urbanismo.

Que o artigo 193 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establece que as entidades locais galegas axeitarán a súa actuación aos seguintes principios: b) A colaboración, a cooperación e o auxilio que puidesen precisar

coxunturalmente para o eficaz cumprimento das súas tarefas.

Así mesmo o artigo 195 da mesma Lei 5/1997 sinala que a colaboración e a cooperación poderán realizarse mediante: h) A subscrición de convenios.

QUINTO.- Mediante este Acordo, a Deputación da Coruña financiará as prácticas nos servizos de urbanismo dos concellos da provincia da Coruña, que previa subscrición do correspondente convenio coa Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela, acollan no seu seo aos alumnos das actividades formativas da mesma, encargándolles a realización de estudos, informes, escritos, consultas, xestións de expedientes, etc, en determinadas materias que sirvan, dun lado, para a práctica xurídica dos alumnos e, ao mesmo tempo, resulten de utilidade para os Departamentos de Urbanismo e servizos relacionados dos concellos.

En consecuencia co anteriormente exposto, ambas partes formalizan o presente Convenio de colaboración con suxeición ás seguintes:

CLÁUSULAS

I OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer a colaboración entre as partes para a execución dun plan conxunto, que permita proporcionar práctica xurídica e especialización profesional en Urbanismo e Administración local, para o ano 2021, ao alumnado das diferentes actividades formativas que imparte ou nas que colabora a Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela, á vez que se contribúe ao fortalecemento dos servizos urbanísticos e departamentos relacionados dos concellos da provincia da Coruña, reforzando unha das carencias postas de manifesto polos concellos e colaborando a un cambio cara a un urbanismo e servizos de calidade, no que a formación é prioritaria.

Como regra xeral, o número de alumnos/as que realizarán as ditas prácticas será de 20 alumnos/ mes durante un período ordinario de catro meses ao ano; período que se concretará en cada caso dacordo coas necesidades e as dispoñibilidades de cada concello. Excepcionalmente, cando o titor designado por un concello e a dirección da Escola consideren máis conveniente para un mellor aproveitamento das prácticas proceder a súa concentración nun período de tempo inferior ó ordinario de catro meses/ano, poderase acordar realizalas nun período mínimo de tres meses. En tal caso, debe garantirse que o número de horas totais a realizar polo alumno/a non será inferior ás que faría de seguirse o sistema ordinario ou xeral.

II ORZAMENTO

A Deputación da Coruña comprométese ao financiamento do orzamento da actividade que ascende a un total de 48.000 euros para o ano 2021, o que representa un coeficiente de financiamento do 100%. Dacordo co seguinte detalle desagregado:

A GASTOS DE DESPRAZAMENTOS, MANUTENCIÓN,... DOS ALUMNOS: 36.000 €, para o ano 2021, e se distribúen da seguinte maneira:

CONCEPTO ANO 2021	NÚMERO ALUMNOS	IMPORTE ALUMNO/MES	IMPORTE max. TOTAL
----------------------	-------------------	-----------------------	-----------------------

MES UNO	20	450 €	9.000 €
MES DOS	20	450 €	9.000 €
MES TRES	20	450 €	9.000 €
MES CUATRO	20	450 €	9.000 €
TOTAL			36.000 €

Indemnización de 450 € ao mes, que se poderá distribuír pola dirección da Escola de xeito que cada alumno cobre un mínimo de 400 € ao mes, repartíndose os 50 € restantes entre todos/as alumnos/as , en función da quilometraxe.

B GASTOS DE COORDINACIÓN, INFRAESTRUCTURA E XESTIÓN: 4.000 € para o ano 2021, e se distribúen da seguinte maneira:

CONCEPTO ANO 2021	DURACIÓN	IMPORTE /MES	IMPORTE TOTAL
Ano 2021	4 MESES	1.000 €	4.000 €

C GASTOS DE ADQUISICIÓN DE MATERIAL: 5.000 € para o ano 2021, e se distribúen da seguinte maneira:

CONCEPTO ANO 2021	MATERIAL	IMPORTE TOTAL
Ano 2021	Material necesario para desenvolver a actividade, tal como fotocopiado para o alumnado de material didáctico e de material necesario para a realización das prácticas, bibliografía, códigos legislativos, material informático funxible, papelería, material de escritura, etc.	5.000 €

D COSTES DE FORMACIÓN: 3.000 € para o ano 2021.

TOTAL GASTOS: 48.000 Euros

III FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE.

- 1 A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 48.000 euros para o ano 2021, o que representa unha porcentaxe do 100%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a

- Deputación só achegará o importe da cantidade efectivamente xustificada.
- 2 Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao cobro da mesma.
 - 3 O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0112/462/453.90 partida na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
 - 4 Para a anualidade 2021 existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial.
 - 5 En ningún caso será posible a concorrencia desta axuda con outras xa que se financia o 100% do custo efectivamente realizado.

IV.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

- 1 Na publicidade pola que se de a coñecer a realización das actividades, ben sexa polos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
 - 2 Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga por parte da Universidade da Santiago de Compostela a través da Escola de Práctica Xurídica da Universidade de Santiago de Compostela e dos ilustres colexios profesionais.
- 3

V DESIGNACIÓN DE ALUMNOS, COORDINACIÓN, DESENVOLVEMENTO E OBRIGA DAS PARTES.

A Universidade de Santiago de Compostela a través da Escola de Práctica Xurídica, designará de entre o alumnado das diferentes actividades formativas que imparte e colabora, os alumnos máis Idóneos para a realización das prácticas no seo das Concellarías de Urbanismo e servizos relacionados dos concellos cos que subscriba o correspondente convenio. A designación efectuarase de acordo cos criterios de distribución acordados previamente entre ambas partes, e deberá contar coa conformidade do representante da institución receptora.

O labor realizado polos alumnos non terá en ningún caso carácter vinculante para a institución que os acolle.

Os concellos poderán utilizar todo o material, estudos, análises, etc, que sexan realizados polos alumnos ao longo da experiencia profesional.

VI COORDINACIÓN.

Para levar adiante a posta en práctica deste convenio, a dirección do traballo, o seguimento e asesoramento do alumnado, a coordinación da distribución do alumnado nas dependencias das Concellarías de Urbanismo e servizos relacionados dos concellos e a procura da súa mellor estancia e do correcto aproveitamento deste plan, por parte da Escola de Práctica Xurídica actuarán como coordinadores o seu Director e a profesional colaboradora D^a María Dolores Méndez Torres. Así mesmo, por parte da Deputación actuará como coordinador o xefe do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación D. Luis Jaime Rodríguez Fernández.

VII DESENVOLVEMENTO.

O número de alumnos que as Concellarías de Urbanismo e servizos relacionados dos concellos admitan anualmente para a consecución dos obxectivos previstos neste convenio, así como a duración do período de prácticas a realizar polos alumnos nos correspondentes servizos dependentes dos concellos, o horario no que se efectuarán as mesmas e a labor concreta que desenvolverán, estableceranse de mutuo acordo polas partes asinantes.

A Universidade de Santiago de Compostela a través da Escola de Práctica Xurídica, remitirá á Deputación da Coruña, un exemplar dos convenios que, a súa vez asine cos concellos da provincia da Coruña, para a posta en marcha desta actividade.

Rematado o período de prácticas, os concellos expedirán un certificado acreditativo do grao de cumprimento das obrigas e dos traballos encargados aos alumnos. Este certificado será tido en conta nas diferentes actividades formativas que imparte e colabora a Escola.

VIII COMPROMISO DAS PARTES.

A GASTOS DE DESPRAZAMENTO, MANUTENCIÓN, DOS ALUMNOS:

A Deputación da Coruña financiará anualmente as prácticas nos servizos de urbanismo e relacionados dos concellos da provincia da Coruña, que previa subscripción do correspondente convenio coa Universidade de Santiago de Compostela a través da Escola de Práctica Xurídica, acollan no seu seo aos alumnos das actividades formativas que imparte ou nas que colabora, encargándolles a realización de estudos, informes, escritos, consultas, xestións de expedientes, etc, en determinadas materias que sirvan, dun lado, para a práctica xurídica dos alumnos e, ao mesmo tempo, resulten de utilidade para os Departamentos de Urbanismo e servizos relacionados dos concellos, reforzando así unha das carencias nos seus servizos postas de manifesto polos concellos

A Deputación da Coruña financiará as prácticas nos servizos de urbanismo e servizos relacionados dos concellos da provincia da Coruña ata un máximo de **36.000 €** en concepto de gastos de desprazamentos, manutención..... dos alumnos. Como regra xeral, o número de alumnos que realizarán as ditas prácticas será de 20 alumnos/mes, establecéndose un importe por cada alumno en concepto de indemnización /gastos de desprazamentos e manutención) de 450 € ao mes; indemnización que se poderá distribuír pola dirección da Escola de xeito que cada alumno cobre un mínimo de 400 € ao mes, repartíndose os 50 € restantes entre todos/as alumnos/as, en función do quilometraxe.

Dependendo das ocupacións formativas dos alumnos e da dispoñibilidade dos concellos a cifra de alumnos/mes poderá ser superior ou inferior á de 20, en tal caso a Escola de Práctica Xurídica debe garantir que ao final da anualidade a cifra resultante de alumnos que realizaron as prácticas é equivalente a de 20 alumnos x mes x 4 meses x 450 €/alumno/a, isto é, a 36.000 €. De superarse a dita cantidade

en cómputo anual a Deputación non satisfará as cantidades a maiores, e de resultar inferior a Deputación ingresará a Escola a cantidade realmente certificada.

Estas cantidades serán pagadas aos alumnos pola Universidade de Santiago de Compostela a través da Escola de Práctica Xurídica unha vez sexa ingresado o seu importe na conta da Universidade de Santiago- Escola de Práctica Xurídica, sendo necesaria, asemade da xustificación do Director da Escola, unha certificación expedida polo xefe do correspondente servizo da Universidade para acreditar que as ditas cantidades foron transferidas ás contas dos alumnos (detallando cantidades concretas percibidas por cada alumno).

A Deputación abonará anualmente dito importe á Universidade de Santiago - Escola de Práctica Xurídica, previa xustificación da actividade realizada en cada mes. A achega realizarase polo número real de alumnos que realicen as prácticas no período correspondente

Excepcionalmente, cando o titor designado por un concello e a dirección da Escola consideren máis conveniente para un mellor aproveitamento das prácticas proceder a súa concentración nun período de tempo inferior ó ordinario **de catro meses/ano**, poderase acordar realizalas nun período mínimo de tres meses. En tal caso, debe garantirse que o número de horas totais a realizar polo alumno non será inferior ás que faría de seguirse o sistema ordinario. As cantidades establecidas en concepto de indemnización para cobrar polo alumno durante o período ordinario, satisfaranse na súa totalidade ao rematar o período excepcional. Para o ano 2021 as partes acordan que as prácticas dos alumnos se concentren nun período de catro meses, no período establecido durante un mínimo de tres días laborales á semana é un máximo de cinco, a razón dun mínimo de cinco horas ao día e un máximo de sete. O número mínimo de días de prácticas durante o período total de catro meses non poderá ser inferior a 50, nin o número de horas inferior ás 250.

B GASTOS DE COORDINACIÓN, INFRAESTRUCTURAS E XESTIÓN:

Así mesmo establécese a cantidade de 1.000 € ao mes, durante un período de catro meses, como contribución aos gastos de coordinación, apoio a administración e material funxible (4.000 €) que xerará a posta en funcionamento e mantemento da actividade obxecto do convenio. O dito importe abonarase pola Deputación á Universidade de Santiago- Escola de Práctica Xurídica, tras xustificación da actividade realizada.

A xustificación destes gastos farase mediante certificación expedida polo Director da Escola de Práctica Xurídica, xunto os correspondentes documentos acreditativos dos gastos realizados de xeito que poidan comprobarse os gastos directamente relacionados coas prácticas, que se distribuirán da seguinte maneira:

- a.a Compensación económica aos coordinadores do convenio por parte da Escola, polas horas investidas nas tarefas específicas de publicidade do convenio, selección do alumnado, reunións co alumnado seleccionado,

acompañamento do alumnado á presentación das prácticas, seguimento da opinión dos titores e dos alumnos, resolución de posibles incidencias, lectura diaria dos informes dos alumnos e mensual dos informes dos titores, organización e seguimento das actividades de formación específica, etc.

a.b Compensación económica ao persoal administrativo, encargado de recoller diariamente os informes dos alumnos relativos á asistencia e contidos das prácticas, comunicar incidencias á coordinación, elaborar (baixo a dirección da coordinación) e enviar diferentes documentos a titores e alumnos, control da formación.

a.c Uso de instalacións e servizos correntes, na proporción correspondente.

C GASTOS DE ADQUISICIÓN DE MATERIAL:

A Deputación financiará cunha cantidade anual (2021) de 5.000 €, a adquisición do material necesario para desenvolver a actividade, tal como gasto de fotocopiado e as prácticas do alumnado, adquisición de bibliografía de consulta e de coleccións de códigos normativos tanto para uso colectivo como individual do alumnado, material informático funxible como discos duros, memorias USB, fundas e cableado de alimentación de ordenadores portátiles e outro para uso do alumnado, papelería, axendas e material de escritura, e outro material específico destinado a ser utilizado polo alumnado nas prácticas que redunden no seu beneficio; o material terá obrigatoriamente carácter funxible, non inventariable.

No suposto de que os gastos xustificados foran superiores, a Deputación aportará ata a cantidade máxima de 5.000 € para o ano 2021.

A xustificación destes gastos farase mediante copia compulsada das facturas e informe do Director da Escola de Práctica Xurídica.

D GASTOS DE FORMACIÓN:

A Deputación financiará cunha cantidade de 3.000 € unha parte dos custos da formación dos alumnos na materia urbanística que levará a cabo a Escola.

A xustificación destes gastos farase mediante certificación expedida polo Director da Escola de Práctica Xurídica, que poderá ser ratificada, no seu caso, polos órganos competentes da Universidade e coa ahega dos correspondentes documentos acreditativos dos gastos realizados, de xeito que poida comprobarse que se trata de gastos relacionados coas prácticas.

Acreditarase, asemade do anterior, que os gastos son específicos para a realización das prácticas en virtude deste convenio e que non se trata de formación

incluída no mestrado de avogacía do que proceden os alumnos que se seleccionan para as prácticas e polo que xa aboaron o prezo correspondente. Para os criterios de selección e as condicións de formación rexerán os apartados que seguen:

- a Que os alumnos poder ser seleccionados do mestrado oficial en avogacía no que participa a Escola ou de calquera outra formación que imparta ou na que colabore a Escola, dependendo das circunstancias de cada momento, conforme permite o convenio.
- b Que os alumnos seleccionados reciben unha formación específica para afrontar nas mellores condicións posibles as tarefas que se indican na manifestación quinta do convenio.
- c Que esta formación específica é impartida por profesionais de prestixio e ampla experiencia profesional, en aulas e con medios materiais e informáticos destinados especificamente para a formación destes alumnos.
- d Que esta formación é independente da que reciben nas ensinanzas das que proceden e de onde son seleccionados.
- e A xustificación farase por medio de certificación do director onde se indiquen os contidos impartido, os docentes que os impartiron, os alumnos asistentes, e o pagamento realizado aos docentes; así como unha xustificación efectuado polo xefe do servizo correspondente da universidade das transferencias realizadas a cada docente en compensación da docencia impartida.

Os alumnos terán un seguro médico e de accidentes que será a cargo da Universidade de Santiago de Compostela a través da Escola de Práctica Xurídica e que cubrirá estas continxencias.

A Universidade de Santiago de Compostela a través da Escola de práctica xurídica comprométese, de ser necesario, a designar a profesionais ou colaboradores da mesma para as labores de dirección, seguimento e asesoramento do alumnado, co obxecto de facer posible o correcto desenvolvemento das tarefas adscritas a este convenio.

O nomeamento do alumno en prácticas non establece ningunha relación laboral ou funcional coa Universidade de Santiago, co Colexio de Avogados de Santiago nin coa Deputación de Coruña ou cos concellos, e non implica ningún compromiso en canto á posterior incorporación dos seus beneficiarios ao cadro de persoal da Universidade de Santiago de Compostela, do Colexio de Avogados de Santiago, nin dos concellos e a Deputación da Coruña.

A Universidade de Santiago de Compostela a través da Escola de Práctica Xurídica comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o

que se conceden, e a Deputación da Coruña poderá comprobar, cando o estime pertinente, a execución das actividades obxecto do presente convenio.

IX COMISIÓN DE SEGUIMENTO.

Crearase unha comisión mixta con funcións de seguimento e avaliación do desenvolvemento do convenio, que asumirá, ademais, as funcións de coordinación entre as administracións e institucións asinantes, así como a función interpretadora do citado convenio para resolver cantas dúbidas poidan xurdir na súa execución.

Esta Comisión estará integrada por parte da Deputación da Coruña polo supervisor nomeado para o seguimento das actuacións; por parte dos concellos, polo representante que, no seu caso designen, e por parte da Escola de Práctica Xurídica de Santiago polo seu director e mais polo profesional designado polo centro para colaborar na coordinación da actividade.

X TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

- 1 adicional non eximirá á Universidade de Santiago da sanción que, de conformidade co disposto As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas en cada anualidade alomenos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia a efectos de imputación de gastos do presente convenio establecido no seguinte párrafo e na cláusula DÉCIMOCTAVA.
Polo que se refire a anualidade correspondente ao ano 2021 o convenio terá carácter retroactivo para os efectos de imputación de gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2021, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data, nin posteriores ao 31 de decembro de 2021, debendo estar xustificadas antes do 28 de febreiro de 2022.
- 2 Unha vez rematadas as actividades, a Escola de Práctica Xurídica, a través da Universidade de Santiago, deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula OCTAVA antes do 28 de febreiro de 2022.
A xustificación poderá tamén facerse fraccionada en dous períodos, un antes do 15 de decembro de 2021 e outro antes do 28 de febreiro de 2022; en tal caso, a Deputación realizará o aboamento da subvención conforme as cantidades xustificadas en cada período.
- 3 De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido o prazo sinalado sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Universidade de Santiago para que a presente no prazo improrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo na Lei de subvencións e na Base 55 das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder

- 4 O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Universidade de Santiago de Compostela na documentación achegada. Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que se cobre o importe que lle corresponda, a Universidade de Santiago terá dereito ó aboamento dos xuros de demora, ao tipo de interese legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

XI RESPONSABILIDADE.

O alumnado non asumirá nunca directamente a responsabilidade das labores que realice, senón que deberá actuar sempre baixo a supervisión do persoal designado polo Concello e de ser preciso, polos profesionais colaboradores da Escola de Práctica Xurídica que esta designe.

O feito de que o alumnado realice a súa labor nos concellos, non suporá ningún tipo de responsabilidade para os concellos, nin para a Deputación da Coruña, Universidade de Santiago, Colexio de Avogados de Santiago, Escola de Práctica Xurídica, Director da mesma e profesional designado polo centro para colaborar na coordinación da actividade.

Así mesmo, as partes comprométese a resolver amigablemente as diferenzas que puideren xurdir a través desta comisión de seguimento.

A título enunciativo, esta Comisión terá como funcións facer o seguimento e avaliación do desenvolvemento do convenio, exercitando as funcións de coordinación entre as administracións e institucións, así coma interpretar o convenio e resolver cantas dúbidas poidan xurdir na súa execución.

XII ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL.

- 1 A Universidade de Santiago deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma e coa Seguridade Social. E para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
- 2 A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

XIII DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

- 1 A Universidade de Santiago destinará os fondos recibidos ao pagamento das bolsas e dos xustificantes de gasto presentados.
- 2 Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 euros, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

- 3 Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Universidade de Santiago deberá contar, cando menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

XIV CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

XIV.1 Consorte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Universidade de Santiago poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a aplicación efectiva dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

XIV.2 Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Universidade de Santiago queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, de ser o caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XV REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1 O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2 Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116 de data Luns, 22 de xuño de 2015)

3 Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 1116 de data Luns, 22 de xuño de 2015).

XVI INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

- 1 En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Universidade de Santiago serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro.
- 2 Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
- 3 Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de xuño, de Subvencións, a concesión da subvención á Universidade de Santiago será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal.
- 4 Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XVII NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

- 1 O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
- 2 A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.
- 3 Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio

XVIII VIXENCIA

O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación de gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2021 sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data, nin os posteriores ao 31 de decembro de 2021, debendo estar xustificadas antes do día 28 de febreiro de 2022 e conservando a súa vixencia ata o 31 de marzo de 2022.

Tamén se poderá extinguir a vixencia do convenio polo mutuo acordo das Administracións intervintes, así como por decisión unilateral dalgunha delas cando se produza pola outra un incumprimento grave acreditado das obrigacións asumidas.

Por acordo expreso da ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes preceptivos do Servizo de patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

xix CUMPRIMENTO DO CONVENIO.

O incumprimento de calquera das cláusulas do presente convenio constituirá causa suficiente para a resolución do mesmo.

Este convenio ten carácter administrativo, e as cuestións que poidan xurdir en relación con el serán competencia da xurisdición contencioso-administrativa.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario de data de de 2021.

En proba de conformidade, ambas partes asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data sinalados ao inicio."

9.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Wenceslao Fernández Flórez, relativo á autorización de uso do inmovible que foi propiedade de Don Wenceslao Fernández Flórez en Cecebre

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Deixar sen efecto o texto do convenio aprobado no Pleno do 26 de abril de 2021, e que non chegou a formalizarse.

2.- Aprobado o texto do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Fundación Wenceslao Fernández Flórez, onde se concretan as obrigas das partes, que se acompaña como anexo.

ANEXO

Número /2021

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA

CORUÑA E A FUNDACIÓN WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO INMOBLE QUE FOI PROPIEDAD DE DON WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ EN CECEBRE

Na Coruña, a de de 2021

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____, en representación da Deputación Provincial da Coruña

Doutra parte, D. _____, en representación da Fundación Wenceslao Fernández Flórez.

MANIFESTAN

1.- A Deputación Provincial da Coruña en sesión plenaria celebrada o 11 de xuño de 1.999 aprobou a adquisición mediante compraventa da casa e finca denominada “Puente do Cubo” e “Monte da Fame” en Cecebre, término municipal de Cambre (inmóble que foi propiedade de Wenceslao Fernández Flórez), así como o mobiliario, biblioteca, láminas e debuxos ubicadas no mesmo, aprobando asimesmo o prego de cláusulas particulares que rixe a citada adquisición.

2.- Na cláusula 10 do prego (DESTINO) para a adquisición do citado ben, establecíase:

“A Deputación destinará os bens adquiridos a fins propios da súa competencia (culturais, artísticos, sociais, turísticos, educativos, formativos, etc).”

A Deputación comprometiase a realizar os trámites correspondentes para a conservación, restauración e rehabilitación tanto da casa coma da finca.

Asimesmo a Deputación comprometeuse a facilitar á Fundación Wenceslao Fernández Flórez a utilización dos locais que se adquiriron, ben mediante a integración da Deputación na Fundación, ben de calquera outro xeito que se estime adecuado en dereito, previa tramitación y adopción dos acordos preceptivos.”

3.- A escritura de compraventa formalizouse ante o notario D. Miguel Jurjo Otero, o 9 de xullo de 1.999 (número de protocolo 1806) e mediante resolución da presidencia nº 13.173 de data 5 de xullo de 1.999 aprobouse o pago do prezo de adquisición.

4.- A Fundación Wenceslao Fernández Florez constiuiuse en novembro de 1.998 ante o notario da cidade de Vigo D. Alejo Calatayud Sempere (número de protocolo 3.603).

De acordo cos estatutos aprobados en reunión do padroado o 17 de xaneiro de 2009, e elevados a escritura pública o 12 de xullo de 2011 ante o notario Miguel Jurjo Otero, a Fundación ten por obxecto según o artigo 6 dos seus estatutos:

1.- Fomentar, soste e difundir o interese e reflexión sobre a importancia e

transcendencia temporal da memoria de Wenceslao Fernández Flórez e promover o estudo e divulgación da súa vida e obra.

2.- Conservar como Museo, Biblioteca e mobiliario da casa Villa Florentina, en Cecebre, lugar á que estivo vencellado durante toda a súa vida e na que escribiu grande parte da súa vida e obra.

3.- Manter no mellor estado esta Casa-Museo, os seis xardíns e os demais edificios e eidos adxacentes, tanto n concenrente á súa conservación material como en su disposición para ser visitada por cantos desexan coñecer lo que foi centro espiritual e creador do escritor, que xa forma parte do patrimonio cultural do pobo galego.

4.- Procurar que o labor iniciado por Wenceslao Fernández Flórez no estudo, reflexión e intepretación da natureza e do territorio nos espazos rurais e urbanos de Galicia; na interpretación sobre a súa identidade histórica, e no eido da creación literaria, reciba estímulos para a súa prosecución axeitada. A tal fin, a Fundación artellará os instrumentos e medios materiais e intelectuais necesariso para o desenvolvemento dun Centro de Estudios e Interpretación da Naturaza – CELIA- que atenda á prosecución de tal labor, centrado preferentemente nas ciencias naturais, nas sociais e na creación literari, o cal, formando parte da Fundación, será administrado por ésta, e que se regulará por un Reglamenteo interno que, en ningún caso, podrá contradicir os presentes estatutos e a lexislación vixente.

5.- Coidar da tumba da familia, sitas no Cemeterio de San Amaro na Coruña.

6.- Celebrar, cos actos que se acorden, as dastas conmemorativas de Wenceslao Fernández Flórez e organizar na súa memoria na data que se determine os acontecementos mais relevantes.

7.- Organizar a concesión de premios ou honores que se considere de importancia para a vida e obra do escritor.

8.- Organizar actividades culturais, relacionadas coa promoción e posta en valor da cultura galega e coa obra do escritor no contexto da súa obra.

9.- Servir de Centro de dinamización cultural con capacidade de iniciativa propia e de operatividade nos diferentes aspectos das Artes en Xeral.

10.- Fomentar a actividade cultural enre a xuventude, buscando o xeito de acollelos e encetalos na nosa cultura gallega e nacional.

11.- Fomentar as Artes de expresión como o cine, o teatro, o audiovisula e novas tecnoloxías. Creando e producindo ou premiando tal e como houbese sido feito polo escritor.

As actividades para levar a cabo o fin fundacional concréntanse en:

- Reedición da obra literaria do autor

- Ciclos de conferencias
- Charlas
- Programas de animación á lectura da súa obra
- Ciclos de cine
- Ciclos literarios
- Calquera outra actividade que se considere necesaria para o maior desenvolvemento dos seus fins

5.- A Fundación figura inscrita no rexistro de fundacións de interés galego co número 1998/12 (Orde 27 de xaneiro de 1.999, DOG nº 26 do 9 de febreiro de 1.999).

6.- A Deputación, nos termos da cláusula 10 do prego, considerou necesario autorizar o uso do inmovible á Fundación Wenceslao Fernández Flórez para sí dispor dun foro permanente de difusión da obra do insigne escritor coruñés, creando ademais un centro de atención turística e cultural neste lugar da Fraga de Cecebre que inspirou a obra do Bosque Animado.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto do presente convenio é regular a xestión compartida do inmovible propiedade da Deputación Provincial da Coruña coa Fundación Wenceslao Fernández Flórez, sito en Cecebre, Concello de Cambre, e autorizar o seu uso á citada fundación para a realización das súas actividades, considerando a importante labor que leva a cabo esta fundación na divulgación e estudo da vida e obra de Wenceslao Fernández Flórez.

SEGUNDA.- FINANZAMENTO PROVINCIAL

A Fundación Wenceslao Fernández Flórez, en aplicación deste convenio comprométese ao adecuado uso da Casa Museo Wenceslao Fernández Flórez.

A Deputación asumirá os gastos fixos asociados ao inmovible e os seus suministros básicos ata o importe máximo de 4.000,00 euros, polos seguintes conceptos: auga, luz, teléfono, calefacción e gastos de limpeza.

O citado importe máximo abonarase con cargo á aplicación orzamentaria 0112/3334/22699.

A Fundación asumirá calquera incremento de gastos polos conceptos anteriormente citados.

A estos efectos a Deputación comunicará a citada circunstancia á Fundación para que proceda ao seu abono no prazo máximo dun mes, a contar dende o día seguinte da súa notificación.

Ademais a Deputación da Coruña como titular da propiedade comprométese ao pago dos gastos relativos ao mantemento e conservación da Casa Museo Wenceslao Fernández Flórez.

TERCEIRA.- XESTIÓN COMPARTIDA

A Deputación coma propietaria do inmovible poderá utilizar o mesmo para fins de interés provincial, tales coma realización de exposicións, conferencias, actividades culturais, informativas, divulgación turística, ... etc, compatibilizándoo e compaxinandoo o uso da Deputación coas actividades propias da Fundación.

CUARTA.- COMPROMISOS DA FUNDACIÓN

1.- Os espazos cuxo uso se autoriza á Fundación Wenceslao Fernández Flórez, utilizaranse exclusivamente para os fins obxecto da Fundación. A estes efectos comunicarase con antelación suficiente ao Servizo de Patrimonio e Contratación o programa de actividades de cada trimestre.

2.- En todos os actos que celebre a Fundación ou que se realicen no inmovible cuxo uso se autoriza, farase constar a colaboración de ambas institucións.

3.- A Fundación Wenceslao Fernández Flórez comprométese a manter adecuadamente os espazos que utilice, non podendo realizar obras no inmovible. O Servizo de Patrimonio e Contratación, poderá por si ou a través doutros servizos da Deputación (Arquitectura e Mantemento, Cultura, Deportes e Acción Social, Biblioteca, Arquivo,...) inspeccionar en calquera momento o estado do inmovible e bens adscritos e o cumprimento dos fins do presente convenio.

4.- A entidade beneficiaria realizará actuacións para potenciar a difusión da obra de Wenceslao Fernández Flórez.

5.- A Fundación comprométese a que os fondos bibliográficos sexan consultados dentro do inmovible sin que poidan saír do mesmo sen autorización do xefe do Servizo de Patrimonio e Contratación, previo informe da directora da Biblioteca Provincial. De igual xeito o fondos artísticos propiedade da Deputación non poderán saír do inmovible sen a citada autorización.

QUINTA.- PUBLICIDADE DA COLABORACIÓN.

Todos os eventos e os materiais promocionais deberán incorporar a imaxe institucional da Deputación provincial da Coruña como entidade colaboradora, e que poderán consistir en publicidade activa mediante paneis fixos, carteis, trípticos, camisetas, cuñas radiofónicas, páxinas web, notas de prensa e calesqueira medios a través dos cales se propague información das actividades. O incumprimento das obrigas de publicidade derivadas do presente convenio dará lugar a súa resolución.

SEXTA.- COMISIÓN SEGUIMIENTO

Para o seguimento de control do cumprimento do presente convenio constituirase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das institucións asinantes.

SÉTIMA.- VIXENCIA E PRÓRROGA

O presente convenio terá vixencia dende o 1 de xuño de 2021 ata o 31 de maio de 2022. Non obstante, o presente convenio poderá prorrogarse ata o 31 de maio de 2023.

A Deputación en calquera momento e en función da súas necesidades poderá deixar sen efecto autorización de uso, cun preaviso de 3 meses.

OITAVA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Son cláusulas de resolución do presente convenio:

- O seu incumprimento total ou parcial.
- O incumprimento das obrigas establecidas na cláusula cuarta.
- Por acordo mutuo entre a Fundación Wenceslao Fernández Flórez e a Deputación Provincial da Coruña.

NOVENA.- RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS

A resolución dos conflitos que puideran xurdir con motivo do presente convenio corresponderán á xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMA.- PARTICIPACIÓN CONCELLO DE CAMBRE

A Deputación estudiará a forma de integración do concello de Cambre na xestión da Casa Museo Wenceslao Fernández Flórez, nas súas diversas opcións e en particular a cesión de uso ou titularidade do citado inmovible.

Faise constar o presente convenio foi aprobado polo _-----.

E en proba de conformidade asinan o presente convenio, por cuadruplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento."

10.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Turismo de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña para o cofinanciamento do bono turístico da Xunta de Galicia

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Excmá.

Deputación Provincial da Coruña e a XUNTA DE GALICIA con CIF S1511001H, para financiar o “COFINANCIAMENTO DO BONO TURÍSTICO DA XUNTA”

2º A aportación provincial prevista no convenio ascende a un total de 300.000,00 euros, que constitúe unha porcentaxe de financiamento do 13,04 % sobre un orzamento total de 2.300.000,00 €

3º A aportación provincial poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/45101

O texto do convenio sería o seguinte;

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O COFINANCIAMENTO DO BONO TURISTICO DA XUNTA DE GALICIA

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Por unha parte, D. Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, en representación da **Axencia de Turismo de Galicia** (CIF Q1500394J), en calidade de presidente, segundo se establece na Disposición adicional novena do Decreto 130/2020, do 17 de setembro (DOG núm. 190, do 18 de setembro), e de conformidade coa atribución do artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

Doutra parte D. Valentín González Formoso, presidente da **Deputación provincial da Coruña**, (CIF P1500000C), que actúa en nome e representación daquela, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 106da Lei 5/1997, do 22 de xullo de administración local de Galicia e concordantes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o disposto no artigo 27.21 do Estatuto de autonomía de Galicia, ten competencia exclusiva en materia para a promoción e ordenación do turismo.

Segundo.- Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia, acomete no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos

Terceiro.- Que entre as competencias que, no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 194 y 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, está a de cooperación e colaboración, podéndose levar a cabo mediante a subscripción de convenios

Cuarto.- Que, de acordo co artigo 6 da Lei 7/2011, de 27 de outubro, do Turismo de Galicia, corresponde ás entidades locais supramunicipais, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción dos recursos turísticos que se determinen dentro do seu ámbito territorial, en coordinación con todos os entes locais afectados e a Administración autonómica.

Quinto.- Que o Programa Bono Turístico trata de estimular a demanda turística interna en Galicia, que se instrumenta coa materialización dun bono vinculado á adquisición de servizos e prestacións turísticas en Galicia en calquera dos establecementos que se sumen ao programa. O bono é una tarxeta de prepagamento que se entregará ás persoas beneficiarias que voluntariamente o soliciten e se cargará dunha soa vez coa contía que se determine nas bases reguladoras da axuda. Poderá ser empregado nos establecementos de aloxamento turístico e axencias de viaxes, así como nos seus servizos asociados, que se adhiran ao programa a través da correspondente convocatoria.

As achegas doutras administracións públicas, como é o caso da Deputación provincial da Coruña, permite que o programa expanda o seu efecto sobre o sector da hostalaría, logrando así una optimización dos recursos públicos destinados ao sector. En consecuencia, as partes acordan subscribir o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio.

Constitúe o obxecto deste convenio establecer o marco da colaboración entre as partes asinantes para o cofinanciamento do programa Bono Turístico no ano 2021. As actuacións obxecto deste convenio executaranse por parte da Axencia de Turismo de Galicia mediante a publicación e resolución dunha convocatoria pública de concorrencia non competitiva pola que se estableza o procedemento de concesión da tarxeta Bono turístico para o ano 2021.

Segunda.- Orzamento e operativa da colaboración.

O importe total do proxecto estímase en dous millóns trescentos mil euros (2.300.000,00 €), coa seguinte distribución:

- A Axencia de Turismo de Galicia, dous millóns de euros (2.000.000 €) con

cargo á aplicación orzamentaria 05.A2.761A.480.0, código de proxecto 2020 00001.

- A Deputación provincial da Coruña, trescentos mil euros (300.000 €) con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4321/45101. Tendo en conta que a poboación da provincia é en torno a un 41,50 % da poboación de Galicia, a Deputación financia coa súa achega o 31,43 % do gasto previsto para aos beneficiarios potenciais da provincia da Coruña.

Os fondos comprometidos pola Deputación provincial da Coruña xerarán crédito na antedita aplicación orzamentaria.

Estes fondos comprometidos pola Deputación provincial da Coruña ingresaranse, unha vez asinado este convenio, no Tesouro Público da Xunta de Galicia na súa conta operativa aberta na entidade ABanca (Conta nº: ES96 2080 0388 2731 1000 2484), no concepto de: Colaboración financeira coa Axencia de Turismo de Galicia para o cofinanciamento do programa Bono Turístico no ano 2021, no marco do convenio asinado o 16/03/2021.

Coa achega da Axencia de Turismo de Galicia, da Deputación provincial da Coruña e doutras achegas que no seu caso puideran incrementar a dotación do programa, a Axencia de Turismo de Galicia convocará o procedemento de concesión da tarxeta Bono turístico para o ano 2021.

Rematado o programa, a Axencia de Turismo de Galicia remitirá certificación da total realización da mesma e de que os fondos se destinaron ao financiamento das accións descritas neste convenio.

Terceira.- Compromiso das partes.

A Axencia Turismo de Galicia comprométese á realización dunha convocatoria publica de concorrencia non competitiva pola que se estableza o procedemento de concesión da tarxeta Bono turístico para o ano 2021.

Así mesmo, a Axencia Turismo de Galicia comprométese a incorporar no deseño do tarxeta, que en todo caso se axustará ás normas que para este tipo de tarxetas teñan establecidas tanto a entidade bancaria como os sistemas de medios de pago asociados, tanto o símbolo e logotipo que conforman a imaxe corporativa institucional do Goberno e da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia como o símbolo e logotipo da identidade corporativa institucional da Deputación Provincial da Coruña.

A Deputación Provincial da Coruña comprométese ao cofinanciamento do programa Bono Turístico no ano 2021 de acordo co establecido na cláusula segunda.

Cuarta.- Inexistencia de relación laboral.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia Turismo de Galicia, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Quinta.- Comisión de seguimento.

Para o seguimento do convenio e da súa execución así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio constituirase unha comisión de seguimento que estará integrada por un representante designado por cada unha das partes asinantes e por un representante da Axencia Turismo de Galicia.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Sexta.- Modificación do convenio.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Sétima.- Causas de resolución.

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O transcurso do tempo fixado sen que se executen e/ou xustifiquen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.
- Calquera outra causa prevista nas leis.

Oitava.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente.

A este convenio seralle aplicable o réxime xurídico previsto nos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, concibíndose como un convenio de carácter administrativo que se rexe polas súas cláusulas e, no seu defecto, aplicaráselles os principios establecidos na norma reguladora de contratos do sector público, para resolver as lagoas e dúbidas que se puidesen presentar

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

Novena.- Publicidade e rexistro do convenio. Consentimento para a publicidade de datos persoais que figuran no convenio.

En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno as persoas asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos relacionados co obxecto do convenio poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e a Dirección da Axencia Turismo de Galicia remitirá os datos necesarios para a publicidade do acordo nos rexistros públicos e informará na súa páxina web oficial da subscripción cos seguintes datos básicos: identificación das partes, data da sinatura, finalidade e período de vixencia. A sinatura do acordo

leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos do presente convenio serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto. e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Décima.- Protección de datos persoais.

As partes asinantes responsabilízanse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPD), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPD.

Décimo primeira.- Vixencia.

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2021.

Décimo segunda.- Notificación electrónica.

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan este documento dixitalmente
Pola Axencia Turismo de Galicia

Alfonso Rueda Valenzuela

Pola Deputación provincial da Coruña,

Valentín González Formoso"

11.- Aprobación da toma de coñecemento da información sobre o período medio de pago a provedores á que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de abril de 2021 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 30 de abril de 2021.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"PRIMEIRO: Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pago a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación Provincial da Coruña, no Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e na Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña do mes de abril de 2021.

SEGUNDO: Tomar coñecemento, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña no período comprendido entre o 1 e o 30 de abril de 2021.

TERCEIRO: Unha vez remitida a información que proceda ao Ministerio de Facenda, acórdase a publicación desta na páxina de internet da Deputación Provincial da Coruña."

12.- Aprobación da toma de coñecemento da remisión, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial e dos seus entes dependentes correspondente ao primeiro trimestre de 2021.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Tomar coñecemento da remisión, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial e dos seus Entes dependentes (Consortio provincial contraincendios e salvamento da Coruña e Fundación axencia enerxética da provincia da Coruña), correspondente ao primeiro trimestre de 2021, en cumprimento do disposto na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración da información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira."

13.- Aprobación inicial da modificación do artigo 7.2 das Normas para a tramitación e resolución de aprazamentos e fraccionamentos de pago de débedas xestionadas polo Servizo de Recadación.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar inicialmente a modificación do apartado 2 do artigo 7 das Normas para a tramitación e resolución de aprazamentos e fraccionamentos de pago de débedas xestionadas polo Servizo de Recadación, aprobadas polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña na sesión ordinaria celebrada o 31 de maio de 2013, que queda redactado nos seguintes termos:

"2. Cando o importe da débeda a aprazar ou fraccionar non exceda da cantidade fixada ao efecto na Ordenanza Fiscal Xeral da Deputación, non se esixirá ao debedor a documentación xustificativa das dificultades económico-financeiras e se lle dispensará da obriga de presentar garantía, sen prexuízo do mantemento das trabas existentes sobre os bens e dereitos do debedor no momento de presentar a solicitude.

Tampouco se esixirá a achega de documentación xustificativa das dificultades económico-financeiras cando o debedor fora declarado en concurso de acredores e teña convenio aprobado en vigor.

Para determinar a contía das débedas aos efectos regulados nos parágrafos anteriores deste apartado computaranse tanto o principal como os xuros de mora, recargas do período executivo e custos do procedemento que se teñan orixinado, e acumularanse calquera outras débedas do mesmo debedor das que se teña solicitado e non resolto o aprazamento ou fraccionamento de pago, así como o importe dos vencementos pendentes de ingreso das débedas con aprazamento ou fraccionamento concedido, agás que estea garantido.

As entidades sen ánimo de lucro que consten debidamente rexistradas como tales no correspondente rexistro público, calquera que sexa o importe das débedas a aprazar ou fraccionar, quedarán dispensadas das obrigas de achegar a documentación xustificativa das dificultades económico-financeiras e de presentar garantía, sen prexuízo do mantemento das trabas existentes sobre os seus bens e dereitos no momento de presentar a solicitude. Será suficiente a acreditación da inscrición como entidade sen ánimo de lucro no rexistro público correspondente e a declaración responsable do seu representante legal de que a entidade atravesa por dificultades económico-financeiras de carácter transitorio.

Cando o debedor sexa unha administración ou entidade pública non se lle esixirá garantía, sexa cal fose o importe das débedas obxecto de aprazamento ou fraccionamento de pago."

2.- Expor ao público este acordo durante o prazo de trinta (30) días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que consideren oportunas. O anuncio de exposición ao público publicarase no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia.

Se transcorrido o prazo de exposición ao público non se presentou ningunha reclamación ou suxestión, o acordo entenderase elevado a definitivo.

A entrada en vigor da modificación normativa producirase ao día seguinte da publicación no Boletín Oficial da Provincia do anuncio da elevación a definitivo do acordo inicial ou do acordo que resolva as reclamacións e suxestións, no seu caso, xunto co texto íntegro e actualizado das Normas para a tramitación e resolución de aprazamentos e fraccionamentos de pago de débedas xestionadas polo Servizo de Recadación."

14.- Aprobación inicial da modificación da ordenanza Nº 13 reguladora do prezo público pola utilización do pavillón polideportivo "Rosalía Mera" (antes "Calvo Sotelo").

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1.-

Aprobar a modificación da ordenanza Nº 13 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO “CALVO SOTELO”, cambio de denominación, modificación e redacción íntegra, coa seguinte redacción:

ORDENANZA Nº 13 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO “ROSALÍA MERA”

Artigo 1.- Concepto.

De acordo co establecido no art. 148 en relación co art. 41, ambos os dous do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo RDL 2/2004 do 5 de marzo, esta Deputación establece o prezo público pola utilización do pavillón polideportivo “Rosalía Mera”, que se rexerá polo que se dispón nesta ordenanza.

Artigo 2.- Obrigados ao pagamento.

Estarán obrigadas ao pagamento dos prezos públicos fixados nesta ordenanza as persoas físicas ou xurídicas, así como as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado susceptibles de imposición, que soliciten a utilización do pavillón polideportivo “Rosalía Mera”, que depende desta Deputación, ou as que resulten beneficiadas polo dito servizo.

Artigo 3.- Non obrigados ao pagamento.

Estarán exceptuadas do pagamento as utilizacións do pavillón co motivo de competicións organizadas por iniciativa desta Deputación provincial ou patrocinadas por esta, que cumpran as condicións dispostas no regulamento do uso desta instalación deportiva.

Artigo 4.- Contía.

1.- O importe do prezo público fixado nesta ordenanza cubrirá, como mínimo, o custo do servizo prestado, polo que se poderá fixar un prezo público por debaixo do custo, cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen.

O prezo público será o fixado nas tarifas que se recollen no apartado seguinte.

2.- A tarifa do prezo público será:

USO TEMPADA:

- Pola utilización do pavillón polideportivo e de todos os servizos complementarios de que dispoña (duchas, vestiarios, etc.). Por cada hora ou fracción de hora superior a 30 minutos, á semana, 120,00 € ao mes.

USO PUNTUAL:

- Pola utilización do pavillón polideportivo e de todos os servizos complementarios de que dispoña (duchas, vestiarios, etc.). Por cada hora ou fracción de hora superior a 30 minutos, 45,00 €.

Tanto no uso por tempada como no uso puntual, por cada fracción de hora inferior ou igual a 30 minutos, aboarase o importe proporcional correspondente á media hora, mentres que se a dita fracción fose superior, aboarase a hora completa.

3.- En todo caso, os interesados non poderán solicitar un período de tempo inferior a media hora.

4.- As cotas fixadas nas tarifas teñen carácter irredutible.

5.- Por razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, esta Deputación poderá fixar prezos públicos por debaixo do custo do servizo, fixándose a dita rebaixa nun 50 ou 75 % da tarifa fixada no apartado 2, cando se cumpran as condicións establecidas no regulamento do uso desta instalación deportiva.

6.- Estas tarifas enténdense sen prexuízo da repercusión legal que, no seu caso, deba realizarse polos impostos indirectos que graven a prestación do servizo ou acto suxeito.

Artigo 5.- Obrigas de pagamento e depósito previo.

1.- A obriga de pagar nace desde o momento en que se inicie a prestación do servizo, entendendo para estes efectos que a dita iniciación se produce cando se concede a autorización para o uso do pavillón, se ben esta Deputación poderá esixir o depósito previo do prezo público.

2.- O pago da tarifa do prezo público realizarase:

USO TEMPADA:

O pago do dito prezo público realizarase a través de domiciliación bancaria, con periodicidade mensual. Para estes efectos, o Servizo de Xestión Tributaria, Sección I, practica a correspondente liquidación e, no seu caso, a notificación desta ao interesado.

USO PUNTUAL:

O pago do dito prezo público efectuarase no momento que se autorice a utilización do pavillón polideportivo. Para estes efectos, previo ao uso do pavillón, a entidade deberá presentar e ingresar a correspondente autoliquidación do prezo público.

Artigo 6.- Normas de xestión.

1.- Os interesados en utilizar o pavillón polideportivo, deberán solicitalo nos termos que se establezan no regulamento de uso e funcionamento do pavillón polideportivo "Rosalía Mera" e nas súas normas de desenvolvemento. No suposto de Uso de Tempada deberase acompañar á solicitude o modelo de domiciliación do prezo público, debidamente cuberto.

2.- Se se solicita a rebaixa nun 50 ou 75% do prezo público por razóns de interese público, farase constar expresamente na solicitude, para os efectos de que a Deputación informe se procede ou non a dita rebaixa por cumprir o solicitante as condicións dispostas no regulamento do uso desta instalación deportiva.

3.- A unidade tramitadora das autorizacións do uso do pavillón polideportivo trasladará ao Servizo de Xestión Tributaria, Sección I, as resolucións aprobatorias das utilizacións concedidas e, no seu caso, dos patrocinios outorgados e das rebaixas aprobadas.

4.- A non utilización das instalacións autorizadas por causa imputable á entidade interesada non exime do pago do prezo público.

5.- No Uso por Tempada, a liquidación de tarifas levarase a cabo polo Servizo de Xestión Tributaria, Sección I.

As baixas definitivas no uso das instalacións do pavillón polideportivo "Rosalía Mera" comunicaranse por escrito á Deputación Provincial da Coruña. As baixas producirán efectos económicos a partir do mes seguinte ao que se comuniquen.

No caso dunha alta, con posterioridade ao inicio da tempada, a primeira liquidación corresponderá ao mes no que se autorice o uso do pavillón polideportivo.

6.- No Uso Puntual a entidade realizará a correspondente autoliquidación do prezo público unha vez que sexa concedida a resolución autorizando o uso do pavillón polideportivo.

Artigo 7.- Remisión á Ordenanza Fiscal Xeral

En todo o que non estea especialmente establecido nesta ordenanza, estarase ao que dispón a Ordenanza Fiscal Xeral.

Disposición adicional.- A presidencia da Deputación poderá, mediante resolución, establecer as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución desta

ordenanza.

Disposición final.- Tras a súa aprobación definitiva polo Pleno da Corporación, a presente ordenanza será publicada no Boletín Oficial da Provincia e, segundo o disposto no artigo 70.2 en relación co 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, entrará en vigor unha vez transcorrido o prazo establecido no artigo 65.2 desta lei, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa. Así mesmo, derroga a Ordenanza Nº 13 reguladora do prezo público pola utilización do pavillón polideportivo “Calvo Sotelo” aprobada polo Pleno o 1 de febreiro de 2019.

2.-

O acordo que se adopte ao respecto, expoñerase ao público, no taboleiro de anuncios desta Deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, en todo caso os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia segundo se establece no artigo 49.b da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases do réxime local.

Unha vez aprobado definitivamente, publicación íntegra do acordo e da modificación da ordenanza Nº 13 reguladora do prezo público pola utilización do pavillón polideportivo “Calvo Sotelo”.

3.-

Entrada en vigor:

a) Se non se producisen reclamacións, unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia o acordo e o texto completo da modificación da ordenanza, transcorrido o prazo previsto nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985.

b) Se se producisen reclamacións, unha vez que se resolvan éstas, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, aprobando a redacción definitiva da modificación da ordenanza, así como a data a partir da cal rexerá esta e unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia o acordo e o texto completo da modificación da ordenanza, transcorrido o prazo previsto nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local."

15.- Aprobación da modificación do réxime sancionador da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña

INTERVENCIÓNS

Sr. Ben Otero

También anuncio que vamos a votar a favor. Tan solo queríamos

congratularnos de que esta ordenanza se cambie, que se desande el camino mal andado, que se vuelva a lo que nunca debió haber sido, a lo que tenía que haber siempre sido y no como estuvimos, y que ahora se empiecen a solucionar problemas que la anterior redacción de la ordenanza contemplaba, y en concreto me refiero, y quiero referirme al Silva y al Compostela, que están esperando una ayuda que esta institución comprometió con ellos y que finalmente no es el Gobierno quien no se la da, es toda la institución y todos nosotros los que estamos fallando a estos dos equipos, y supongo que también en el siguiente Pleno vendrá la Federación Gallega de Ciclismo, pero no nos olvidemos, por favor, del Silva y del Compostela porque está en duda la palabra de toda la Corporación. Nada más y gracias. Vamos a votar a favor.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Aprobar inicialmente a modificación do texto da Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación da Coruña que afecta aos artigos 4, 44, 45, 46, 47, 48, disposición transitoria e disposición final, cuxo texto definitivo queda redactado como se indica a continuación:

Artigo 4. Os proxectos ou actividades subvencionadas

Suprímese o seu apartado 3º

Artigo 44.- Graduación das sancións pecuniarias pola comisión das infraccións leves

1. Libros sen dilixenciar, contas sen aprobar e conta xustificativa inexacta:

Por cada unha das infraccións seguintes, sendo compatibles entre si :	
INFRACCIÓN 1- Libros sen legalizar	
INFRACCIÓN 2- Contas sen aprobar	
INFRACCIÓN 3- Conta xustificativa inexacta	
INFRACCIÓN 4- Carecer de libros contables	
INFRACCIÓN 5- Non dispor de inventario	
Subvención percibida	Importe da multa asociada a cada unha das infraccións

Ata 3.000 €	75 €
Entre 3.001 e 5.000 €	150 €
De 5.001 a 10.000 €	300 €
Entre 10.001 e 20.000 €	600 €
Máis de 20.000 €	900 €

2. Non atender a algún requirimento: falla de achega de probas ou non achegar documentos requiridos, negativa á súa exhibición e incumprir a obriga de colaborar e facilitar documentación:

<p>INFRACCIÓN: Art. 61.2 e) e g) -Falla de achega de probas e documentos requiridos ou negativa á súa exhibición. -Incumprimento da obriga de colaborar e facilitar documentación.</p>		
Subvención concedida ou percibida	Requirimento	Importe multa
Ata 3.000 €	Primeiro	150 €
	Segundo	250 €
De 3.001 a 5.000 €	Primeiro	200 €
	Segundo	350 €
De 5.001 a 10.000 €	Primeiro	300 €
	Segundo	450 €
Máis de 10.000 €	Por cada un	500 €

3. Inexactitude ou omisión dunha ou varias operacións na contabilidade e rexistros legalmente establecidos:

<p>INFRACCIÓN: Art.61 2.a) Inexactitude ou omisión dunha ou varias operacións na contabilidade e rexistros legalmente establecidos</p>	
Operación	Importe multa
Inexactitude na contabilización da subvención	200 €
Omisión na contabilización da subvención	500 €

4. Incumprimento da obriga de levar a contabilidade ou dos rexistros legalmente esixidos:

<p>INFRACCIÓN: Art.61 2.b) Incumprimento da obriga de levar a contabilidade</p>	
Importe da subvención concedida ou percibida	Importe multa

Ata 1.000 €	150 €
Entre 1.001€ e 2.000 €	300 €
Entre 2.001€ 3.000 €	600 €
Entre 3.001€ e 5.000 €	800 €
Entre 5.001€ e 10.000 €	1.200 €
Entre 10.001 e 30.000 €	2.000 €
Máis de 30.000 €	2.500 €
INFRACCIÓN: Art.61 2.b) Incumprimento da obriga de levar os rexistros legalmente esixidos	
Importe da subvención concedida ou percibida	Importe multa
Non levar os libros legalmente establecidos	250 €

5. Levar contabilidades diversas:

INFRACCIÓN: Art.61 2.c) Levar contabilidades diversas	
Importe da subvención concedida ou percibida	Importe multa
Ata 3.000 €	150 €
De 3.001 a 5.000 €	750 €
De 5.001 a 10.000 €	1.500 €
Máis de 10.000 €	6.000 €

6. Utilización de contas con significado distinto ao que corresponde:

INFRACCIÓN: Art.61 2.d) Utilización de contas con significado distinto ao que corresponde	
Cantidade de contas	Importe multa
Entre 1 e 3	150 €
Entre 4 e 5	750 €
Máis de 5	1.500 €

7. Presentación extemporánea da xustificación:

- Ata un mes de atraso: 75 euros
- Entre un e tres meses de atraso: 300 euros
- Máis de tres meses de atraso: 600 euros

8. O importe das sancións leves impostas a unha mesma persoa infractora por cada subvención non excederá no seu conxunto do importe da subvención inicialmente concedida.

9. En calquera caso, cando á persoa infractora teña que proceder ao reintegro total da subvención concedida e se lle impoña igualmente unha sanción grave ou moi grave, deixarase sen efecto a imposición das sancións de carácter leve.

Artigo 45.- Sancións pola comisión das infraccións graves

1. Nas normas de rango legal reguladoras das subvencións establécese que as infraccións graves serán sancionadas con multa pecuniaria proporcional do tanto ao dobre da cantidade indebidamente obtida ou aplicada. Dentro deste marco legal, establécense os seguintes tramos para a súa aplicación regulada:

- Ata o importe de 40.000 euros de contía indebidamente obtida ou aplicada a multa inicial, sen prexuízo da aplicación posterior das circunstancias agravantes que se regulan no artigo 46, aplicarase no seu grao mínimo, isto é, nun importe igual á contía obtida ou, no seu caso, percibida.
- A partir de 40.001 euros de contía indebidamente obtida ou aplicada, a sanción incrementarase nun punto porcentual por cada 1.000 euros ou fracción deste importe, ata acadar o importe do dobre da contía que se ha reintegrar.

2. Igualmente, cando o importe do prexuízo económico sufrido pola administración represente máis do 50 por cento da subvención concedida e exceda de 30.000 euros, poderán imporse as sancións non pecuniarias previstas legalmente coa seguinte graduación:

- De 30.001 a 60.000 euros de subvención: 1 ano de perda da posibilidade de obter outras subvencións e prohibición de contratar coa administración por igual período de tempo
- De 60.001 a 100.000 euros de subvención: 2 anos de perda da posibilidade de obter outras subvencións e prohibición de contratar coa administración por igual período de tempo.
- Máis de 100.000 euros: 3 anos de perda da posibilidade de obter outras subvencións e prohibición de contratar coa administración por igual período de tempo.

Artigo 46. – Sancións pola comisión de infraccións moi graves

1. Na lexislación xeral de rango legal en materia de subvencións establécese que as infraccións que sexan cualificadas como moi graves serán sancionadas con multa pecuniaria proporcional do dobre ao triplo da cantidade indebidamente obtida, aplicada o non xustificada. Dentro deste marco legal, establécense os seguintes tramos para a súa aplicación regulada:

- Ata o importe 40.000 euros de cantidade indebidamente obtida, aplicada ou non xustificada, a multa inicial, sen prexuízo da aplicación posterior das circunstancias agravantes reguladas no artigo 46, a multa imporase no seu grao mínimo, isto é, no dobre da cantidade que se ha reintegrar.
- A partir de 40.000 euros de contía indebidamente obtida, aplicada ou non xustificada, a multa incrementarase en cinco puntos porcentuais por cada 1.000 euros adicionais que se ha reintegrar ou fracción deste

importe, ata acadar o importe do triplo da contía que se ha reintegrar.

2. Igualmente, cando o importe do prexuízo económico sufrido pola administración exceda de 30.000 euros, poderán imporse as sancións non pecuniarias previstas legalmente coa seguinte gradación:

- De 30.001 a 60.000 euros de prexuízo económico: 3 anos de perda da posibilidade de obter outras subvencións e prohibición de contratar coa administración por igual período de tempo
- De 60.001 a 100.000 euros de subvención: 4 anos de perda da posibilidade de obter outras subvencións e prohibición de contratar coa administración por igual período de tempo.
- Máis de 100.000 euros: 5 anos de perda da posibilidade de obter outras subvencións e prohibición de contratar coa administración por igual período de tempo.

3. En calquera caso, atendendo ao límite máximo establecido legalmente, o importe das multas graves e moi graves impostas a unha mesma persoa infractora por cada subvención non excederá no seu conxunto do triplo do importe da cantidade obtida, aplicada ou non xustificada.

Artigo 47.- Gradación das sancións pola comisión de infraccións graves e moi graves

No desenvolvemento do artigo 60 da Lei xeral de subvencións e co fin de concretar o importe das sancións que lle poidan corresponder ás persoas que cometan algunha das infraccións previstas naquela lei, establécense seguidamente a porcentaxe que se ha aplicar dentro do abano de posibilidades disposto legalmente.

a) Comisión repetida de infraccións: entre 10 e 75 puntos (só aplicable ás infraccións graves e moi graves).

- Por cada infracción grave que se cometa e aprecie noutro expediente: 25 puntos.
- Por cada infracción moi grave que se cometa e aprecie noutros expedientes: 30 puntos.

b) Resistencia, negativa ou obstrución: entre 10 e 75 puntos: aplicarase sempre un incremento de 35 puntos porcentuais.

c) Utilización de medios fraudulentos: entre 20 e 100 puntos porcentuais.

- Anomalía contable substancial, apreciándose infracción grave: 40 puntos.
- Anomalía contable substancial, apreciándose infracción moi grave: 50 puntos.
- Utilización de facturas falsas ou falseadas, apreciándose infracción grave: 60 puntos.
- Utilización de facturas falsas ou falseadas, apreciándose infracción moi grave: 70 puntos.
- Utilización de persoas que dificulten a comprobación da realidade da actividade, cando a infracción sexa cualificada como grave: 30 puntos.
- Utilización de persoas que dificulten a comprobación da realidade, cando a infracción sexa cualificada como moi grave: 50 puntos.

d) Ocultación: entre 10 e 50 puntos porcentuais: en todo caso 30 puntos.

Artigo 48. Tramitación do procedemento sancionador: aplicación de porcentaxes de redución en caso de conformidade do infractor e pagamento en

período voluntario

1. O procedemento sancionador será tramitado consonte ao disposto con carácter xeral na lexislación de procedemento administrativo común das administracións públicas, coas especialidades previstas para os procedementos desta natureza.

2. De conformidade coa habilitación legal conferida polo artigo 85.3 da Lei 39/2015, de Procedemento administrativo común das administracións públicas, aplicaranse as seguintes reducións ao importe da sanción que resulte da aplicación das normas de baremación e graduación contidas nos artigos anteriores:

a) No caso de que iniciado o expediente sancionador, se a persoa infractora achega un escrito no que recoñece a súa responsabilidade e acepta a sanción que se lle puidera impor, o importe desta será reducido nun 60 por cento.

b) No caso de pagamento voluntario da persoa infractora con anterioridade a que se dite a resolución, aplicarase unha redución do 30 por cento.

3. Estas dúas reducións serán acumulables entre si, de xeito que o recoñecemento da responsabilidade e pagamento voluntario antes de que se dite a resolución correspondente, implicará unha redución do 90 por cento da sanción que correspondería. En todo caso, a súa efectividade estará condicionada á desistencia ou renuncia de calquera acción ou recurso en vía administrativa contra a sanción, trámite que se poderá realizar mesmo despois de terse presentado alegacións contra o acordo de iniciación do expediente sancionador.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA: APLICACIÓN RETROACTIVA DA NORMA MÁIS FAVORÁBEL.

O réxime sancionador previsto na presente modificación da Ordenanza xeral será de aplicación as persoas beneficiarias e as entidades colaboradoras, nos supostos previstos nesta disposición, sempre que o réxime xurídico sexa máis favorable que o previsto na regulación anterior e non se ditara unha resolución administrativa que sexa executiva e poña fin ao procedemento segundo o disposto no artigo 90.3 da Lei 39/2015.

Os procedementos iniciados con anterioridade á entrada en vigor da presente Ordenanza, rexeranse pola normativa que no seu momento lle fora de aplicación, en todo o que sexa máis favorable á persoa beneficiaria.

DISPOSICIÓN FINAL: A ENTRADA EN VIGOR

A presente modificación da Ordenanza entrará en vigor, de conformidade co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime local e unha vez se publique o acordo e haxa transcorrido o prazo establecido no artigo 65.2 da devandita Lei.

2º.- Someter a presente modificación a información pública, con publicación no Boletín Oficial da Provincia, taboleiro de anuncios e sede electrónica da deputación provincial da Coruña, por prazo de trinta días, para que poidan presentarse reclamacións ou suxestións que serán resoltas pola Corporación. De non se presentar reclamacións o suxestións no mencionado prazo, a modificación da ordenanza xeral de subvencións

e transferencias da Deputación da Coruña considerárase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

3º.- Publicar o contido íntegro da ordenanza no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, logo da aprobación definitiva da modificación do texto, como requisito para a entrada en vigor da ordenanza modificada, unha vez cumpridos os trámites esixidos polo artigo 65 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local."

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓNS

Sr. Presidente

Procedemos a mocións de control. Primeiro mocións, a primeira presentada polos grupos provinciais de PSdG-PSOE e BNG sobre a situación da sanidade pública galega.

1.Moción dos Grupos provinciais do PSdeG-PSOE e BNG - situación da sanidade pública galega

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A xestión da sanidade pública xa non gozaba de boa saúde antes da pandemia. Despois de máis dun ano de pandemia podemos presumir do noso sistema sanitario so grazas ao traballo impagable e incansable dos seus e das súas profesionais en canto á atención hospitalaria.

Do mesmo xeito, a Atención Primaria contaba xa cunha situación tamén moi deficiente sendo obxecto de debate e de queixas continuadas por parte de colectivos de profesionais e usuarios do sistema sanitario de Galicia nos últimos tempos antes da pandemia.

Dende marzo de 2020 a situación de xestión agravouse exponencialmente, xa que se tiveron que suspender consultas, probas diagnósticas e intervencións cirúrxicas que non fixeron máis que incrementar unha xa dilatada lista de agarda no noso sistema sanitario.

A falta de profesionais, a escasa organización dos centros, a ausencia da atención primaria nos órganos de dirección, a falla de coordinación entre a dirección do sistema sanitario e os e as profesionais, etc. fixo que a pandemia intensificara estes problemas e fíxoos de necesaria e urxente resolución. As barreiras actuais de acceso aos Centros de Saúde de atención primaria, as dificultades mesmo para comunicarse cos profesionais destes centros e o difícil acceso ás especialidades hospitalarias afecta á saúde da poboación e xera un malestar tanto no persoal sanitario como a nivel social. A maiores esta situación provoca unha maior utilización da sanidade privada o que significa, sen dúbida algunha, unha desigualdade no acceso á atención sanitaria.

A modificación da Lei de Saúde de Galicia, ante a que xa pesa un recurso de anticonstitucionalidade por entender que se introducen restricións e limitacións aos dereitos fundamentais (que so poden ser ditados pola lexislación estatal) é a mostra da intención do goberno galego de sobrepoñer o recorte dereitos fundamentais por encima da tarefa de realizar unha planificación adecuada para saír da crise sanitaria actual. É a mostra de que o goberno galego, unha vez máis, pretende legislar aquilo que non lle corresponde e deixa valeiras as responsabilidades de xestión que si son da súa competencia.

Polo anteriormente exposto, o pleno da Deputación Provincial de A Coruña acorda instar a Xunta de Galiza:

A elaborar un Plan urxente para a Recuperación do Sistema Sanitario Público de Galicia que permita a redución nos atrasos na atención especializada (consultas, probas diagnósticas e cirurxías) atrasos incrementados polas cancelacións derivadas da pandemia.

A reabrir de forma inmediata os centros de atención primaria para consultas e atención aos doentes limitando as consultas telefónicas aos trámites para os que foron creados e que non precisen da consulta do persoal profesional médico.

A modificar os orzamentos da Comunidade autónoma para incrementar o número de profesionais sanitarios así como dotar de estabilidade laboral aos mesmos, poñendo fin á elevada precariedade existente no sistema sanitario galego.

Sr. Fernández Piñeiro

Moi bo días a todos e a todas, benvidos.

Vou proceder a ler a moción e os seus acordos.

(Le o texto da moción)

Penso que todos e todas os que estamos aquí que escoitamos os medios de comunicación, que andamos pola rúa e que estamos ademais no eido do municipalismo e, polo tanto, temos contacto con moitos veciños, hai unha frase que define unha das cuestións que estamos a tratar nesta moción e que teremos escoitado seguramente a moitos dos nosos conveciños, que é que parece que dende que hai covid non hai outras enfermidades. Iso seguramente, con estas palabras textuais que acabo de dicir, o temos escoitado moitos de nós, e iso é porque é verdade, fíxose un esforzo por centrarse na superación da crise sanitaria do Covid 19 e iso ninguén o dubida, pero loxicamente iso tivo unhas consecuencias que é a desatención doutro tipo, ou doutra rama sanitaria en canto a outras doenzas que xa existían con anterioridade á Covid.

Ninguén crítica que iso fora así naquel momento, pero si o que se propón nesta moción é que se adopten as medidas necesarias para recuperar o nivel que tiñamos de atención, que xa non era moi bo, pero polo menos recuperalo, e despois

traballar na súa mellora anterior á pandemia.

Repito, esta é unha frase que escoitamos a moitísimas persoas todos e todas os que estamos aquí. Como tamén é un clamor e seguramente todos e todas escoitamos entre os nosos veciños tamén a reapertura dos centros de sanidade primaria, de atención primaria. Hai problemas ademais nesa atención, moitas das chamadas non chegan, e iso todos coñecemos casos seguramente de persoas que teñen esa problemática, e ademais non se entende que non se estea a atender presencialmente nos centros de atención primaria cando si se está a facer nos hospitais e nos especialistas. É dicir, por que un traumatólogo pode atenderte en persoa e o teu médico de cabeceira non? A situación sanitaria é a mesma para os dous, as consecuencias de contraer a Covid son as mesmas para os dous, non depende de onde estea prestando o seu traballo ou as súas funcións como sanitario, senón doutras cuestións de carácter relacionadas directamente co propio virus.

Polo tanto, non ten ningún sentido esa diferenciación entre as dúas ramas sanitarias, como digo, porque noutros ámbitos da sanidade se está atendendo de forma presencial sen ningún tipo de problema e sen que estea demostrado que hai unha maior incidencia de contaxios entre o persoal hospitalario ou persoal neste caso especialista neses encontros directos, nesa atención directa e persoal cos cidadáns.

Polo tanto, o que estamos a trasladar a través desta moción os dous grupos é un clamor que está na rúa e que nos trasladan todos os cidadáns de diferente condición e ideoloxía. Polo tanto, non é unha cuestión tanto duns partidos e doutros, senón de sentido común, de ir recuperando pouco a pouco a normalidade. Loxicamente, se estamos a esixir que se recupere no ámbito económico e nos sectores produtivos deste país, tamén ten que ser na sanidade, e aí neste caso o Goberno da Xunta de Galicia, que é quen ten a xestión directa dese servizo ten moito que dicir, e, polo tanto, nesa liña vai esta moción, que non vai contra ninguén, senón a favor de mellorar esa atención sanitaria e polo tanto a saúde de todos os galegos e as galegas.

Nada máis, moitas grazas.

Sr. Lema Suárez

Boa tarde, un saúdo a todos os compañeiros, alégrome de que esteades aquí de volta con boa saúde, cando menos aparentemente.

E nós imos apoiar tamén esta moción. Creo que somos sabedores de que antes de que chegase a situación de pandemia había moitísimas probas de que o sistema sanitario, o sistema de saúde galego presentaba enormes deficiencias, sobre todo no que ten que ver coa dotación de persoal, coa atención primaria e con algunhas especialidades como as de pediatría, por exemplo, ou as de xinecoloxía, aí xa facemos memoria de casos coñecidos, tristemente coñecidos, de peches de servizos de atención xinecolóxica.

Está claro que estamos nunha situación na que pouco a pouco debemos ir

recuperando a normalidade e que o sistema público de saúde é un dos alicerces dese fraco, cada vez máis fraco, estado de benestar que debemos, penso eu, que debemos tentar protexer por todos os nosos medios.

Tamén coincido co que comentaba no seu argumentario o compañeiro Bernardo de que se produciu unha situación de abuso da atención telemática, sobre todo nas cuestións referidas á atención primaria, que eu creo que en moitos casos non se entendeu esta casuística, non estaba moi claro por que se estaba derivando case toda a atención primaria por esta vía, por unha vía telemática que, desde logo, eu entendo que os propios facultativos coinciden que non é a mellor maneira de revisar ou de atender a un paciente.

Ben, pero isto o que pon de fondo, as cuestións que evidencia, é que hai tamén faltas endémicas de dotación de persoal e que, polo tanto, se tende, a racionalidade desta medida é a protexer o máximo posible os facultativos porque hai verdadeiramente unha carencia deles.

Entón, pensamos que coincidimos en que a sanidade en Galicia presentaba unha situación deficiente antes do inicio da pandemia e que agora, na situación na que estamos achegándonos a superar xa esta dinámica, pois temos que facer os esforzos necesarios para ter un servizo de saúde á altura das cada vez maiores demandas que se lle presentan.

Nada máis e moitas grazas.

Sra. Muíño Filgueira

Bo día a todas e a todos.

E, como ben dicía Bernardo na súa primeira exposición, o contido da moción vén reflectir un sentir popular e que eu creo que todos podemos percibir de xeito obxectivo na rúa. Efectivamente, a situación da sanidade pública xa presentaba serios problemas previos á pandemia, como podían ser a insuficiencia de medios persoais, en especial relativos a algunhas especialidades e á atención primaria, como podía ser falta de pediatras, falta de matronas en centros de saúde ou dificultades para substituír a facultativos da atención primaria, deixando moitas veces aínda con máis sobrecarga os centros de saúde.

Tamén hai que nomear as condicións laborais de precariedade nas que moitas das persoas que traballan no sistema tiñan que asumir coa incerteza e co custo que tamén logo estas condicións tiñan á hora de poder encontrar profesionais para traballar, xa que optaban por outras vías que lles garantiran mellores condicións.

Todos recoñecemos que o momento de pandemia foi, sen lugar a dúbidas, un nivel de máximo estrés que requiriu de enormes esforzos e que obrigou a tomar decisións tamén de cara á prevención e ao coidado de manter ese sistema público. De aí o tema de establecer ese filtro das citas telefónicas. Con todo, os mesmos profesionais da saúde o que conduciu a isto é a duplicar os esforzos pois moita da

atención médica require dese acercamento co paciente.

Chegado a este punto, tamén é certo que durante este tempo se atrasaron citas, non só de cirurxía, senón tamén de probas diagnósticas, pois cun elevado custo para moitas persoas que efectivamente necesitaban dunha maior axilidade, de aí datos tan preocupantes como que neste ano 21 o que trasladan os colexios de profesionais de oncoloxía é que se están detectando moitas máis situacións de cancro en fase avanzada, dado que moitas veces require de urxencia e axilidade facer as probas médicas.

Neste sentido e un pouco atendendo a esas tres patas que requiren de fortalecer e de dar calidade tanto na atención sanitaria como a reconducir o tema dos atrasos, o que se pide é ese plan urxente para a recuperación do sistema sanitario que permita ter uns períodos tanto para consultas, probas diagnósticas e cirurxías, tanto en atención primaria como en especialidades pois que permitan unha maior axilidade que axuden a eliminar os atrasos incrementados froito da pandemia, somos conscientes, e tamén reabrir de forma inmediata os centros de atención primaria, porta de entrada para esa primeira fase de diagnóstico, pero tamén esa porta de entrada que permite que nos atendan de xeito áxil e rápido cando falamos mesmo de atención común. O que nestes momentos está pasando é que mesmo para unha atención pediátrica ou unha consulta ordinaria moitas veces temos que esperar ata 10 días para que nos atendan, o que redundará nese mal uso tamén dos servizos de urxencia.

E, por suposto, facer as dotacións de profesionais e crear as condicións para a formación e para que teñamos a posibilidade de incorporar os profesionais necesarios para traballar en condicións de calidade e tamén para dar unha atención de calidade aos doentes. Se algo temos aprendido, todas e todos durante estes meses tan duros é a importancia de contar cun sistema sanitario forte, de calidade e con capacidade de resiliencia ante situacións de estrés como a que acabamos de vivir.

Sr. Durán Guillán

Buenos días. Permítame agradecerllos el vernos después de tanto tiempo de reuniones telemáticas, creo que es siempre agradable y reconfortante el contacto directo con todos.

Permítame que ante la moción que ustedes presentan creo que ya el primer punto es la exposición de motivos, donde siempre hacen ustedes unas afirmaciones que están muy alejadas de la realidad. Esto de que siempre el sistema sanitario parece que es deficitario, deficiente e ineficaz en nuestra comunidad autónoma todos sabemos que no es una realidad palpable ni real. Siempre están ustedes haciendo ese mantra continuo, pensando que contando una media verdad o una mentira muchas veces se va a convertir en una realidad, y eso no es la certeza del sistema que tenemos hoy en día.

En cuanto a las propuestas que ustedes hacen en su moción, ya existe un Plan gallego de atención primaria del 2019-2021 –fíjense, ya anterior a la pandemia–,

donde se establecen siete líneas de actuación estratégicas, 52 objetivos y 200 acciones a desarrollar, dotado en principio con una inversión de 102 millones de euros y que establecía la creación de 331 nuevas plazas en categorías de atención primaria.

La primera de esas líneas estratégicas, que realmente es la más importante y creo que todos somos conscientes y coincidiremos en ello, es la dotación de los recursos humanos necesarios a atención primaria para mejorar la calidad de la atención a todos y cada uno de nuestros conciudadanos en función de las características epidemiológicas y demográficas de cada zona. En el 2019 se cubrieron el 100% de las plazas ofertadas, en el año 2020 se cubrieron el 80% de las plazas ofertadas y se espera cubrir las 161 plazas en el 2021.

La atención presencial se mantuvo siempre hasta que las circunstancias que todos conocemos han variado. Es cierto que hubo que establecer una valoración previa telefónica para determinar la gravedad o no de las distintas tipologías que padecía cada ciudadano que recurría al sistema, para tratar de evitar sobre todo el contagio y la propagación a los sanitarios y al sistema sanitario, que realmente es la última barrera de contención de lo que fue esta gran pandemia. Eso no quita que se hayan seguido desarrollando sistemas de desarrollo, de mejora en el funcionamiento de futuro de la aplicación de la sanidad pública.

Se han establecido aplicaciones móviles del Sergas para que la gente tenga una mayor proximidad a la sanidad de forma telemática y telefónica, hay un mayor compromiso de llegar a un mayor porcentaje de presencialidad recuperando los valores y los parámetros existentes antes de la pandemia y se está trabajando en esa recuperación.

A finales de 2020 ya se había llegado a alcanzar el 40% de consultas presenciales. Esos retrasos que realmente eran, son reales, existen, porque creo que nadie podía prever ningún sistema, y todos somos conscientes de las distintas facetas en las que nos hemos encontrado, de los distintos eidos que así lo establecen en los distintos ámbitos sociales que tenemos, no había ningún sistema capacitado o previsto, sobre todo para lo que ha ocurrido.

Eso de forma responsable ha llevado a que se active un plan de recuperación de la actividad, dotado con el presupuesto de 15 millones de euros, y que lo que pretende es reforzar el sistema sanitario y que permita que toda la actividad pendiente se recupere. Es cierto que ha habido retrasos porque cuando se ocurre un tema tan urgente y prioritario lo que se hace es priorizar. Supongo que cualquiera en nuestra vida lo hacemos en los distintos ámbitos políticos y técnicos y privados de nuestra vida pública lo hacemos todos y cada día.

Eso no quita que se han cumplido los plazos previstos en el decreto establecido donde se regula el sistema de garantía de los tiempos máximos para realizar las medidas, los diagnósticos urgentes. Es cierto que habrá retrasos en diagnósticos que, oye, independientemente de que habrá casos puntuales que todos conozcamos, que por distintos defectos o incluso, más que defectos, temas singulares, el sistema no ha funcionado a la perfección. Pero creo que todos

coincidimos o debemos coincidir, al menos nosotros así estamos convencidos, de que la atención primaria es una atención excelente, es accesible, resuelve, está dotada de profesionales competentes y no exenta de dificultades, como es hoy la ausencia de personal sustituto en estos momentos especiales que nos ocurren tanto por las bajas como por las jubilaciones, y el viraje, el cambio demográfico que está ocasionando un cambio en el tema, sobre todo, en el tema de la repercusión sanitaria, como es el convertirse muchas enfermedades en crónicas y las polipatologías que cada día tenemos en nuestra sociedad.

Eso no quita que se tienen adoptado distintas e importantes medidas, se hacen OPE continuas anualmente, se prolonga la edad de jubilación, se hacen concursos abiertos y permanentes, en la carrera profesional se trata de seguir con el contrato de continuidad de acuerdo con todas las formaciones y sindicatos sociales, y la creación de especialidades en enfermería. Se ha convocado en la OPE de este año 973 plazas, habría que convocar probablemente 3.000 o 3.500, pero no se puede por el límite de la limitación de la tasa de reposición que está establecido, y que, oiga, es su competencia del Gobierno central cambiarlo y parece que en los presupuestos de este año sigue sin variarse.

En este año 2021 se contará con un total de 2.103 plazas, agotando al máximo la tasa de reposición, yéndose al máximo establecido por la ley, que es el 110%. Y en la atención primaria, pues contamos con 469 centros de salud, 9 puntos de atención continuada, se han hecho inversiones en nueva tecnología, la plataforma TELEA facilita el seguimiento de las personas con enfermedades crónicas desde su casa, con la comodidad que ello conlleva, y el sistema de consulta telefónica va mejorando y realmente cada día es más eficiente, se dotó de nuevo material diagnóstico: ecógrafos, radiógrafos, electrocardiogramas, por 15 millones; se renovó el equipamiento informático; se crearon nuevas plazas tanto en medicina familiar como en comunitaria; se han hecho más plazas de MIR e IR; el contrato de continuidad, como especificaba antes, de acuerdo con todas las organizaciones sindicales, se ha consensuado y realmente se ha reforzado, la pandemia ha llevado a que se ha reforzado el personal necesario para atender ese seguimiento domiciliario, la atención del Covid auto, la medicina preventiva en 269 efectivos, que realmente creo que es un gran esfuerzo que han hecho los técnicos sanitarios y los profesionales para tratar de cubrir todas las áreas.

En cuanto a la inversión, miren, nos dicen que se reduce la inversión en atención primaria. Yo creo que realmente cuando se ve el dato global hay una reducción, pero porque lo que se contempla es el dinero invertido o necesario dedicado a la compra de los fármacos en la farmacia. Hay un descenso acumulado desde el año 2009 de 1.300 millones, gracias a unas medidas que se adoptaron en su momento, de racionalización del gasto farmacéutico, medidas que ustedes votaron en contra. Si contemplan ustedes la partida completa, claro que hay una reducción de la inversión, pero, si contemplamos exclusivamente la partida dedicada a la atención primaria y que representa el 31%, el 31,2% del gasto sanitario, el año pasado se invirtieron 100 millones de euros más de los del año anterior, lo que supone un crecimiento del 3,7% sobre el año anterior, que ya había crecido esa misma partida un 7,5%.

Creo que realmente hay un esfuerzo titánico por parte de la Administración de la Xunta de Galicia en mantener y mejorar la calidad de vida y el sistema sanitario de nuestra comunidad. Creo que es una apuesta que se ve, palpable, mejorable sin duda, pero que realmente es uno de los grandes ejes vertebradores del compromiso social y de mantenimiento de la sociedad del estado de bienestar que Alberto Núñez Feijóo ha mantenido siempre en todos sus años de legislatura.

En cuanto a la reforma de la Ley de la salud, es cierto que realmente está recurrida, pero también es cierto que hubo un compromiso del Gobierno del Estado en el primer decreto de emergencia para legislar al respecto. Hoy estamos con una Ley de emergencia de la salud, una Ley de la salud que creo que es de 1986; todos coincidirán en que realmente no es, no está pensada para las circunstancias actuales. Si quien tiene que legislar no legisla, creo que lo que no se puede es recriminar a quien intenta conseguirlo después de haberlo intentado por todos los cauces en todas las reuniones, con distintos planteamientos realizados.

Creo que al final de lo que se trata es de mejorar las cosas y de identificar circunstancias que antes no existían. Se trata de controlar las enfermedades, de poner las condiciones necesarias y no hacer hincapié en aquello que muchas veces públicamente aparece, que parece que lo único que es, es la sanción a la gente que no se quiere vacunar. La realidad es que yo creo que hay que regular de alguna forma, y sobre todo viendo lo que nos ha ocurrido y lo que nos está ocurriendo, cuando las personas libremente deciden no tomar las medidas de autoprotección necesarias, con la repercusión que eso supone para el resto de la sociedad, y para el resto de los convivientes, hay que adoptar algún tipo de medida que condicione sobre todo en los trabajos esenciales ese tipo de actividad.

Creo que la realidad es que esa medida, ese protocolo, esa ley lo que realmente establece son medidas que son proporcionales, que tienen garantía judicial y que tienen un límite de tiempo fijado; y que realmente regula aquello que es necesario para que el sistema funcione y sobre todo aquellos aspectos que se han visto con el paso del tiempo, en estas circunstancias tan especiales, que se han visto sobrepasadas.

Entendemos y somos conscientes de que la sanidad es un pilar fundamental de nuestra sociedad, pero creemos que el retrato, o el reflejo, o la imagen que ustedes quieren transmitir no es la real. Es cierto que ha habido disfunciones en distintos aspectos, pero es cierto también, creo yo, que tienen ustedes que reconocer que se trabaja en la mejora de la misma, en la eficiencia y sobre todo es una apuesta inequívoca del Partido Popular y de Alberto Núñez Feijóo en la mejora, y ahí están todas las inversiones, tanto en medios materiales como humanos. Las circunstancias de esta pandemia creo que son de todos conocidas y no vamos a entrar, o al menos yo no voy a entrar en la casuística particular de cada uno o en las repercusiones, pero creo que tenemos que estar orgullosos del sistema que tenemos y de la función que realiza y de la gestión política que se hace de la misma.

Sr. Fernández Piñeiro

A verdade é que a chegada de datos non sei se estaba pensada para, vouno dicir de forma coloquial pero con todo o respecto, apampar un pouco a audiencia e non centrarnos no que nos temos que centrar. Ninguén di que non se estea a investir, o que estamos a dicir é que, primeiro, no que se refire ás listas de agarda e demais, dicimos que hai que melloralo, e que hai que poñer en marcha un plan para recuperar como mínimo a situación da etapa precovid, e a partir de aí seguir traballando niso, que non é unha cuestión que propoña o BNG ou o Partido Socialista aquí, como xa temos debatido noutras ocasións, senón que son as propias asociacións de facultativos, os propios médicos, enfermeiros, etcétera, e os pacientes os que durante moitos anos están a reclamar melloras. Polo tanto, obviar esa realidade, outra cousa é que vostede intente xustificar que a Xunta de Galicia fai o que pode, que os recursos son os que son, todo iso podo chegar a entendelo, pero iso é algo que non entra en contradición con que haxa que, co que di o persoal sanitario e os propios pacientes, que sofren esa situación da sanidade porque é mellorable, todo é susceptible de ser mellorado.

En todo caso, a min gustárame que me explicara por parte do seu grupo cal é a motivación técnica, sanitaria, xurídica, para que un médico de atención primaria non poida atender de forma presencial un paciente. Por qué eu podo comer nun restaurante un churrasco con catro persoas sentados na mesma mesa, ou por que podo ir ao traumatólogo e me atende tamén a persoa, ou ir ao pneumólogo ou a calquera outro especialista, e non me pode atender o médico de cabeceira? Por que?

Realmente atender telefonicamente a moitas persoas é unha garantía dunha boa diagnose?, eu penso que non. É moi difícil en moitas ocasións tendo en conta, e todos coñecemos xente do sector, como nós como cidadáns moitas veces explicamos as nosas doenzas. Todos coñecemos casos de xente que non se sabe explicar ben, non sabe expresarse ben, non ten unha capacidade, e sobre todo xente de certas idades, como para poder trasladarlle ao médico cal é a súa situación, que é o que lle está a ocorrer sen que o miren realmente. Non ten ningún sentido, non entendemos como se se flexibilizan moitas das medidas que hai en canto a capacidade, etcétera, etcétera, e se continúa con esta situación. Pero non é que non o entendamos o BNG e o Partido Socialista, que oxalá foramos nós os únicos que non o entendemos, é que non o entenden os cidadáns, por iso empecei a miña intervención dicindo que todos os que estamos aquí escoitamos aos nosos veciños clamar por esta cuestión. Seguen sen entendelo.

E a falta de persoal, é verdade que hai taxa de reposición, tamén é verdade que eu ao señor Feijóo, que é moi contestatario e presenta moitas reclamacións contra o Goberno de Estado, algunhas delas pódoas compartir e outras non, nunca lle escoitei dicir nada da taxa de reposición, só a utilizamos como desculpa cando non contratamos persoal, pero nunca lle escoitei publicamente facer batalla como fai con outros temas que afectan a Galicia, ou que el pode entender que afectan a Galicia e que ten que ver o Goberno de Estado niso, nunca lle escoitei dicir nada a este respecto.

Onte no meu concello, sen ir máis lonxe, a pediatra de pola tarde dinnos que

non hai pediatra polas tardes, suspéndese o servizo. Nun concello de 8.000 habitantes no que atende nese centro de saúde a xente doutros concellos, como pode ser Monfero, imos ter unha soa pediatra polas mañás. É imposible que poida atender, é imposible incluso que poida facer as chamadas nun tempo relativamente pois aceptable para poder cubrir a demanda desa persoa ou dese rapaz, dese neno ou nena, que estea enfermo. Ao final tardará, como están tardando nalgunhas ocasións, e iso téño comprobado nas miñas propias carnes, catro, cinco e seis días en chamar. Moitas das doenzas sería importante poder ter unha diagnose temperá delas e non ter que esperar tanto tempo, porque algunhas delas poden ser perigosas.

Polo tanto, hai que facer un esforzo, e iso a ninguén se lle escapa. E, se efectivamente temos un problema derivado da taxa de reposición, que eu, como voceiro deste grupo, levo insistindo xa moito tempo, téñemo escoitado vostedes referido sobre toda á Administración local, pero podo ampliar a outras administracións, na necesidade de que iso se mude, non escoitei nin ao Partido Popular no Parlamento español, nin ao presidente da Xunta facer ningunha reclamación a este respecto. Si que é certo que falamos dos remanentes e doutras cousas que están tamén moi ben, pero disto non se falou. Polo tanto, incorporalo agora como unha desculpa, bueno, pois paréceme ben, non digo que sexa así ou non, pero é unha situación que se arrastra dende hai moitísimo tempo e á que hai que darlle solución e, polo tanto, poñela na senda de reclamacións por parte de quen ten a competencia sanitaria neste momento e que se ve afectada por esa situación.

Pero, ademais diso, está o que acabo de comentar; é dicir, non hai ningunha xustificación, eu polo menos non a escoitei razoable, para que non se atenda de forma presencial na sanidade, na primaria. Bueno, pois alguén terá que dicir a verdade nalgún momento e explicar que é o que hai detrás de todo isto, porque, xa digo, nin eu o entendo, e oxalá fora eu só o único que non o entende, nin o entenden os cidadáns. Polo tanto, a defensa neste punto, eu podo entender que defenda vostede a xestión da Xunta nalgúns aspectos, eu, como saben vostedes, tiveron o Covid e non teño ningunha crítica en canto á xestión nese caso concreto no que a min me afectou, e comenteino aínda hai pouco co voceiro do seu Grupo. Pero iso non quita que haxa cuestións que non teñen ningún tipo de sentido e que vostede pois ten certas dificultades, como puidemos ver na súa exposición de motivos, para defendelas. Polo tanto, entendemos que non debería de haber ningún motivo para que o seu grupo non apoie esta moción, tendo en conta que, se din vostedes que se van incrementar os orzamentos, que se vai dotar máis de persoal, pois perfecto, a moción o que está pedindo é iso; non tería sentido non votala en contra, dean exemplo vostedes nese caso, de defensa dos intereses dos e das cidadáns, iso que nos achacan sempre aos demais, e neste caso voten a favor de algo que lle reclamamos á Xunta, que tampouco pasa nada, eh, non lles van berrar, nin os van botar do partido, non hai ningún problema por que nunha ocasión como esta, e ademais algo que é un clamor da cidadanía, voten vostedes a favor dunha moción que tampouco pide nada doutro mundo.

Moitas grazas.

Sr. Durán Guillán

En cuanto al tema de la atención telefónica, mire, yo creo que es algo que nos sorprendió a todos, a mí también, igual que a usted, creo que cada uno en nuestra vida nos hemos encontrado en la situación de tener que recurrir en estos meses al servicio sanitario. Yo he preguntado cuál era el motivo, y la realidad es que lo que me han dicho es que estos profesionales a los que ustedes mismos en su exposición de motivos alaban, a los que en ocasiones se pide que se les dé cuota de responsabilidad y decisión, son los que deciden en cada centro de salud la operativa a realizar. Podemos compartirla o no, yo le vuelvo a decir, es un tema subjetivo de cada uno, pero quien decide en cada centro de salud el sistema de atención a los ciudadanos son los responsables médicos del centro de salud, son los que deciden. Porque usted igual que yo, escuchamos, vemos y hablamos, y hay centros de salud que atienden telefónicamente, que tienen una tasa mayor o menor, y hay otros que tienen una tasa de presencialidad mayor. Y es una decisión única y exclusivamente de los profesionales de cada centro de salud. Creo que con eso le aclaro el porqué. Lo que no podemos es por un lado alabar a los profesionales y pedir que tengan realmente capacidad de decisión y, cuando lo hacen, pues criticarlos. Nos gustará o no, pero yo creo que tienen una base profesional que es la que hay que respetar.

En cuanto a la tasa de reposición, mire, yo creo que, yo he escuchado en alguna ocasión al presidente Feijóo pedir que se cambie, yo lo he escuchado, no sé si usted no lo ha escuchado, yo lo he escuchado en alguna ocasión. Pero ya no es un tema de que lo escuchemos o no lo escuchemos, realmente, oiga, quien gobierna en Madrid son ustedes, si quieren, cámbienla.

En cuanto a las plazas de pediatría, que antes hacía mención usted y la portavoz del Bloque, es cierto que existe una carencia de plazas de pediatría, es cierto, pero es que si no se convocan plazas de MIR en España, como se les viene reclamando incluso desde la Xunta de Galicia desde hace años, no de ahora, que se convoquen más y no se convocan, pues es cierto que es una peculiaridad que tenemos en nuestro país. Quiero recordarles que España e Italia son los únicos países de la Comunidad Económica Europea que tienen una especialidad de pediatría; no quita eso que, una vez que existe, esté dotada de los medios humanos y materiales necesarios para tenerla. Pero si quien tiene que convocar las plazas no se convocan. Es muy fácil hablar de hacer las cosas, pero creo que esto, la sanidad es un tema que a todos en algún momento de la vida nos toca recurrir a ella, y que a todos nos preocupa que las cosas funcionen bien, con la escasez de recursos y las limitaciones que hay.

Pero vuelvo a decir, nosotros vamos a votar en contra de su moción, no porque lo que pidan no estemos en muchas cosas de acuerdo con ello, sino que es que lo que piden ya se está haciendo, no vamos a pedir lo que ya se está haciendo, ya le he dicho antes, le he dado datos suficientes para decirle que todas esas cosas se están haciendo, el porqué de las consultas telefónicas, el porqué de la crispación. Entiendo que la gente esté crispada o incluso a veces decepcionada con el sistema, pero, oiga, los profesionales han decidido cómo trabajar, yo creo que hay que respetarlos y escucharlos. Yo vuelvo a decirle que a lo mejor no comparto cómo lo hacen en

ocasiones, pero al menos respeto las decisiones que adopten en ese sentido.

Y en el tema de las inversiones creo que a veces, oiga, pues yo vuelvo a decir y recalcar que creo que tenemos un sistema sanitario muy bueno, de los mejores de las comunidades autónomas de España y creo que debemos estar orgulloso de él, de los profesionales que lo hacen y de la estrategia política que se ha hecho, pero que hay que reconocer que en Galicia, gracias a las inversiones que se han hecho en los centros de salud, en los hospitales, que se han hecho todos casi nuevos o reformados de una forma significativa en los últimos años, hemos podido atender esta gran pandemia que hemos sufrido. No sería lo mismo en otras circunstancias, creo que la ampliación de los centros de salud, de los nuevos y de los que se han reformado, han conseguido amortiguar el impacto tan grande que hemos tenido, creo que eso que hay que reconocerlo. Pero creo que también hay que reconocer y ser sensatos en el sentido de que no se puede pedir en un sitio una cosa y en otros sitios hacer otra. Miren, esto es una noticia de hace tres días, de hace 5 días de una revista económica, “Moncloa recorta el gasto previsto en sanidad para 2024 en 11.000 millones de euros”, en el plan que ustedes han presentado en Bruselas, no lo digo yo, un artículo de una revista económica de solvencia, en un plan que ustedes han presentado en Bruselas. Todos entendemos que los recursos son escasos, pero lo que no se puede exigir es en un sitio una cosa y en otro hacer todo lo contrario. No se pueden hacer esas cosas, igual que creo yo, oye espero y sí que le aseguro que nunca la Xunta de Galicia lo que hará es prescindir de los profesionales, como han hecho ustedes en la Comunidad Autónoma de Valencia mediante whatsapps a 3.400 personas. Creo que las formas no son esas, pero, oiga, entiendo que no es el tema de la moción, pero creo que sí que viene a colación.

Sr. Fernández Piñeiro

Brevemente, é que é curioso que compare vostede a sanidade galega coa valenciana e non coa madrileña, porque postos a recortar en sanidade o campión dos campións é a Comunidade de Madrid, gobernada polo seu partido, pero, claro, non interesa, hai que falar de Valencia. Pero, ben, poderíamos falar longo e tendido de Madrid, da súa sanidade e de como estivo a xestionar a Comunidade de Madrid esta pandemia, e todos teríamos moito que dicir e seguramente en privado compartirían vostedes a miña opinión, moitos de vostedes.

Sobre que se pedimos unha cousa nun sitio e outra noutra, eu no sitio no que estou é neste e no meu concello, e nos dous sitios sempre pido o mesmo. Eu non son membro do Goberno de España nin estou no Parlamento español, o que si sei, por exemplo, no que se refire á taxa de reposición, que foi unha medida aprobada inicialmente polo Partido Popular cando gobernaba; por certo, a taxa de reposición era dun 50%, agora xa é do 100, e do 115 nalgúns grupos; por tanto, algo se foi avanzando, pero eu sigo reclamando ao meu partido, neste caso no que está sustentando o Goberno de España, que modifique esa norma. Por iso sempre lle digo que a comparación entre vostedes e nós á hora de reclamar sempre saen perdendo, e estámolo vendo con esta moción. Pídese algo á Xunta e agora resulta que non van votar favor porque xa se está facendo, e se non se estivese facendo, tampouco ían votar a favor, todos o sabemos, porque no momento en que aquí se reclama algo á

Xunta, e se deixa entrever que algo non se fai ben de todo, que non pasa nada, oia, se non pasa nada por recoñecer que non somos perfectos, eu na miña xestión no meu concello tamén me equivoco e tamén fago cousas mal, e hai cousas que non son capaz de facer. No caso da Xunta da Galicia vostedes son incapaces de apoiar nada no que se faga unha pequena reclamación onde se deixe ver que algo é mellorable, todo é marabilloso, a situación sanitaria é moi boa, en comparación con outras zonas do Estado. Eu xa lle empecei a dicir que no tema da pandemia é mellor que noutras zonas, e á parte a persoa que me contaxiou, que é de Madrid, teño para comparar, como foi o seu seguimento e como foi o meu, e é abismal a mellora con respecto a esa comunidade autónoma, que tamén goberna o Partido Popular. Polo tanto, ben, poderíamos entrar a comparar de forma distinta.

En todo caso, o que di vostede agora, esa forma de escudarse en que “la decisión la toman los centros de salud”, ben, paréceme moi ben, pero se a decisión está mal tomada hai uns responsables sanitarios que poden tomar medidas para que iso non sexa así. Porque os centros de saúde tamén fan moitas reclamacións moitas veces que non se atenden. Entón, se o que diga o centro de saúde se santifica sempre, haberá que facelo no bo e no malo, non só cando coincida cos intereses da Xunta de Galicia, senón que cando non coincida tamén haberá algo que dicir. Porque a min que me diga vostede, “non, é que o centro de saúde son eles os que se organizan e o piden así”, pero entón o conselleiro de Sanidade non ten nada que dicir? Parécelle ben? Parécelle mal? Se non lle parece ben e non o comparte, e polo tanto comparten vostedes a nosa proposta, o normal será que adopte medidas para que non sexan os centros de saúde os que tomen esa decisión, que dende o noso punto de vista e dende o seu, podería eu entender, non é correcta. Porque non me deu vostede ningunha explicación técnica de por que non se está a atender, díxome que a decisión a toman eles, pero en base a que? É dicir, non son o reino de taifas os centros de saúde, entendo que hai unha coordinación por parte da Consellería, e, se a Consellería e os máximos responsables entenden que as cousas non se están a facer ben e non ten sentido que non se atenda a xente en persoa en primaria cando si se atende noutros ámbitos da sanidade, o normal é que adopten as medidas oportunas para que iso non ocorra. E pódeno facer perfectamente.

Polo tanto, non nos escudemos nos profesionais, que nós os alabamos pola súa xestión, pero tampouco son perfectos, coma nós, pódense equivocar. E neste caso, se a decisión, como di vostede, que non tiña ese dato, depende deles, pois para min están errados. Pero, en todo caso, hai un responsable por riba deles, que é a Consellería e, se tampouco a comparte, pois que adopte as medidas que teña que adoptar. Xa lle digo, é un clamor na rúa, calquera que escoite este tipo de argumentos pois quedará un pouco abraiado porque non sustentan moito, digamos, esa decisión que ninguén entende.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Durán Guillán

Brevemente, solo decir nosotros en ningún momento no reconocemos errores de planificación porque existen, sí que creemos que cuando se adopta una medida y se toma una decisión hay que ser consecuente con ella, y, si los profesionales

deciden, pues tendrán sus motivos; desconozco cuál es el criterio que siguen para hacerlo, pero confío en que es un profesional para haberlo hecho.

Y en cuanto a la comparación de Madrid, pues mire, yo solo para terminar, creo que el resultado se ha sabido hace un mes y pico, lo que opinan los vecinos, igual que se ha sabido hace 10 meses lo que opinan los gallegos de la sanidad gallega. Nada más.

Sr. Presidente

Ben, rematamos, simplemente como apunte ao que dicía o deputado do Grupo Popular respecto a que a previsión do Estado español en Europa para o ano que vén son 21.000 millóns menos de euros en sanidade, e recorría a unha revista económica, eu recorro a outra para dicirlle que o sobrecusto da Covid en España durante o ano 2020 ten unha factura de 21.997 millóns de euros, exactamente o que non vai haber que gastar o ano que vén. Non quere dicir que vaia haber menos investimento en sanidade, senón menos investimento, e grazas a Deus, en atallar unha pandemia que se supón que o ano que vén xa simplemente será unha vacina ou unha pastilla e pouco máis, grazas a Deus. Procedemos á votación.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados/as (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 13 deputados/as (PP)

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

"Moción dos Grupos provinciais do PSdeG-PSOE e BNG - situación da sanidade pública galega

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A xestión da sanidade pública xa non gozaba de boa saúde antes da pandemia. Despois de máis dun ano de pandemia podemos presumir do noso sistema sanitario so grazas ao traballo impagable e incansable dos seus e das súas profesionais en canto á atención hospitalaria.

Do mesmo xeito, a Atención Primaria contaba xa cunha situación tamén moi deficiente sendo obxecto de debate e de queixas continuadas por parte de colectivos de profesionais e usuarios do sistema sanitario de Galicia nos últimos tempos antes da pandemia.

Dende marzo de 2020 a situación de xestión agravouse exponencialmente, xa que se tiveron que suspender consultas, probas diagnósticas e intervencións cirúrxicas que non fixeron máis que incrementar unha xa dilatada lista de agarda no noso sistema sanitario.

A falta de profesionais, a escasa organización dos centros, a ausencia da atención primaria nos órganos de dirección, a falla de coordinación entre a dirección do

sistema sanitario e os e as profesionais, etc. fixo que a pandemia intensificara estes problemas e fíxoos de necesaria e urxente resolución. As barreiras actuais de acceso aos Centros de Saúde de atención primaria, as dificultades mesmo para comunicarse cos profesionais destes centros e o difícil acceso ás especialidades hospitalarias afecta á saúde da poboación e xera un malestar tanto no persoal sanitario como a nivel social. A maiores esta situación provoca unha maior utilización da sanidade privada o que significa, sen dúbida algunha, unha desigualdade no acceso á atención sanitaria.

A modificación da Lei de Saúde de Galicia, ante a que xa pesa un recurso de anticonstitucionalidade por entender que se introducen restricións e limitacións aos dereitos fundamentais (que so poden ser ditados pola lexislación estatal) é a mostra da intención do goberno galego de sobrepoñer o recorte dereitos fundamentais por encima da tarefa de realizar unha planificación adecuada para saír da crise sanitaria actual. É a mostra de que o goberno galego, unha vez máis, pretende legislar aquilo que non lle corresponde e deixa valeiras as responsabilidades de xestión que si son da súa competencia.

Polo anteriormente exposto, o pleno da Deputación Provincial de A Coruña acorda instar a Xunta de Galiza:

A elaborar un Plan urxente para a Recuperación do Sistema Sanitario Público de Galicia que permita a redución nos atrasos na atención especializada (consultas, probas diagnósticas e cirurxías) atrasos incrementados polas cancelacións derivadas da pandemia.

A reabrir de forma inmediata os centros de atención primaria para consultas e atención aos doentes limitando as consultas telefónicas aos trámites para os que foron creados e que non precisen da consulta do persoal profesional médico.

A modificar os orzamentos da Comunidade autónoma para incrementar o número de profesionais sanitarios así como dotar de estabilidade laboral aos mesmos, poñendo fin á elevada precariedade existente no sistema sanitario galego."

Sr. Presidente

Hai unha moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre a imposición de peaxes nas estradas galegas.

2.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre imposición de peaxes nas estradas galegas.

A finais do pasado mes de abril soubemos que o goberno do estado incluíu no seu Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia remitido á Unión Europea un "sistema de pago por uso", é dicir, de peaxe en vías de alta capacidade, nomeadamente, nas autovías aínda que tamén se contemplaba a súa extensión á

rede secundaria de estradas.

Esta medida, que prevé xerar uns ingresos anuais de 12.649 millóns de euros anuais segundo os cálculos da patronal da construción de estradas, SEOPAN, xustifícase, en palabras dos voceiros gobernamentais, pola necesidade de cubrir os gastos de mantemento deste tipo de vías, que se estima deficitaria en cerca de 1.000 millóns de euros anuais no conxunto do estado. Así mesmo, ás razóns devanditas, engádeselle a de reducir as emisións de CO2 á atmosfera favorecendo o emprego de medios de transporte alternativos con menor pegada ecolóxica, como o tren.

Esta medida suscitou, desde o seu anuncio, unha forte resposta social, tanto desde o sector dos profesionais do transporte por estrada, que advertiu que a suba no custe do transporte por estrada, que move máis do 90% do total a nivel de estado, repercutiría no prezo final ao consumidor das mercadorías e dos bens de consumo; como desde as asociacións de condutores, que alarmaron sobre a perda en seguridade que esta medida provocaría ao desviar cara a estradas secundarias non adaptadas parte do tráfico pesado que agora mesmo emprega a rede de vías de alta capacidade.

Resulta tamén evidente, ao comprobar o desfase entre os ingresos previstos e o custe do mantemento destas vías, que estamos ante unha medida con afán recadatorio, que agocha, baixo a retórica ecoloxista, o que en realidade é unha suba de impostos que imputa o mesmo prezo público ao usuario final dun servizo público con independencia do seu nivel de renda. É dicir, estamos ante unha política fiscal indirecta e regresiva, que vai en dirección contraria ao establecido na Constitución e no concepto de xustiza fiscal.

Por todo o devandito, o Grupo Provincial da Marea Atlántica solicítalle ao Pleno da Deputación da Coruña a adopción dos seguintes **acordos**:

1º A non aplicación do sistema de pago por uso que o goberno pretende aplicar en vías de uso gratuíto como son as autovías.

2º O recurso ás políticas fiscais directas e progresivas para atallar o déficit público e cubrir os custe dos servizos públicos.

Sr. Lema Suárez

Grazas, presidente.

Soubemos durante o pasado mes de abril que no borrador do proxecto do Plan de recuperación, de transformación e resiliencia remitida á UE por parte do Goberno español incluíase un sistema de pago por uso, é dicir, de peaxe en vías de alta capacidade, nomeadamente nas autovías, aínda que tamén se contemplaba a súa extensión á rede secundaria de estradas.

Esta medida que prevé ingresar anualmente uns 12.649 millóns de euros anuais, segundo os cálculos da patronal da construción de estradas, SEOPAN,

xustificase, en palabras dos voceiros gobernamentais, pola necesidade de cubrir os gastos de mantemento deste tipo de vías, que se estima deficitaria en cerca de mil millóns de euros anuais no conxunto do Estado. Así mesmo, ás razóns devanditas engádeselle a de reducir as emisións de CO₂ á atmosfera, favorecendo o emprego de medios de transportes alternativos con menor pegada ecolóxica, como sería, por exemplo, o caso do tren.

Esta medida suscitou desde o seu anuncio unha forte resposta social, tanto desde o sector dos profesionais do transporte por estrada, que advertiron que no custo de transporte por estrada, que move máis do 90% do total a nivel do Estado, acabaría repercutindo no prezo final ao consumidor das mercadorías e dos bens de consumo, como desde as asociacións de condutores que alarmaron sobre a perda de seguridade que esta medida provocaría, ao desviar cara a estradas secundarias non adaptadas ao tráfico pesado que agora mesmo emprega a rede de vías de alta capacidade.

Resulta tamén evidente comprobar o desfase entre os ingresos previstos e o custo anual do mantemento destas vías que estamos ante unha medida cun afán recadatorio que agocha, baixo a retórica ecoloxista, o que en realidade é unha suba de impostos que imputa o mesmo prezo público ao usuario final dun servizo con independencia do seu nivel de renda. É dicir, estamos ante unha política fiscal indirecta regresiva, que vai en dirección contraria ao establecido na propia Constitución española e no concepto de xustiza fiscal.

Por todo o anterior, o Grupo Provincial Marea Atlántica solicítalle ao Pleno da Deputación da Coruña a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: instar o Goberno do Estado á non aplicación do sistema de pago por uso que pretende aplicar en vías de uso gratuíto como son as autovías.

Segundo: o recurso ás políticas fiscais directas e progresivas para atallar o déficit público e cubrir os custos dos servizos públicos.

Nada máis e moitas grazas.

Sra. Muíño Filgueira

Ben, nós pola nosa parte, expresamos o acordo tanto coa parte expositiva como coa parte de acordos desta moción, anunciamos que o noso voto vai ser favorable. Esta proposta de medida entendemos que ademais resulta pois tamén incluso na parte verde de solucións de promover transporte público pois, ben, tendo en conta que no noso país realmente as infraestruturas de transporte público e mobilidade a nivel interior pois son francamente deficitarias, e a maioría da poboación ten que desprazarse por estrada tamén para o transporte de mercadorías, entendemos pois que é un prexuízo para a poboación xeral, que ve como ademais explicaba ben o Sr. Lema pois é un imposto que se aplica de xeito lineal con independencia da capacidade económica e que ademais no noso país comporta un enorme prexuízo para traballadores e traballadoras, para empresas e tamén logo para

consumidores ao ver imputado no prezo final de moitos produtos o sobrecusto do seu transporte.

Tamén chamar a atención que, mentres estamos á espera de que se cumpra o compromiso de baixar as peaxes da AP-9, pois nos atopamos cunha nova proposta de aplicar unha tarifa ás autovías cando o transporte por estrada, como digo, é case a alternativa exclusiva que podemos utilizar no país. Entón, nada, anunciamos o noso voto a favor.

Sr. Fernández Piñeiro

Nós xa anuncio que imos votar a favor desta moción, que vai dirixida cunha reclamación ao noso partido e, como xa se está a facer, votamos a favor. Esa é a diferenza con respecto á postura do seu grupo na anterior, como xa se está a facer, votamos en contra, para que vexan vostedes que non somos todos iguais.

E digo por que xa se está a facer, porque o ministro Ábalos xa dixo nunha comparecencia no Senado e cito textualmente: “No tiene ningún plan cerrado sobre cobro en las carreteras y que non se hará si no lo apoya la mayoría del Congreso y el sector del transporte”. Polo tanto, xa queda claro que iso non é así, xa hai grupos que se manifestaron afirmando que non o ían apoiar e, polo tanto, non se vai facer. Ben, pois nós votamos a favor da moción porque é algo que xa se está a facer.

Moitas grazas.

Sra. Aneiros Barros

Muchas gracias y buenos días a todos.

Bueno, pues efectivamente hace unos días conocíamos la presentación por parte del Gobierno del Estado de ese documento ante la Unión Europea en Bruselas, ese Plan de recuperación, transformación y resiliencia en el que se incluyen una serie de medidas que el Gobierno pretende adoptar para compensar esas ayudas, esos fondos que vamos a recibir, esos 140.000 millones de euros. Y entre ellas, efectivamente, de una forma sorpresiva, pues aparecía una que es la de extender los peajes a las autovías de titularidad estatal, un mecanismo de pago por el uso de la red estatal de alta capacidad de vías, por tanto, que hasta ahora eran gratuitas. Creemos, desde luego, que se trata de un nuevo sablazo a los bolsillos de todos los españoles, un nuevo impuesto que va a repercutir en todos los ciudadanos y que se tramita además con nocturnidad y alevosía por parte del Gobierno central, sin el más mínimo diálogo ni consenso, ya no solo con los grupos parlamentarios, sino en especial quiero destacar la falta de diálogo con los sectores más afectados, entre los que tengo que destacar el sector del transporte.

Creo que son ya demasiados los impuestos que este Gobierno pretende aplicar: impuestos al diésel, a los billetes de avión, a las bebidas azucaradas, a los seguros, impuesto de matriculación incrementado y ahora este impuesto que no deja de ser un impuesto de circulación.

Es curioso que por parte del Gobierno se pretenda vender estos peajes como un impuesto a la contaminación, ese principio de “quien contamina paga” o en este caso “quien usa paga”, algo que no es más que una falacia, al igual que justificarla diciendo que el objetivo es el mantenimiento y la conservación de las vías.

En cuanto a la valoración de la medida, decir que es una medida que tiene importantes inconvenientes. En primer lugar, el hecho de que en muchos casos no existen itinerarios alternativos a las vías a las que se va a aplicar este tipo de peajes; y, en segundo lugar, que en los casos en los que sí existe algún tipo de itinerario alternativo, las consecuencias que se producirían son evidentes, en cuanto a que supondría un aumento de afluencia de vehículos en perjuicio de la seguridad vial y con un aumento evidente de la siniestralidad, además de que con esta medida el transportista ya no solo tendrá que hacer frente a los gastos habituales, sino también hacerse cargo del impuesto de circulación, de los combustibles, de los impuestos que eso supone, del mantenimiento de su vehículo y de este otro impuesto que, sin ninguna duda, repercutiría en los consumidores. Es decir, al final generaría un incremento del coste de todos aquellos productos que se transportan por carretera y que son muchos de ellos de primera necesidad, y serían finalmente los consumidores los que tendrían que sufrir las consecuencias de este incremento inevitable de los precios. Es por eso que queremos manifestar nuestra más rotunda oposición a esta medida que lanza el Gobierno, no sé si a modo de globo sonda, esta medida de imponer estos peajes a las autovías que hasta ahora decía que eran gratuitas.

Bueno, no deja de sorprender las afirmaciones que ahora nos hacía el portavoz del Partido Socialista, apelando a las palabras del señor Ábalos, desde luego creo que la credibilidad del señor Ábalos está bastante en entredicho y no voy a hacer referencia a las veces en las que ha variado sus versiones en distintas circunstancias pero que, desde luego, insisto, su credibilidad desde luego es bastante escasa y si tenemos que fiarnos de lo que él dice, es evidente que tendremos que enfrentarnos a esta medida, es más, en el Congreso de los Diputados esta fue una medida que fue defendida por el Partido Socialista, que apoyó el Partido Socialista hace escasos días. Por tanto, esa tranquilidad que se nos transmite por parte del portavoz del Partido Socialista creo que, desde luego, a este grupo no nos llega y por eso mantenemos este apoyo a esta cuestión.

Celebramos que en Coruña el Partido Socialista también la apoye, pero lamentamos que el Partido Socialista la mantenga a nivel nacional que es lo que, en definitiva, puede generar la aplicación de una medida que además tiene graves consecuencias para Galicia porque, efectivamente, es una medida totalmente discriminatoria con nuestra comunidad autónoma, y es que no podemos olvidar que precisamente esos peajes eran por kilómetro recorrido y por eso resulta un agravio comparativo con los gallegos en cuanto que somos una región periférica y eso es evidente que tiene unos costes a mayores para nuestra comunidad.

Decir, para ir terminando, que no podemos evitar, hablando de peajes, hacer un recordatorio de las cuestiones pendientes que el Gobierno central tiene con Galicia. Lamentar que seguimos esperando que se concrete la fecha en la que se pongan en marcha esas bonificaciones a que el Gobierno Nacional se comprometió,

el Gobierno socialista de Madrid se comprometió a poner en marcha en la AP-9 y que seguimos esperando.

Tampoco queremos pensar que tenga nada que ver ese retraso en la puesta en marcha de estas bonificaciones con esta nueva medida, esperemos que no sea una forma de compensar una medida con la otra, no lo queremos pensar y esperemos que no sea así.

Y, por otro lado, también otro tema pendiente sobre el que no existen avances, que es esa transferencia de la AP-9 también a nuestra comunidad, otro asunto que sigue a la espera y que también aprovechamos para recordar.

Decía, y ya para ir terminando, que estamos dispuestos y por supuesto que defendemos y nos oponemos a esta medida y por tanto apoyamos el primer punto de la moción que se plantea, pero sí nos gustaría solicitar, en aras de buscar ese apoyo a esta medida, la posibilidad de que sea votada por puntos porque, si bien defendemos y aceptamos ese primer punto, no podemos hacer lo mismo con respecto al segundo. Creemos que no se puede seguir asfixiando a los ciudadanos con mayor presión fiscal que la que ya de por sí está llevando a cabo este Gobierno. No podemos compartir que se recurra a la política fiscal directa para atajar el déficit público y cubrir el coste de los servicios públicos. Desde luego, los ciudadanos ya no pueden soportar más imposición fiscal y mucho menos en los momentos que estamos viviendo derivados de esa crisis sanitaria y que han llevado a la mayor caída del PIB de nuestro país desde la Guerra Civil.

No se puede cargar en las espaldas de los ciudadanos más presión fiscal que la que ya tienen. Así, mientras que en los demás países europeos lo que se está haciendo es incentivar las economías para que las empresas vuelvan a trabajar, vuelvan a generar riqueza, incluso reduciendo impuestos, pues en España lo que nos encontramos es con un Gobierno que se define como el más progresista pero que en cambio a lo que se dedica es a subir impuestos, a lo que se suma cuestiones como el incremento de las cuotas a la Seguridad Social para los autónomos, cuestiones como la anulación que pretenden llevar a cabo con una modificación del IRPF para suprimir la posibilidad de que se hagan declaraciones conjuntas, subidas al precio de la luz, al gasoil, eliminación de desgravaciones a los planes de pensiones privados, incrementos en los precios de pólizas de seguros, de pólizas de hogar, de vehículos.

De verdad, si creen que la solución es seguir subiendo impuestos a los ciudadanos, desde luego nosotros no lo compartimos. Creemos que las economías ya están al límite en este momento ya con lo que hay, y con lo que hay previsto más al límite que van a estar.

Por tanto, insisto, pedimos la votación por puntos para poder suscribir el primero de los puntos, aunque no podemos hacer lo mismo con el segundo.

Nada más, muchas gracias.

Sr. Fernández Piñeiro

Non sei se este debate xa inclúe o da moción do Partido Popular da baixada de impostos, porque adiantou moitos dos argumentos, entendo, a persoa do Partido Popular que acaba de falar, eu vou reservar algúns deles para despois.

En todo caso, é un debate absurdo. Isto é como se eu digo agora: *en Venus hay vida y la gente se queja porque no hay infraestructuras*, e empezamos a debater sobre iso. *Hay un puente que une el cráter número 2 con el 3 y está en malas condiciones* e en fin...

O señor Ábalos di que non o vai haber e a vostede dálle igual, e segue falando dez minutos e agora o problema é a credibilidade. Claro, la credibilidad de Ábalos solo se pone en cuestión cuando dice lo que no nos interesa. Resulta que cuando dice que lo va a subir no ponen ustedes en cuestión su credibilidad. É dicir, se é un tramposo por que só é tramposo cando di que isto non se vai a levar a cabo? É dicir, cando dixó que se estaba estudando e que estaban pensando en poñelo en marcha, vostedes saíron tal, ningún de vostedes dixó: non, non lle fagades caso que isto non ten ningunha credibilidade. Pero resulta que cando di e o di el no Senado en comparecencia que, se non hai unanimidade, non se vai aprobar e que, polo tanto, como non hai nin co sector do transporte nin co resto de grupos parlamentarios, non se vai levar a cabo, daquela poñen a súa credibilidade en entredito, pois é curioso, e é curioso ademais que isto o diga o Partido Popular, porque no ano 2016 o Partido Popular na súa proposta, que a teño por aquí, había unha cousa que lle chamaban La Euroviñeta, esa tasa sobre los camiones pesados que pagarían así un impuesto por usar las carreteras y autovías; isto foi o Partido Popular no ano 16 co señor Montoro, e ao final fixo o mesmo que o señor Ábalos: abriu o debate, viu que non había consenso e retirouno. Por certo, o señor Montoro, nunha lexislatura na que o Partido Popular foi o Goberno da historia de España que máis impostos subiu, pero despois falaremos con iso, e iso non o digo eu, dio a Comunidade Económica Europea e o FEDER, o Goberno da historia da democracia.

Fala vostede tamén do tema do PIB, “es que llegamos a un PIB del 117”, si, é certo, é certo que Mariano Rajoy o deixou no 100,8, e colleuno no 70, un incremento da débeda do 30%. Este Goberno colleuno no 108 e estamos no 117, porque hai un 3%, algo máis dun 3% da débeda do PIB que se debe á quebra do Sareb, aquel Sareb que dicía o señor De Guindos que ía ser unha marabilla que a partir de non sei que ano ía dar beneficios e só deu perdas por un importe de 35.000 millóns de euros. Pero, ben, diso falaremos despois se quere vostede.

Repito, non ten moito sentido debater sobre algo que non se vai dar, por iso nós imos apoiar a moción. E a verdade é que o mellor exemplo deste surrealismo que estamos a vivir con este debate é que vostede vai apoiar a moción porque non están a favor de que se faga iso e nós tamén imos apoiar esa moción porque non se vai facer, é curioso, ao final o compañeiro Lema estará encantado porque a súa moción vai saír por unanimidade. Loxicamente os motivos polos que imos votar nós e vostedes son totalmente contrarios, pero ben é unha cuestión que a verdade chama bastante a atención.

Dito isto, eu quédome co que di o ministro, e díxoo no Senado, non se vai levar a cabo, o mesmo que fixo o señor Montoro, abriu o debate e non o levou, polo tanto, é un debate estéril e non lle penso dedicar tampouco moito máis tempo porque, repito, como non se vai facer non ten moito sentido.

Moitas grazas.

Sr. Lema Suárez

Despois de escoitar falar o voceiro do Partido Socialista, entendo que ao señor Ábalos hai que facerlle caso a segunda vez que fala, non a primeira, non? Estamos aquí sendo abalólogos todos, a primeira vez non é tanto de fiar, a segunda si, dá igual.

O que pon o segundo punto, señora representante do Partido Popular, é que se recorra ás políticas fiscais directas e progresivas para atallar o déficit público, iso é o que consta na Constitución. Eu non vou aquí agora a disputarlle a vostede quen dos dous é máis constitucionalista, pero entendo que os pais da Constitución non eran criptocomunistas, nin maoístas, senón que pensaban, tiñan certo sentido dun Estado social, de feito, é como se define o Estado español no primeiro artigo da Constitución, e como tal aplicárase unha política fiscal que sexa progresiva e que sexa de imposición directa, porque o que é certo é que o que non existe é a arte de maxia en política económica, ou sexa, non podemos baixar os impostos indirectos, baixar os impostos directos e conservar servizos públicos. Entón, aquí hai que dicir tamén, haberá despois un debate no que se fale de política fiscal, haberá que dicir a costa de que se queren baixar os impostos, porque se baixamos os impostos sobe a débeda, quero dicir, non existen as dietas milagre, isto non acontece en política económica. Se deixamos de ingresar, imos ter máis débeda pública, que vai haber que pagar algún día dalgún xeito, con impostos directos ou impostos indirectos. Acaban vostedes de dicir que esta medida impositiva lles parece inxusta, e eu compártoo, estamos por definición en contra dos impostos indirectos, pero en tal caso haberá que aplicar outra política fiscal. Eu dígolles que a que prescribe a propia Constitución, que vostedes un e outro día asumen como se fose a Sagrada Biblia. Ben, pois sexamos tamén constitucionalistas na política fiscal. Polo tanto, voten vostedes o que lles pareza, pero nós non imos retirar ese segundo punto.

Moitas grazas.

Sra. Aneiros Barros

Simplemente un par de cuestións. Yo no pedía que retiraran el punto, lo que he pedido es que se vote por puntos, es simplemente lo que he solicitado, la posibilidad de que en vez de una sean dos votaciones y que nos permita apoyar el primer punto, en el que claramente coincidimos, y dejar aparte el segundo, simplemente. No he pedido en ningún caso que se retirara ni que se modificara de ninguna manera la moción.

Y yo, simplemente por contestarle al señor Fernández, mire, no me llama la

atención que empiece ya su intervención, su segunda intervención, calificando de absurdo el debate porque, en fin, yo por lo menos centré mi intervención primera en el tema que nos ocupa, no como usted. Y, mire, a mí me parece fantástico que usted confíe plenamente en la palabra del señor Ábalos, allá usted con sus líderes políticos en los que fía su futuro. Yo de lo que le hablo es de que el 27 de mayo, es decir, este jueves, hubo una votación en el Pleno del Congreso de los Diputados en la que el Pleno rechazó, con los votos por supuesto del Partido Socialista, una propuesta del Partido Popular que exigía al Gobierno rectificar su propuesta de extender el sistema de peajes a todas las carreteras. El Partido Socialista votó en contra de retirar esta propuesta. Por tanto, usted puede seguir creyendo al señor Ábalos, yo no voy a hacer más valoraciones de una persona que, insisto, creo que su falta de credibilidad está más que acreditada, de lo que le estoy hablando es del posicionamiento del Partido Socialista en Madrid, en el Congreso de los Diputados, el pasado jueves, que fue el pasado 27 de mayo, ayer concretamente, votó en contra. Yo creo que sobran las palabras, sobran las interpretaciones, sobran las cuestiones que usted está citando. Hay un posicionamiento claro, los argumentos los tendrá el Partido Socialista y desde luego nosotros no los compartimos, pero la realidad es que ya tuvo la posibilidad de votar a favor de rechazar esta propuesta y no lo ha hecho.

Por mi parte nada más. Gracias.

Sr. Fernández Piñeiro

Falar de credibilidade e de autovías e de cobrar polas autovías vindo do Partido Popular, podo falarlle da autovía de Carballo, non sei se os transportistas que van pola autovía de Carballo e pagan por ela, por decisión da Xunta de Galicia, pois non repercuten os gastos de pagar naquelas mercadorías que están a transportar, etcétera, etcétera. É dicir, vostedes que sustentan un Goberno nesta comunidade autónoma teñen unha autovía de peaxe por decisión dese Goberno. Que pasa? Os veciños de Carballo son de segunda, terceira, cuarta división, ben, Carballo ou Costa da Morte, todos os que transitan por ela, e os que van pola autovía que vai a Madrid por Lugo son de primeira? Ben, pois penso que sería bo, postos a esixir que non se cobren peaxes nas autovías, que empecemos por aplicalo nós mesmos. Eu exíxolle ao Goberno do Estado, non estou de acordo con que se pague por utilizar as autovías, e exíxollo tamén á Xunta de Galicia, non sei se vostede está de acordo en que paguen na de Carballo e na que vai a Lugo non, sería importante sabelo, tendo en conta que é unha contradición en si mesma. Eu xa digo, eu estou en contra en todos os casos, e por iso lle pido ao meu Goberno que rectifique. Espero que vostede lle pida ao Goberno da Xunta de Galicia tamén que liberalice esa peaxe de Carballo, porque sería importante.

Hai unha cuestión na que vostedes insisten moito a nivel partido, incluso a nivel estatal, que é intentar convencer as clases medias e as clases baixas de que están no mesmo barco fiscal que os ricos, un pouco o que dicía o señor Lema antes, o punto dous desta moción, o recurso ás políticas fiscais directas e progresivas, perfectamente o aclarou, está na Constitución. Loxicamente os que máis pagan terán que colaborar máis, e, home, se ninguén paga impostos neste país pois non sei que imos facer. Iso non quere dicir que se paguen de forma inxusta e que os que menos

teñen teñan que pagar máis, non. Haberá que buscar un sistema para que os que máis teñen paguen máis, pero precisamente aí é onde vostedes sempre coxean.

E, para finalizar, non me vou estender máis, sobre a votación do meu partido en Madrid pois cometeu o mesmo erro que vostedes na primeira moción: votar en contra de algo porque xa se estaba facendo. O ministro Ábalos dixo que non se ía aprobar e por iso votaron en contra da moción do PP, mal feito, tiñan que votar a favor porque, como non se vai facer, quedarían ben. Aí cometeron un erro e eu téño que dicir aquí publicamente, o mesmo que cometeron vostedes hai unha moción nada máis.

Moitas grazas.

Sr. García Seoane

Eu non ía intervir, pero aproveitando que se está falando de Ábalos, de autoestradas e de peaxes, eu o que lle pediría ao mellor a toda a Corporación era que, se o autoriza o compañeiro que presenta a moción, que se lle recordara ao señor Ábalos que autorizara dunha p... vez a conexión da vía Ártabra coa Autoestrada do Atlántico, isto si que son temas importantes para a comunidade, que aínda está sen resolver, estanse facendo as obras e está sen resolver. Polo tanto, ese señor que é ministro, que está alá Valencia, que todo vai por Valencia e todo vai polas costas de Levante, pois que se acorde de que se está facendo unha obra importantísima aquí, estamos falando de estradas e que no día de hoxe aínda non se coñece se vai poder a Xunta conectar a vía Ártabra coa Autoestrada do Atlántico. Nada máis.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por unanimidade, aproba a seguinte moción:

"Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre imposición de peaxes nas estradas galegas.

A finais do pasado mes de abril soubemos que o goberno do estado incluíu no seu Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia remitido á Unión Europea un "sistema de pago por uso", é dicir, de peaxe en vías de alta capacidade, nomeadamente, nas autovías aínda que tamén se contemplaba a súa extensión á rede secundaria de estradas.

Esta medida, que prevé xerar uns ingresos anuais de 12.649 millóns de euros anuais segundo os cálculos da patronal da construción de estradas, SEOPAN, xustifícase, en

palabras dos voceiros gobernamentais, pola necesidade de cubrir os gastos de mantemento deste tipo de vías, que se estima deficitaria en cerca de 1.000 millóns de euros anuais no conxunto do estado. Así mesmo, ás razóns devanditas, engádeselle a de reducir as emisións de CO2 á atmosfera favorecendo o emprego de medios de transporte alternativos con menor pegada ecolóxica, como o tren.

Esta medida suscitou, desde o seu anuncio, unha forte resposta social, tanto desde o sector dos profesionais do transporte por estrada, que advertiu que a suba no custe do transporte por estrada, que move máis do 90% do total a nivel de estado, repercutiría no prezo final ao consumidor das mercadorías e dos bens de consumo; como desde as asociacións de condutores, que alarmaron sobre a perda en seguridade que esta medida provocaría ao desviar cara a estradas secundarias non adaptadas parte do tráfico pesado que agora mesmo emprega a rede de vías de alta capacidade.

Resulta tamén evidente, ao comprobar o desfase entre os ingresos previstos e o custe do mantemento destas vías, que estamos ante unha medida con afán recadatorio, que agocha, baixo a retórica ecoloxista, o que en realidade é unha suba de impostos que imputa o mesmo prezo público ao usuario final dun servizo público con independencia do seu nivel de renda. É dicir, estamos ante unha política fiscal indirecta e regresiva, que vai en dirección contraria ao establecido na Constitución e no concepto de xustiza fiscal.

Por todo o devandito, o Grupo Provincial da Marea Atlántica solíciatlle ao Pleno da Deputación da Coruña a adopción dos seguintes **acordos**:

1º A non aplicación do sistema de pago por uso que o goberno pretende aplicar en vías de uso gratuíto como son as autovías.

2º O recurso ás políticas fiscais directas e progresivas para atallar o déficit público e cubrir os custe dos servizos públicos."

Sr. Presidente

A seguinte é unha moción que presenta o Grupo Provincial Popular na que se insta o Goberno de España a anular as subidas de impostos que entraron en vigor en 2021 e non poñer en marcha os aumentos e novos tributos incluídos no Plan de recuperación, transformación e resiliencia enviado a Bruxelas.

3.Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación de A Coruña, para instar ao goberno de España a anular as subidas de impostos que entraron en vigor en 2021 e non poñer en marcha os aumentos e novos tributos incluídos no plan de recuperación, transformación e resiliencia enviado a Bruxelas.

En 2020, o PIB español afundiuse un 11%. Trátase da maior caída desde que se teñen datos, desde o fin da Guerra Civil, e a maior dos países da OCDE.

A débeda pública española alcanzou os 1,37 billóns de euros, a cifra máis alta desde a guerra de Cuba. En só un ano, a débeda de España incrementouse en 122.439 millóns de euros e escalou ata supoñer o 122% do PIB.

Para entendela mellor, o incremento da débeda do ano 2020 comeríase "" por se só o 88% dos fondos de recuperación que o noso país recibirá da Unión Europea nos próximos ata 2026 (140.000 millóns de euros).

En 2020, España destruíu 622.000 empregos e a taxa de paro ascendeu ao 16,13%. Segundo os datos de Eurostat, case o 40% do aumento do paro na eurozona concentrouse en España, situándose o noso país á cabeza do desemprego en Europa.

En 2021, o panorama non é máis alentador xa que, no primeiro trimestre do ano, España destruíu 137.000 empregos.

Na actualidade, máis de 6 millóns de españois queren traballar, pero non poden, 2 millóns engrosan as "colas da fame" e 1,2 millóns de fogares teñen a todos os seus membros en paro.

Pois ben, no peor momento das últimas décadas, o Goberno de España decidiu subir a presión fiscal ás familias.

Así, nos Orzamentos Xerais do Estado para 2021 incluíuse un aumento de recadación derivado da subida de impostos por importe de 8.000 millóns de euros.

Desde o 1 xaneiro de 2021:

subiu o imposto de matriculación

incrementouse o IVE/IVE das bebidas azucradas ata o 21%

as pólizas de seguros de fogar, de vehículos, de decesos, do comercio etc. que teñen 17,8 millóns de españois, o 95% das familias, subiron ao aumentar o imposto aos seguros.

as desgravacións que teñen millóns de españois polos seus respectivos plans de pensións, -que tanto se incentivaron ata o de agora como aforro-, quedaron reducidas a unha mínima contía.

Mentres os distintos gobernos da Unión Europea han optado por baixar a presión fiscal aos cidadáns, o goberno de Sánchez decide subilos cando os ingresos en familias, autónomos ou empresas están a verse moi reducidos e, nalgúns casos, desapareceron, contribuíndo ao maior empobrecemento dos españois, especialmente aqueles con rendas medias e baixas.

Case todos os estudos coinciden en sinalar que o 84% dos novos ingresos estatais obteranse de familias de rendas medias e medias/baixas. Só un 16% da nova recadación, aproximadamente, chegará ás arcas do Estado desde as persoas que teñen un maior poder adquisitivo.

Por se o " sablazo fiscal" incluído nos PGE para 2021 non fose suficiente coñecemos, que, entre os máis de 2.000 folios do "Plan de Recuperación, Transformación e

Resiliencia" enviado a Bruxelas, o Goberno de España esconde unha subida histórica de impostos.

Entre os aspectos máis destacados podemos mencionar:

a eliminación da redución por tributación conxunta no IRPF que beneficia a 3,7 millóns de fogares, sobre todo se teñen fillos a cargo e un dos cónxuxes está en paro ou rexistra uns ingresos moi baixos.

a eliminación ou modificación de 13 beneficios fiscais (reducións, exencións, bonificacións) desde os tipos reducidos de IVE/IVE ou a exención deste tributo en sanidade e educación, a redución en IRPF por alugueiro de vivendas ou as bonificacións dos hidrocarburos utilizados como carburante (é dicir, aumento do imposto que grava o diésel).

establecerase un imposto sobre o depósito de residuos en entulleira e á incineración e outro que grave os envases de plástico non reutilizables

ademais, a partir de 2024 o goberno impondrá unha subida de impostos indiscriminada.

A escusa que esgrime o goberno para perpetrar este atraco á sociedade española é que "España presenta un diferencial negativo de ingresos en relación coa Unión Europea" e que hai que "achegar os niveis de tributación de España á media dos países da nosa contorna" (Páx.1 do "Compoñente 28-Adaptación do sistema impositivo á realidade do século XXI" do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia).

Tamén argumentou que pretende igualar a presión fiscal española á media europea subindo impostos aos ricos que permitirán poder financiar un maior gasto social.

Ante isto hai que sinalar que a presión fiscal non é, segundo todos os expertos, o mellor indicador para valorar se un país carga aos seus cidadáns con moitos impostos ou non.

Isto é así porque en España hai unha serie de factores que provocan que a cifra de recadación e por tanto, o cociente de recadación en relación ao PIB (presión fiscal), sexan baixos: taxa de desemprego que dobra a media europea, baixa renda per cápita, maior peso da economía mergullada, etc.

Por todo, iso é máis correcto analizar o índice de esforzo fiscal que relaciona a recadación coa capacidade económica do contribuínte. E segundo este indicador, España atópase xa entre os 5 países da OCDE que maior esforzo fiscal esixen aos seus cidadáns.

E como xa vimos as subidas dos impostos indiscriminada prevista polo Goberno afectan maioritariamente as clases medias e baixas, non aos ricos.

Por todo iso, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación, ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Provincial Popular insta o Pleno da Deputación da Coruña, a adoptar as seguintes:

ACORDOS

PRIMEIRO: A Deputación da Coruña, instar o goberno de España a:

- 1- Anular o incremento de impostos incluído nos PGE para 2021.
- 2- Non poñer en marcha as subidas de impostos indiscriminada ademais dos novos tributos incluídos no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- 3- Descartar a eliminación dos beneficios fiscais que figuran no documento enviado á Unión Europea.

SEGUNDO: Dar traslado deste acordo ao Presidente do Goberno, á Ministra de Facenda, ás presidentas do Congreso e do Senado, -así como aos Portavoces dos Grupos Políticos destas cámaras-, e á Xunta de Goberno da FEMP.

Sra. Gallego Neira

Muchas gracias. Después de la lección magistral que nos ha dado el señor Fernández, me alegro de que venga con fuerza y recuperado, sabe que es de verdad, no voy a extenderme demasiado, pero bueno sí a exponer el sentido de nuestra moción y por qué se presenta.

En 2020 el PIB español se hundió un 11%, se trata de la mayor caída desde que se tienen datos desde la Guerra Civil y la mayor de los países de la OCDE. La deuda pública española alcanzó la cifra más alta desde la guerra de Cuba. En solo 1 año la deuda de España se incrementó en 122.439 millones de euros y escaló hasta suponer el 122% del PIB. Para entenderlo mejor, el incremento de la deuda en el año 2020 se comería por sí solo el 88% de los fondos de recuperación que va a recibir nuestro país de la Unión Europea en los próximos años hasta 2026, 140.000 millones de euros.

En 2020 España destruyó 622.000 empleos y la tasa de paro ascendió al 16,13%. Casi el 40% del aumento del paro en la eurozona se concentró en España, situándose nuestro país a la cabeza del desempleo en Europa. Destacamos en todo, los campeones.

En el 2021 el panorama no es más alentador, ya que en el primer trimestre del año España destruyó 137.000 empleos. En la actualidad más de 6 millones de españoles quieren trabajar pero no pueden, dos millones engrosan las colas del hambre y 1,2 millones de hogares tienen a todos sus miembros en paro.

En el peor momento de las últimas décadas el Gobierno de España decidió subir la presión fiscal a las familias, a los autónomos y pymes, a pensionistas y parados, a todo el mundo, no a los ricos, a todo el mundo. Mientras los distintos gobiernos de la Unión Europea han optado por bajar la presión fiscal a sus ciudadanos, el Gobierno de Sánchez decide subirlos cuando los ingresos en las familias, autónomos o empresas están viéndose muy reducidos y en algunos casos desaparecieron porque han tenido que dejar de trabajar por culpa de la pandemia, contribuyendo al mayor empobrecimiento de los españoles, especialmente en

aquellos con rentas medias y bajas. Casi todos los estudios, no del Partido Popular, casi todos los estudios coinciden en señalar que el 84% de los nuevos ingresos estatales se obtendrán de familias de rentas medias y medias bajas, solo un 16 % de la nueva recaudación aproximadamente llegará a las arcas del Estado desde las personas que tienen mayor poder adquisitivo. Por todo ello, presentamos esta moción instando al Pleno de la Diputación a adoptar las siguientes medidas: la Diputación insta al Gobierno de España a anular el incremento de impuestos incluidos en los Presupuestos Generales para 2021, no poner en marcha las subidas de impuestos indiscriminada además de los nuevos tributos incluidos en el Plan de recuperación, transformación y resiliencia; descartar la eliminación de beneficios fiscales que figuran en el documento enviado a la Unión Europea.

Después detallaré cuáles son los impuestos que se suben y ya debatimos.

Muchas gracias.

Sr. Lema Suárez

Moitas grazas, seguimos falando de política fiscal, non? Claro, un pouco para facer memoria recente, cando ao señor Mariano Rajoy lle tocou facerse cargo do Goberno cunhas contas estatais bastante tocadas tamén pola crise de 2008 non lle quedou outro remedio que subir impostos, non lle quedou outro remedio, fíxoo, e creo que ninguén pode negalo. Impostos indirectos, o IVE, o catastro, impostos directos, houbo que facelo porque, insisto, non existe en economía, non existen en política económica os milagres nin tampouco existen as dietas milagre. Finalmente todo isto vén sendo unha cousa de sumar e restar, cando un país como é neste momento España está nunha situación cunha débeda pública alarmantemente alta, creo que iso non pode negalo ninguén, ten un catálogo de recursos para atallala reducido, poñamos por caso que ten aproximadamente diría eu catro posibilidades.

Unha, a primeira, devaluar a moeda, sería a política monetaria clásica, devaluar a moeda e, polo tanto, devaluar tamén ese custo da débeda; a ninguén se lle escapa que España non pode facer política monetaria, é o Banco Central Europeo o único que pode regular o valor da moeda á alza ou á baixa, polo tanto non se dispón desa política.

Segunda posibilidade: rebaixar o gasto público, recortes, iso tamén o fixo o Goberno de Rajoy no seu momento, tivo unha forte contestación social, hai que dicilo. Polo tanto, cando alguén quere rebaixar a presión fiscal, polo tanto rebaixar os ingresos, polo tanto, que servizos públicos se pretenden devaluar. Falaba aquí cando facía unha defensa do sistema da sanidade pública o representante do Partido Popular de que España conta cun sistema de atención pediátrica na sanidade, ben pois ao mellor habería que dicir que se imos rebaixar política fiscal teremos que renunciar a algún servizo público, porque finalmente cando falamos de impostos falamos de modelo de sociedade, falamos de modelo de Estado, non? E este Estado e este modelo de sociedade hai que pagalo e págase unicamente a través dos impostos.

A terceira posibilidade que ten para facer fronte á débeda pública é subir impostos. Está claro que é unha medida impopular, pero sobre todo hai que saber a quen se lle soben impostos e como, e hai dúas posibilidades: unha política fiscal regresiva e indirecta, que afecta a todo o mundo por igual, prezos públicos, con independencia da súa renda todo o mundo acaba pagando o mesmo, ou política fiscal adaptada aos ingresos de cadaquén. Polo tanto, política fiscal directa e progresiva. Indican os informes do FMI que se lle recomenda ao Estado español que adapte a súa política fiscal ao tempo no que vivimos. O Estado español ten unha presión fiscal directa vía impostos de sociedades 8 puntos menor á media da OCDE, aí hai unha vía completamente razoable, non é o FMI a Comintern precisamente, senón que foi historicamente un dos eixos, unha das ferramentas que tivo a doutrina neoliberal para impoñerse sobre todo en países en vías de desenvolvemento, para empregar un termo que non sexa de desprestixio para ninguén.

E a cuarta medida, que eu creo que ninguén contempla pero que existe, e que historicamente se aplicou e que se aplicou hai moi pouco tempo tamén para facer fronte a unha forte débeda pública, é o *default*, que dito en román paladino é a bancarrota. Tense aplicado recentemente, teno feito Islandia; o caso grego é un caso clásico de estudo de que pasaría se se fose a un *default*, fíxoo Arxentina nos 90, fíxoo Rusia tamén nos 90. Non creo, desde logo non é o caso que penso que se contemple para o Estado español, entre outras cousas porque non é unha decisión que poida tomar tampouco unicamente, autonomamente o Estado español. Dígoo porque o que sabemos do acontecido en Grecia pon de manifesto que hai certas decisións que, como afectan ao conxunto da Unión Europea, son colexiadas ou non se poden tomar desde aquí.

Polo tanto, este é o marco que temos: nunha situación de débeda pública ou se devalúa a moeda, que non se pode facer; ou se rebaixa o gasto público, que hai que dicilo se se quere facer ou non, porque aquí está a cuestión, hai que subir impostos, que tampouco se quere facer; ou hai que ir á bancarrota, que eu tamén estou seguro de que non se quere facer.

Insisto, o FMI o que propón é que o Estado español equipare a súa tributación directa á media da OCDE. Eu entendo que vostedes representan aquí unha política que ten tamén os intereses de clase detrás que supostamente ten, e que vostedes non van defendelo, pero nós temos que defendelo porque entre outras cousas é xusto.

E direi tamén porque o seu modelo, e volvemos a traer aquí algo que non tocaría traer pero que por desgraza hai que traer, o modelo fiscal que representa Madrid no caso do Estado español é o modelo completamente insolidario, que efectivamente está creando unha situación de competencia desleal e de *dumping* fiscal atraendo rendas do resto do Estado para esa comunidade. E esta é a situación que estamos creando, a dunha competencia á baixa que, por suposto, vai ter consecuencias despois nunha degradación dos servizos públicos, pero o que é certo é que con todas as rendas que están atraendo para Madrid, aínda que rebaixen a media de imposición, van ingresar máis, e esta é a lóxica do *dumping*: a lóxica do *dumping* no comercio é que vendes a menos prezo pero vendes máis e, polo tanto,

gañas. Pois a lóxica do *dumping* fiscal é que ingresas, tes unha tributación menor, pero atraes máis tributación, á custa nosa, á custa nosa. Non sei cantos exemplos poderíamos citar aquí, pero... E é un proceso que ademais se vai agudizando, ou sexa, Madrid é unha aspiradora que vai tragando non sei cantas, cada vez máis empresas e sociedades que dalgunha maneira teñen a súa actividade económica, recadan noutros lugares, as enerxéticas son un caso exemplar e tributan en Madrid, entre outras cousas, para beneficiarse desas diferenzas fiscais.

Este non debe ser o modelo, non debe ser o modelo, non digo que non deba ser o modelo no caso madrileño, non debe ser o modelo no caso do Estado. Eu creo que para nós é evidente que, para entender o que aconteceu na política española nos últimos tempos e, dalgunha maneira, as tensións enormes que se viviron, que teñen outro nome, que ás veces se camuflan de cuestións de Estado e demais, o que hai detrás tamén son os intereses dos grandes oligopolios a non pagar máis impostos. Decía Warren Buffett no seu momento, o home máis rico do mundo, que o sistema fiscal estaba mal feito porque el pagaba menos impostos que a señora da limpeza, dicíao Warren Buffett, tiña razón. E eu creo que a proposta de subida de impostos do Estado nos termos en que eu os xulgo é tímida, debería ser moitísimo máis ambiciosa, non vai atallar o problema, porque temos que ir a un cambio, penso, estrutural profundo, pero que vai na dirección de intentar imputarlle o gasto fiscal a quen máis ten, e iso por último é un argumento que tal vez me tocaría a min apelar a el, pero que creo que hai que poñelo sobre a mesa e é o que dita a propia Constitución española no artigo 132.

Nada máis e moitas grazas.

Sra. Muiño Filgueira

En relación a esta moción, se ben é certo que en parte dalgunhas das medidas que se sinalan no texto o BNG xa se ten expresado no Congreso en contra dalgunhas iniciativas e ten presentado propostas alternativas ao seu respecto, tamén é certo que consideramos que, tendo en conta que o propio Partido Popular ten aplicado no seu momento, ao fío dunha crise económica nese caso medidas de subidas de impostos para ingresar máis, pero tamén outras para reducir o gasto, como foi a subida do IVE do 18 ao 21, do 8 ao 10%, que tamén afectaba de xeito xeneralizado a toda a poboación, a supresión da paga de Nadal e recorte de salarios, que afectaba tamén á capacidade económica e adquisitiva, a aprobación dunha Lei de racionalización que permitiu, abriu a porta á privatización e precarización de servizos públicos, recorte na prestación por desemprego, unha nova fiscalidade enerxética que incrementou os recibos que tamén foi ao peto por igual de todos e todas, reforma laboral, etcétera, etcétera.

Neste sentido o BNG defende unha política fiscal que se atopa nas antípodas da proposta do Partido Popular e, evidentemente, aínda que si somos críticos con algunha das medidas que se recollen na moción, non podemos votar a favor desta.

Sr. Fernández Piñeiro

Ben, por onde empezar, non? O primeiro parágrafo desta moción, o da exposición de motivos di: “En 2020 o PIB de España afundiuse un 11%, trátase da maior caída dende que se teñen datos dende o fin da Guerra civil e a maior dos países da OCDE”. Falan tamén da guerra de Cuba. Do único do que non falan é da consecuencia, o que é o que propiciou esa caída, que é unha pandemia, unha pandemia que non vivimos dende a gripe española, unha pandemia que dende logo dende esa época que é anterior á Guerra civil non nos asola e para a que non estamos preparados ningún Estado.

Un Estado ademais como o noso no que o sector servizos, o sector turístico ten un peso importantísimo na economía, que non teñen outros países, e iso sabémolo todos, ninguén penso que o vaia negar a estas alturas. Dous sectores que tiveron que cerrar como consecuencia desta pandemia. Polo tanto, o parón económico do país, ademais doutros moitos sectores, quitando os esenciais que non pecharon, ten loxicamente que haber unha caída do PIB, iso non o vai discutir ninguén. Desgraciadamente afectou máis a ese sector e non a outros e, polo tanto, nun país como o noso, como digo, que ten máis peso pois viuse máis afectado, iso é unha cuestión de pura lóxica, non ten que ver coa xestión do Goberno, porque ía ser igual estivera quen estivera. Polo tanto, non sei se de forma deliberada –entendo que se esta é unha moción tipo pois si, será de forma deliberada– se omitiu a pandemia, porque non se fala dela. É dicir, nos primeiros, non, en toda a exposición de motivos da primeira páxina non se fala da pandemia en ningún deles, como se esta situación económica, ben, para dar un pouco entender ou a entrever que a culpa é do Goberno do Estado pero non relacionado coa pandemia, senón porque son moi malos gobernando e son tan malos, ademais, que xa non é que sexan gobernando, son malos como persoas, porque agora aínda encima van subir os impostos. E aí si é onde xa falamos das familias e xa falamos da pandemia. Non falamos para que quede claro que esta situación vén de aí, pero si despois o metemos polas familias coa demagogia de dicir: “y a las familias que tan mal lo están pasando por culpa de la pandemia se les suben los impuestos”.

E, repito, é curioso que iso o diga o Partido Popular, que só baixa os impostos cando non governa. Iso é verdade, o Partido Popular baixa os impostos en campaña, baixa os impostos alí onde non governa, pero cando governa xa sabemos o que fai, porque o dixen antes. O Goberno e o presidente que máis impostos subiu nunha soa lexislatura da historia deste país foi o señor Mariano Rajoy, e vamos facer un pequeno relatorio, porque claro, acordámonos das clases medias e dos que máis sofren cando nos interesa.

Incrementou o IVE, o tipo xeral pasou do 18 ao 21%, o reducido, do 8 ao 10%, o superreducido, a base imponible nalgúns produtos, pasaron do 4% e do 8 ao 21; produtos sanitarios pasara o tipo reducido de 10 ao xeral, ao 21; o 75% das bases inferiores a 17.000 € e ata o 7% das bases superiores a 300.000 €, un aumento das retencións ás actividades profesionais do 15 ao 21%; repagos sanitarios, pensionistas deberán pagar o 10% do prezo do medicamento; taxas universitarias, incrementáronse ata un 50%; o IBI sufriu dúas subidas (ata o 10% para o 50% das vivendas); imposto sobre o patrimonio, imposto de sociedades, imposto das rendas do

capital..., todo isto foi con Mariano Rajoy, co Goberno do Partido Popular, nun momento de crise, e paréceme bastante máis inxusto, porque este tipo de impostos dos que acabo de falar si que afectan a toda a poboación. O imposto de sucesións e algún outro non afectan a toda a poboación, non coñezo moitas familias, por desgraza, que teñan a posibilidade de deixarlles en herdanza aos seus fillos dous millóns de euros, por exemplo, non hai moitas, oxalá as houbera, eu estaría encantado.

Polo tanto, credibilidade neste aspecto, pois que quere que lle diga? Coxea un pouco. Falabamos antes da débeda do PIB. Cando Mariano Rajoy chega ao Goberno a débeda con respecto ao PIB era o 70%, cando se foi era de 100,8%; un 30,08% superior a que colleu, agora está nun 117, porque xa expliquei antes o que pasou co Sareb, témolo todos claro. “La quiebra técnica del banco malo Sareb incrementa ahora la deuda española en 35.000 millones de euros, sumándole 3 puntos, del 117,1% al 120% del PIB”. O Sareb que o señor De Guindos dicía “Tendrá una rentabilidad de entre el 15% a 15 años, plan de negocio sólido y prudente. Podría tener pérdidas en algún momento”, dicía o señor De Guindos, “pero los beneficios llegarán a partir de la mitad de su vida”, é dicir, sobre o ano calculábanlle 2020-2021. As perdas do Sareb foron: 261 millóns en 2013, 585 en 2014, 103 en 2015, 663 en 2016, 565 en 2017, 878 en 2018, 974 en 2019 e 1.073 millóns en 2020. Tres puntos do PIB de débeda, aquel marabilloso Sareb que ía ser unha panacea, a pena non poder investir nel naquela época porque ía ser unha cousa marabillosa.

Por tanto, ao final, e dígoo sempre, non só con esta moción en concreto, no tema dos impostos os políticos tendemos a ser pouco responsables porque, é dicir, comentabámolo antes, todo se paga grazas aos impostos, e os impostos teñen que ser xustos, pero estar constantemente pedindo baixadas e rebaixas de impostos e tal ao final pasa o que pasa.

E, repito, non é o mesmo subir os impostos a aqueles que máis teñen, ás grandes fortunas, que cando o propuxo este Goberno eran bolivarianos, agora como o propón Joe Biden é un gran estadista a nivel mundial. É curioso tamén, non?, dependendo de quen diga as cousas a opinión que se ten delas é moi distinta.

Por tanto, nós non podemos apoiar esta moción porque á parte é que hai cuestións que se inclúen que se dan por feitas, como na moción anterior: “a eliminación de redución da tributación conxunta IRPF”, xa se dixo que non vai ser, por tanto habería que modificar esta moción, facer unha emenda e retirar iso da exposición de motivos. É curioso que falen vostedes da redución do IRPF por alugueiro de vivendas, cando foi o PP o que eliminou a desgravación pola compra de vivendas; ou, por exemplo, o que se refire onde establece o do imposto ao depósito de residuos, de entulleiras, etcétera, etcétera, que iso está na Axenda 2030, non é unha cuestión que se acaben de inventar.

Por tanto, vamos ser un pouquiño serios. Falan vostedes do incremento do IVE ás bebidas azucradas, que era algo que xa propoñía o señor Montoro no ano 16, no ano 16. Se case todo o que se pon aquí xa foi proposto polo Partido Popular e moito máis alá do que se propón aquí, incluso nese documento que se enviou a Bruxelas foi

posto en marcha polo Partido Popular. O incremento do IVE si que afecta a todos os cidadáns, e non afecta a todos por igual, porque o que ten moitos cartos non ten problemas e o que ten poucos o sofre. Entón, non creo que sexa o Partido Popular o máis indicado para erixirse agora en defensor das baixadas de impostos porque cando gobernou este país, hai catro días como quen di, pois fixo o que fixo, e xustificáboo en que había unha crise. Ben, pois eu penso que a crise que temos agora tamén é crise e, polo tanto, haberá que adoptar algunha medida. Por certo, si que é verdade que nesta pandemia as políticas sociais e de defensa dos intereses da cidadanía que adoptaron os estados no seu conxunto grazas a todos eses fondos que se van poñer á disposición, pois non é a mesma que na crise anterior, que por desgraza non houbo esa saída, e con isto non estou dicindo que sexa grazas ao Goberno do Estado de España, senón a todos os gobernos que foron quen de facerlle fronte de forma consensuada.

Tamén hai que recordar, porque é importante telo claro, cal era a postura do Partido Popular na Unión Europea a ese respecto, traballando precisamente para que non nos deran os cartos, non creo que sexa tampouco a postura máis responsable. E estou convencido de que vostede, neste caso que representa o seu grupo, e moitos dos que están aquí sentados tampouco o comparten.

Nada máis, moitas grazas.

Sra. Gallego Neira

Bueno, no voy a hacer un baile de números ni marear a nadie con datos. Yo creo que efectivamente tiene razón en nuestra moción el señor Fernández y el resto porque, claro que esto viene motivado por una pandemia mal gestionada, porque, claro, puede haber gobiernos y gobiernos.

El PP baja los impuestos en Galicia, en Madrid, donde gobierna, precisamente ustedes es lo que critican, pero hay una curiosidad: es que hace unos días hubo unas elecciones en Madrid y creo que se habló muy claro, muy claro y avalaron la política fiscal y todo tipo de políticas los madrileños, vamos, mayoritariamente, Y sí también hablaron de las políticas de Podemos e incluso del Partido Socialista, yo creo que quedó bastante claro.

Mariano Rajoy, sí, claro, Mariano Rajoy pilló, o sea, llegó al Gobierno con el país al borde del rescate, de la quiebra económica. Europa efectivamente no daba el dinero tan fácilmente y obligaba a subir impuestos. Ahora los países mayoritariamente están bajándolos y aquí los queremos subir, o sea, cambia mucho. Aquí a la gente se le ha prohibido trabajar, el sector del turismo no ha podido trabajar, ¿una empresa turística tiene que pagar más por el impuesto de sociedades? Vamos a ver, pero es que ¿de qué estamos hablando? Yo entiendo que no ricos y pobres, es que aquí hay gente que incluso era rica, entre comillas, porque no sé cómo valoran lo de rico y pobre, claro, la clase media es rica para unos, y hay gente que no tenía una mala situación económica, pero por haber tenido que cerrar los negocios por el tema sanitario, aparte de que ha sido muy mal gestionado, pero eso sería otro debate, pues ahora no son tan ricos y les suben los impuestos. Por ejemplo, ya que hemos

hablado, el impuesto de matriculación, ¿sólo tienen coche los ricos?, bueno otros tienen Falcon y lo usan para ir de aquí a allá, pero quieren prohibir o gravar los viajes en avión en trayectos cortos, claro, porque tienen un Falcon y utilizan helicóptero para ir de aquí a allá.

Se incrementó el IVA a las bebidas azucaradas, es que solamente toman refresco los ricos, claro, les suben el IVA. Pólizas de seguros del hogar, de vehículos, de decesos, de comercio, ¿el 95% de las familias son ricas? Porque el 95% de las familias tienen este tipo de seguros. Desgravaciones por planes de pensiones, que quedan reducidas a la mínima cuantía. Ah, solamente tienen planes de pensiones los ricos. Esta es la política fiscal justa y progresiva del Partido Socialista, señor Lage por si el sablazo fiscal de los presupuestos, porque esto ya está incluido en los presupuestos generales del Estado no fuese suficiente, pues ahora en el plan que mandan a Europa, Plan de recuperación, transformación y resiliencia, lo mandan a Bruselas, una subida histórica de impuestos: eliminación de la reducción por tributación conjunta en el IRPF, que beneficia ahora mismo a 3,7 millones de hogares, y especialmente a los ricos, muy ricos, que son los que tienen hijos a cargo y uno de los cónyuges está en el paro o tiene ingresos muy escasos. Yo creo que no son ricos, precisamente.

Eliminan o modifican, pretenden, es lo que envían, 13 beneficios fiscales: reducciones, exenciones y bonificaciones, desde tipos reducidos del IVA, exención de este tributo en sanidad y educación, reducción del IRPF en alquiler, bueno, lo ha comentado antes, bueno pues será que los ricos son los que se benefician de estas bonificaciones. Van a establecer un impuesto, pretenden, sobre el depósito de residuos en vertedero e incineración y otro que grave envases de plástico no reutilizables. Bueno, a partir de 2024 subida indiscriminada de impuestos.

Plantean subir, bueno, por supuesto las cuotas de autónomos, que ya lo sabemos, y saltarse la Ley de derecho civil gallego, que aquí el BNG algo querrá decir, supongo, que es, aparte de ilegal, que eso ya se verá, pues beneficia a miles de familias. Yo no sé, pondrán el grito en el cielo, digo yo, otro agravio a Galicia. Y establecer peajes en las autovías, que por mucho que diga el señor Ábalos, hombre, la credibilidad, yo, ya lo dijo mi compañera Sra. Aneiros, no voy a hablar de la credibilidad del señor Ábalos.

En definitiva, a familias y autónomos, a pymes y comerciantes, a pensionistas y parados, que también beben refrescos los parados, a todo el mundo, a todo el mundo. Yo no sé cómo pretenden generar empleo, no sé cómo pretenden hacerlo, no sé qué país quieren, no sé qué país quieren. Los españoles yo creo que están hartos y yo creo que necesitan respirar después de todo lo que hemos pasado, de esta crisis sanitaria terrible con un escenario económico que se plantea horroroso y el peor Gobierno en el peor momento, déjenles respirar.

Nada más.

Sr. Fernández Piñeiro

Di vostede, “los parados también beben refrescos”. Si, home, se eu non llo nego, pero non creo que o refresco sexa o ingrediente esencial na dieta das persoas, como non era o tabaco, tamén o subiu o Partido Popular, pero, ben... Plans de pensións, non coñezo moitas familias pobres que teñan plans de pensións. É que a cuestión non é que eu poida concordar máis ou menos, a cuestión é que vostedes din cousas que son auténticas asercións. Eu estou lendo aquí: “case todos os estudos – non citan que estudos– coinciden en sinalar que o 84% dos novos ingresos estatais obteranse a través das familias de rendas medias e medias baixas”; ben, pois dígame vostede cantas familias de renda baixa teñen plans de pensións, eu non coñezo moitas, honestamente, non coñezo moitos mileuristas ou traballadores de calquera área que gañen 800 ou 900 € ao mes que teñan plans de pensións, non coñezo moitos, señora Gallego. En todo caso, entre iso e subir o IVE hai un abismo, e iso é o que facía o Partido Popular e aí non atacaba as familias.

E di vostede algo que iso si que me parece un pouco máis grave: “a la gente se le prohibió trabajar”; si, é verdade, todos os gobernos, eh, os autonómicos tamén, porque dá a impresión de que lles prohibiu traballar o Goberno do Estado. Di vostede “la gestión sanitaria que ha sido pésima”. Foi pésima nas primeiras olas nas que xestionaba a sanidade o Estado, pero cando a xestionaron as comunidades autónomas na cuarta ola, que todos sabemos o que pasou, a xestión foi moito mellor? É dicir, houbo moita menos incidencia? É que sinceramente utilizar unha pandemia para dicir que isto se fixo moi mal porque a xente enfermaba, etcétera, etcétera, despois dos índices que hai nalgúns sitios, por exemplo, en Madrid, onde efectivamente o Partido Popular gaña as eleccións, volve pasar un caso concreto: a persoa que me contaxiou a min de Covid é de Madrid, o mesmo día avisoume e fixemos un seguimento os dous de como foi a nosa evolución sanitaria. Eu no momento no que me contaxiei chamei ao número do Covid e dixéronme ao hospital directo, ímosche facer unha PCR, xa a tiña feita ás seis da mañá xa sabía que era positivo. A persoa que me contaxiou, que tamén é asmático, chamou ao Servizo Madrileño de Saúde e dábanlle cita para facer a PCR 15 días despois; por protocolo en 14 días xa che dan a alta. Polo tanto, esa persoa se non tiña síntomas xa non computaba como enfermo de Covid. Non sei se a xestión madrileña desta pandemia, onde foi unha das comunidades autónomas onde máis xente morreu e goberna o Partido Popular, tamén é culpa do Goberno do Estado. Ou na cuarta ola onde houbo unha incidencia altísima tamén en Galicia onde goberna o Partido Popular a culpa foi tamén do Estado. Pois igual a culpa non é de ninguén ou é de todos en tal caso. O que non pode ser é que a pandemia estea mal xestionada cando a xestiona o Goberno do Estado e cando cos mesmos datos ou similares o xestiona as comunidades autónomas, ou ben non é culpa de ninguén ou segue sendo culpa do Estado, que é unha cousa moi curiosa.

E iso réstanos un pouco de seriedade e de credibilidade, e o peor non é iso, porque alá cadaquén, o peor é que ao final dá unha imaxe da política bastante pobre, e da política que estamos a ver no noso país nos últimos anos, que é facer leña con todo, con absolutamente todo. Ou sexa, aquí o apoio nunha pandemia, primeiro contra o estado de alarma, non se quería votar a prórroga do estado de alarma, e despois cando din que acaba o estado de alarma o seu Partido di que ten que seguir

o estado de alarma; oia, a ver se nos aclaramos. Porque o importante era darlle estopa con todo, e esta moción vai nesa liña, porque xa lle digo, na primeira páxina, onde di vostede todas as maldades e consecuencias negativas da pandemia, resulta que non se cita a pandemia, pouco máis que é culpa do Goberno, cando se fala das familias e dos impostos xa citamos a pandemia.

E, repito, que o faga o Partido Popular, que é o que máis impostos subiu nunha lexislatura da historia deste país, repito, pois non é crible, non é crible. E a min o modelo madrileño por moito que gañen eleccións non me gusta, e entendo que tampouco lle gusta ao señor Feijóo, porque non ten nada que ver. Polo tanto, que poñan vostedes o modelo madrileño en valor despois de que todos escoitamos algunhas manifestacións da presidenta madrileña, incluso dirixidas ao señor Feijóo, pois chama un pouco a atención, é un pouco de corporativismo ata certo punto incomprendible para os que estamos fóra do Partido Popular. Por tanto, dicir unha cousa e a contraria ou defender ambas cando en moitos aspectos son antagónicas, pois redunda nesa falta de credibilidade da que falei xa en moitas ocasións.

Repito, nós imos votar en contra desta moción porque hai cousas que se din que non se van levar a cabo e porque hai outras que non queda outra opción que facelas se queremos saír desta.

Nada máis, moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 14 deputados/as (13 do PP e 1 do PSOE)

Votan en contra: 16 deputados/as (10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Sr. Presidente

Había unha moción que presentaba o Grupo Provincial Popular para que se cedera a titularidade aos concellos dos tramos que así soliciten das estradas de titularidade provincial que queda retirada, verdade, Sr. Ben?

Hai outra moción que presenta o Grupo Marea Atlántica sobre granxas de visóns na provincia da Coruña.

4.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre granxas de visóns na provincia da Coruña.

Tras a constatación da zoonosis transmitida por visóns a traballadores e veciños de granxas de visóns, os países da Unión Europea parecen decididos respecto destas explotacións: son un foco de infección de COVID-19 e deben cesar as súas actividades de inmediato.

Moitos países, como o xa coñecido caso de Dinamarca que custou o posto ao Ministro de Ambiente, decidiron exterminar os visóns de inmediato e clausurar as granxas, ás que en breve entregarán indemnizacións para que continúen coa súa actividade unha vez acabada a pandemia, repetindo o risco de transmisión desta ou outras enfermidades.

Esta pandemia evidenciou a tremendamente dispar actuación dos Gobernos. Mentres Bulgaria, Polonia e países veciños como Francia realizan probas masivas nas granxas e nas poboacións próximas, o caso do Estado español é mesmo temerario: O protocolo actual só determina test se existen sospeitas de síntomas, algo perigoso se se ten en conta que os mustélidos, do mesmo xeito que os seres humanos, poden ser asintomáticos. Un feito que non nos é alleo, dado que se produciu un surto das mesmas características na Baña, nunha instalación con 3.100 exemplares e outro en Santiago de Compostela, con 6.554 exemplares.

O visón americano foi sinalado por organizacións e especialistas en ecoloxía e conservación en múltiples ocasións polo seu impacto ambiental e o seu efecto nocivo sobre a biodiversidade, desprazando ou devorando a especies autóctonas cando dan escapado das peleteiras, circunstancia que se acreditou desde a década dos anos 60 do século pasado, pouco tempo despois da instalación da primeira granxa no Estado. Tamén as organizacións de protección animal describen as granxas de visóns como “centros de extrema crueldade” debido á baixa regulación e o escaso ou nulo control que reciben.

E este fenómeno tamén ten presenza na nosa provincia de xeito notable, tanto é así que este tipo de instalacións que supoñen un risco evidente para a veciñanza, máis tamén para o medio natural e a biodiversidade no seu conxunto, conta con até 31 plantas en todo o país (o 80% das que operan en todo o Estado), das que 23 están na provincia da Coruña.

O seu impacto, neste novo contexto, transcende do ambiental ou do maltrato animal, para converterse nun vector de transmisión da Covid-19 constituíndo un risco engadido para as poboacións periféricas e para a loita contra esta pandemia.

As administracións debemos aproveitar esta oportunidade con intelixencia, visión de futuro e conciencia ecolóxica, implantando sistemas de axudas tras o peche, a condición de que a nova actividade favoreza a transición ecolóxica.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Marea Atlántica propón ao pleno o seguinte acordo:

- Instar o Goberno galego a clausurar as granxas de visón americano instaladas no territorio galego, garantindo un plan de transformación empresarial e de transición ecolóxica para as compañías e facilitando a empregabilidade dos actuais traballadores.

- Instar o Goberno galego, e á Consellería de Medio Rural, a crear un sistema de alerta temperá sobre a Covid-19 en tanto non se produce o peche ordenado das instalacións.
- Instar ao goberno provincial a estudar unha liña de axudas para aquelas empresas que, por mor da Covid-19, se viron obrigadas a mudar o seu obxecto.
- Dar traslado deste acordo ao goberno galego, ás organizacións ambientalistas, aos grupos parlamentarios representados no Parlamento de Galicia e aos grupos municipais representados nos concellos de Abegondo, Arteixo, A Baña, Brión, Carral, Curtis, Negreira, Oza dos Ríos, Rois, Santiago de Compostela e Sobrado dos Monxes.

Sr. Lema Suárez

Grazas, presidente.

(Le o texto da moción).

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Ben Otero

Gracias, presidente. Hola otra vez a todas y a todos.

Bueno, vamos a votar que no y vamos a votar que no por muchos motivos.

Primero, porque las medidas y actuaciones de control, vigilancia y control se están haciendo, llevando a cabo en la comunidad con diligencia.

Segundo, porque se actuó con diligencia cuando hubo una mutación del virus por no hacer mención a él aquí, pero sí hubo una mutación del virus en visones ya en Dinamarca y aquí ya hubo una prevención y se actuó con diligencia y con rapidez, y hay un control semanal, con controles de PCR y demás, y yo no he visto ningún otro problema que haya surgido de las granjas.

Y tercero, ya fuera de argumentarios, vamos a votar en contra de esta moción porque ustedes, especialmente ustedes, ustedes en todos los ámbitos de decisión política que tienen, están a favor siempre de clausurar, pechar ordenadamente, transiciones ecológicas y caralladas varias, con perdón de la expresión, que suponen un problema para el empleo, para la generación de riqueza y para el futuro de las comunidades e instituciones donde ustedes están.

Háblele al señor Formoso de la transición ecológica y de lo que ha supuesto para As Pontes y para toda una comarca, hábleselo a él; no, no, pero son palabritas muy bonitas que cuentan ustedes en cada momento según más le interesa y que

traen unas consecuencias muy fastidiadas.

Mire usted, ni pechar ordenadamente, ni clausurar, sino prevenir, controlar y permitir que estas familias, a las que yo tengo la oportunidad de conocer porque son en el entorno de Santiago varias, gente humilde que ha generado un medio de vida y que quiere un futuro y un presente para ellos y un futuro para sus hijos, con todo un control exhaustivo que le están haciendo de forma periódica, no voy a ser yo quien, por una cuestión ideológica, les diga que no tienen futuro para ellos y para su familia. Le recomiendo que ande un poquito el territorio y que vaya a visitar alguna granja de estas y verá cómo no hay ningún problema de estos.

Nada más y muchas gracias, señor Lema.

Sra. Muíño Filgueira

Bo día de novo.

En relación á presente moción, podemos coincidir na necesidade de facer rigoroso control de todas aquelas cuestións que están vinculadas á saúde pública e que se ten comprobado que nestas explotacións hai unha maior incidencia ou poidan supoñer un foco. Dende logo, parécenos acaído que exista unha esixencia e un rigor na seguridade das instalacións en tanto que esta especie si está recoñecida como unha especie invasora e un potencial perigo para as nosas especies autóctonas e demais.

Dende logo, en momentos de pandemia facer un seguimento rigoroso da situación tamén dende unha óptica preventiva, pero evidentemente dentro do que é o marco existente na actualidade non podemos concordar nese aspecto taxativo de clausurar as granxas. O que nós podemos escoitar, efectivamente como ben dicía Evaristo, detrás de cada explotación hai persoas que desenvolven o seu traballo, que é a súa economía familiar e seguramente o emprego doutras persoas depende do funcionamento destas explotacións, e nese sentido facer esa alusión á clausura de granxas sen que se teñan analizado pois outros marcos regulatorios ou a dirección cara á que se quere ir en relación a estas explotacións, pois parece un tanto excesivo e precipitado.

O que si que se tiña reclamado e co que poderíamos concordar noutros momentos era a clausura preventiva ante situacións de perigo á saúde pública ou epidemiolóxica, pero, ben, nesta moción fai referencia á continuidade da actividade dun medio de vida e entón, nese sentido, non podemos apoiar esta moción.

Sr. Fernández Piñeiro

Si, na liña dos argumentos dos que me precederon na palabra, nós temos unha opinión moi similar. Existe un programa de prevención, vixilancia e control da covid nas granxas, aprobado polo Ministerio de Agricultura e de aplicación para as comunidades autónomas, que se está a aplicar, polo que sabemos, sen ningún tipo de

problema, non coñecemos casos nos que non sexa así e que se deran certos problemas, polo tanto non ten, xa é algo que xa existe neste caso e que se está a aplicar, pero en todo caso nós non compartimos xa o primeiro punto, que, como dicían tanto o voceiro do Partido Popular como a do BNG, é clausurar as granxas que ao final estamos a clausurar un modo de vida do que viven moitas familias.

Podo compartir seguramente ao cen por cen que se melloren as condicións dos animais, de todos os animais, non só dos visóns, que se crían para o seu sacrificio, de todos, incluídos tamén os visóns, pero non son os únicos, sabemos que hai moitos animais tamén que se crían igualmente e que se sacrifican. Polo tanto, digamos que esa visión medioambiental ecoloxista ten matices desde o punto de vista que xa digo que algúns deles os podo compartir. Polo tanto, nós, repito, en base a iso que acabo de dicir e subscribindo moito do dito ata o de agora, non imos apoiar esta moción.

Sr. García Seoane

Simplemente na Comisión Informativa dicía o compañeiro Sr. Lema que esta moción viña inspirada por grupos ecoloxistas e eu, se non teño mala memoria, os grupos ecoloxistas falan de impacto ambiental, de destrución de especies autóctonas, etc., etc., e, se non recordo mal, algúns destes grupos ecoloxistas que están con este mesmo tema son os que no seu día abriron as granxas e espallaron por toda Galicia a estes animais, que son tremendamente depredadores da fauna salvaxe nosa e do tema ecolóxico, e non deixa de ser unha contradición que se denuncie unha cousa cando ti estás provocando a destrución soltándoos libremente. Por tanto, eu voume abster nesta moción.

Sr. Lema Suárez

Ben, a ver, así para os argumentos un pouco abusivos do compañeiro Sr. Ben, relacionar os peches das térmicas en Galicia con esta medida a verdade é que non ten demasiado parecido. Direille que a clave do peche das térmicas galegas máis ben vén de medidas adoptadas polo Goberno de José María Aznar de cara á privatización de empresas que anteriormente eran públicas. Está claro que hai un período no que se toman medidas que teñen consecuencias 20 anos despois e, cando estoupan, resulta que o que nese momento está ao volante do Estado é responsable, pero quen iniciou ese proceso que acaba por estoupar 20 anos despois? pois ese momento, neste caso, aplícase case, case seguindo a sistemática da doutrina do shock aplícase en cadea toda a dogmática neoliberal que, 20 anos despois acaba levando a que esas empresas pechen, estean en mans estranxeiras, etc., etc. Co cal eu creo que realmente, hai que establecer comparacións que sexan un pouco razoables, os dous termos das comparacións. Polo tanto, creo que había que buscar, seguro que existen comparacións un pouco máis acaídas que esa.

Despois eu non vou entrar aquí sobre cuestións de tipo humanitario, sobre se un animal salvaxe, que é un depredador feito para vivir en liberdade, non como aqueles outros animais que levan domesticados milenios, deben estar ou non estar

pechados nun cubículo de pequenas dimensións e demais, que eu creo que son razoamentos que deberían tamén, ou que deben ou que están no substrato da xente que propuxo, das persoas que propuxeron esta moción, senón que o feito de que sexan animais que son transmisores de enfermidades, son transmisores de enfermidades, como se puxo de manifesto durante esta crise.

E, en segundo lugar, a cuestión de que sexan especies que están ou non adaptadas ao seu entorno. Citaba o compañeiro Sr. García Seoane o caso das persoas que se dedican a liberar estas granxas. Eu non comparto en absoluto esa práctica e estou seguro desde logo de que as persoas que nos transmitiron esta proposta de moción tampouco a comparten. O que si digo é que a propia Xunta de Galicia do señor Feijóo intenta separar aquelas especies que se consideran autóctonas daquelas que non, e voulle citar un caso nunha toma de decisión ben difícil e ben complexo como é o propio eucalipto. O señor Feijóo, a súa Consellería de Medio Ambiente, acaba de sinalar que no 23 remata o período para a plantación de novas parcelas de eucaliptos. Por que non imos aplicar esta lóxica do *laissez faire*, do deixar facer, que aquí a actividade económica se espalle de maneira, sen ningún tipo de regulación, sen ningún tipo de atranco polas institucións públicas. Pero cal é a lóxica que neste caso nós aprobamos e compartimos respecto do eucalipto? Ben, pois, non é que sexa foránea, non hai un punto de vista racial respecto do eucalipto, senón que se entende que non é benéfica, que é pirófito, vale?, que non favorece que teñamos un bosque seguro e húmido. E esa é a mesma lóxica que aplicamos neste caso, señor Ben. Digo que no seu propio partido, que non creo que nunca fora acusado de exceso de regulación, nin moito menos de ter criterios ambientalistas moi estritos, ninguén o acusa, ao contrario, levan vostedes perdidas unha morea de sentenzas xusto polo contrario, pero é a mesma lóxica, é exactamente a mesma lóxica: que especies son as que se adaptan mellor ao seu territorio, que especies son as que ocasionan menos riscos para o territorio, e que especies son máis seguras para nós finalmente. E todas as probas indican que o caso do visón americano non é exactamente o dunha especie segura, unha especie autóctona, unha especie segura non só para a comunidade humana senón tamén para o medio ambiente no que están instaladas.

Entón, vexo que esta moción non vai ser aprobada, pero eu, desde logo, acredito completamente en cada un dos argumentos que acabo de expoñer, como non podía ser doutro xeito.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Ben Otero

Muy brevemente porque, si no, esto... Vamos a ver, es que hay aquí una mezcla de conceptos que creo que conviene clarificar. ¿Sabe cuál es el punto en común entre la transición ecológica que ha afectado al futuro de una comarca en Galicia con esta transición ecológica de la que usted está hablando aquí? Pues, mire, el punto en común es que hablamos de 800 empleos directos, directos en Ferrolterra, directos, más los indirectos, y aquí hablamos de 23 familias, que no puedo cuantificar cuánta gente es, pero también tienen una incidencia y una importancia, por lo menos

para estas 23 familias de la provincia de A Coruña.

Segundo, usted habla de eucalipto, ha saltado de una póla, bien traído el tema, de una póla a la otra, oiga aquí estamos hablando de ordenación forestal, ordenación forestal, y yo creo que en el fondo de todo esto subyace un problema de concepto ideológico y de visión contra lo que tenemos que estar y a favor de lo que tenemos que estar. Y yo le quería aclarar una cosa a usted, señor Lema, no confunda a quién cría los visones como un medio de vida con el que lleva la prenda de visón. En todo caso, yo no tengo nada en contra de ninguno de ellos, usted parece ser que sí.

Nuestro voto, señor Lema, en contra y, oiga, las mociones estas, de este tipo, mociones tipo tenemos todos, pero conviene, cuando traigamos una moción tipo, acercarnos por la zona, ver un poquito de qué va el tema y a partir de ahí ya tocamos un poquito menos de oído.

Nada más y muchas gracias.

Sr. Lema Suárez

Por non abusar máis da paciencia dos compañeiros, creo, señor Evaristo Ben, que existe máis analoxía a comparación entre unha especie vexetal e unha especie animal, como é o eucalipto e o visón, que entre un visón e unha central térmica, que quere que lle diga?

E, por último, eu non teño nada en contra dos abrigos de pel, nin tampouco por suposto das familias que se gañen a vida con isto, e por iso se inclúen medidas paliativas para unha transición cara a outra actividade.

Nada máis e grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 1 deputado (Marea Atlántica)

Votan en contra: 28 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE e 4 do BNG)

Abstéñense: 1 deputado (Alternativa dos Veciños).

(Abandona o salón o Sr. Pequeño Castro).

Sr. Presidente

Hai unha última moción presentada polo Grupo Provincial Popular para denunciar a exclusión dos concellos da provincia da Coruña para proceder a solicitar as axudas do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

I.Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación da Coruña, para denunciar a exclusión dos concellos da provincia da Coruña (concellos entre 20.000 e 50.000 hab.) Para proceder a solicitar as axudas do Ministerio de transportes, mobilidade e axenda urbana do plan de recuperación, transformación e resiliencia

O día 12 de maio de 2021 a FEGAMP informa: "AXUDAS PROXECTOS MUNICIPAIS MOBILIDAD URBANA E METROPOLITANA"

Achégase información dunha próxima convocatoria de axudas para proxectos municipais de mobilidade urbana e metropolitana.

Na reunión que mantiveron o 6 de maio de 2021 o Secretario de Estado de Transportes, Movilidad e Axenda Urbana, Pedro Saura, un grupo de Alcaldes e Alcaldesas da Xunta de Portavoces da FEMP, e aos máximos representantes da Comisión de Transportes, Movilidad Sostible e Seguridade viaria, informouse de que os concellos recibirán 1.500 millóns de euros procedentes de Fondos Next Generation para realizar os seus proxectos de mobilidade urbana e metropolitana, mediante o "Programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia". Prevese que as bases reguladoras e a convocatoria de axudas publíquese nunha única orde ministerial a finais do mes de xuño.

Dita axuda de 1.500 millóns de euros distribuirase en dúas convocatorias de 750 millóns, unha en 2021 e outra en 2022. Estas axudas están dirixidas a:

os municipios con máis de 50.000 habitantes.

capitais de provincia.

municipios entre 20.000 e 50.000 habitantes con máis de 36.000 unidades urbanas censadas no catastro inmobiliario urbano.

DENUNCIAMOS que esta subvención destinada aos municipios entre 20.000 e 50.000 habitantes con máis de 36.000 unidades urbanas censadas no catastro inmobiliario urbano, exclúe desta subvención a todos os municipios da provincia da Coruña con esa poboación.

A modo de exemplo do excluínte que resulta, os concellos de Ames, Arteixo, Cambre, Carballo, Culleredo, Narón, Oleiros e Ribeira suman un total de 253.988 habitantes (datos de IGE de 1 xaneiro de 2020). Todos estes concellos da provincia da Coruña non poderán acceder a estas subvencións, pois SE que están entre 20.000 e 50.000 habitantes, pero ningún deles supera máis de 36.000 unidades urbanas censadas no catastro inmobiliario urbano. Ningún destes concellos podería acceder a poder presentar os seguintes proxectos:

Proxectos de tipo "global" a presentar por concellos para a implantación de Zonas De Baixas Emisións que recollan o conxunto de investimentos que requiran esa implantación.

Medidas de priorización do transporte colectivo.

Proxectos relacionados con redes de carrís reservados para bicicletas.

Implantación de proxectos de itinerarios peonís.

Implantación de sistemas de transporte a demanda en zonas periurbanas con pouca densidade.

Aparcamientos disuasorios.

Facer unha convocatoria por parte do Ministerio De Transportes, Movilidad E Axenda Urbana para concellos de máis de 20.000 hab. e que nesta convocatoria queden excluídos o 100% dos municipios da nosa provincia é unha mostra de:

1. Descoñecemento da realidade demográfica e social dos concellos da provincia da Coruña por parte do Ministerio.
2. O nulo interese por parte do ministerio, de axudar a unha mobilidade sostible para os concellos pequenos.

Segundo a información transmitida, as contías para subvencionar son de 1.500 millóns de euros, cunha cantidade que varía para as grandes cidades de 15€/habitante aos 30€/habitante aos concellos de máis de 20.000 hab. Axudas, ás que non poderá acceder ningún dos municipios da provincia da Coruña entre 20.000 a 50.000 hab. por non ter 36.000 unidades urbanas censadas no catastro inmobiliario urbano.

Con este criterio de selección están a DENEGAR os concellos de Ames, Arteixo, Cambre, Carballo, Culleredo, Narón, Oleiros e Ribeira de poder acceder a unha subvención de máis de 900.000€ para cada concello. Dá a impresión de que o Ministerio quere vender que reparte 1.500 millóns de €, para a mobilidade sostible aos concellos "PERO" só a uns poucos, reservándose o Ministerio máis de 11.000 millóns € para repartir aos que eles queiran.

Preguntado ao Ministerio por que á limitación aos concellos de máis de 20.000 habitantes pero con 36.000 unidades urbanas censadas no catastro inmobiliario urbano, "RESPONDEN" que é unha imposición de EUROPA. Parécenos que esta resposta supón "unha broma de mal gusto e unha escusa de mal pagador" e unha falta de sentido común e de sensibilidade cara aos concellos máis pequenos que representan máis do 90% dos municipios de España.

Procederemos a solicitar aos representantes de PP na Unión Europea que nos informen se é unha IMPOSICIÓN DA UNIÓN EUROPEA de excluír ao 90% dos concellos de España de poder a acceder ás axudas de mobilidade por parte do Ministerio. Esta subvención, parece totalmente dirixida por parte do Ministerio a que só poidan acceder as grandes cidades e que posiblemente, para poder xustificar en Europa unha maior concorrência, poñan como beneficiarios aos concellos de máis de 20.000 habitantes co PERO, sempre existe un "PERO", de ter máis de 36.000 unidades urbanas censadas no catastro inmobiliario urbano.

Por todos estes motivos pedimos o apoio desta moción a todos os representantes dos

partidos que conforman a Deputación da Coruña: "unha deputación para todos" en contraposición á actitude por parte do Ministerio : " Un ministerio para uns poucos".

ACORDO:

Instar o Ministerio De Transportes, Movilidad E Axenda Urbana que nesta convocatoria de axudas á mobilidade para municipios entre 20.000 a 50.000 habitantes do Plan De Recuperación, Transformación e Resiliencia elimine a concorrencia de que estes concellos teñan que ter o número de unidades urbanas censadas no catastro inmobiliario urbano sexa superior a 36.000 unidades.

Sr. Calvelo Martínez

Moi boas tardes a todos e vou intentar tamén ser un pouco breve porque creo que no que é o contido da moción se explica claramente a problemática que xorde e sobre todo que estamos falando dunha cuestión que nos afecta a moitos concellos neste caso do ente provincial.

O 12 de maio de 2021 a Fegamp informa de axudas e proxectos municipais de mobilidade urbana e metropolitana. Achégase unha información dunha próxima convocatoria de axudas para proxectos municipais de mobilidade. Na reunión que mantiveron o 6 de maio de 2021 o secretario de Estado de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, Pedro Saura, e un grupo de alcaldes e alcaldesas da Xunta de Portavoces da FEMP e os máximos representantes da Comisión de Transportes e Mobilidade Sostible e Seguridade, informouse de que os concellos recibirán 1.500 millóns de euros de fondos Next para a realización dos seus proxectos de mobilidade urbana metropolitana mediante o programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións, transformación dixital... Prevéñ que as bases reguladoras e a convocatoria de axudas se publique nunha orde ministerial no próximo mes de xullo. Creo que vai ser a primeira convocatoria para concellos dos 140.000 millóns de euros que vai dar Europa a neste caso ao Estado español, 140.000 millóns, cartos a pas, a pas. Os concellos, ben, as deputacións xa nada, aos concellos probablemente os cartos que poidan chegar pois sexan dunha cantidade moi reducida.

Van facer dúas convocatorias, a primeira no 2021 de 750.000 millóns, e na segunda, no 2022, desa mesma cantidade, e están dirixidas aos municipios de máis de 50.000 habitantes, capitais de provincias e municipios de entre 20.000 e 50.000 habitantes, pero o Ministerio, o ministro, -que non se ofenda-, pon unha tara, ponnos unha limitación: que municipios de entre 20.000 e 50.000 habitantes que teñan máis de 36.000 unidades urbanas censadas no catastro urbano inmobiliario.

Queremos denunciar que a esta subvención destinada entón aos concellos de entre 20.000 e 50.000 habitantes nesta provincia non pode acudir ningún, ningún. A modo de exemplo do excluínte que resulta esta convocatoria: os concellos de Ames, e dígoo sen ofender a ninguén, gobernado polo Partido Socialista; Arteixo, gobernado polo Partido Popular; Cambre, Unión por Cambre co apoio do Partido Socialista; Carballo, BNG; Culleredo, PSOE; Narón, Terra Galega; Oleiros, Sr. García Seoane

con Alternativa dos Veciños; e Ribeira, do PP. É dicir, os oito concellos da provincia con máis de 20.000 habitantes, representadas todas as forzas políticas, pois ningún deles pode acceder a esta liña de subvencións do Ministerio dos fondos Next, que unidos estes oito concellos representamos 253.000 habitantes, 253.000 habitantes.

Que pasa? A preocupación aínda é maior e máis evidente porque, segundo un pouco o Ministerio ao poñernos esta tara, tara, hai tamén outra tara máis, que a vou explicar nunha segunda quenda de intervención, ningún destes concellos poderá acceder e proceder a presentar ningún proxecto dirixido, proxectos de tipo global para presentación aos concellos para implantación de zonas de baixas emisións que recorda o conxunto de investimentos que requiren esta implantación. Pero, ben, non podemos presentarnos a medidas de prioridade do transporte colectivo; non nos podemos presentar a proxectos relacionados con redes de carrís reservados para bicicletas; non nos podemos presentar á implantación de proxectos itinerarios ou sendas peonís; non nos podemos presentar á implantación de sistemas de transporte á demanda nas zonas periurbanas con pouca densidade, e tampouco nos podemos presentar ao que sería a posibilidade de presentar proxectos de apardoiros disuasorios.

Basicamente o Ministerio para os concellos de máis de 20.000 e 50.000 habitantes, isto non temos ningunha necesidade, ningunha, eh. Eu creo que aquí estamos representados os alcaldes de varios concellos: Carballo, que está desenvolvendo un proxecto importante e moi bo de sendas e itinerarios ciclistas; o Sr. García Seoane, que está tamén en desenvolvemento Riobó. Agora por parte do Ministerio non podemos presentar.

Nós quixeramos facer pois un pouco que en Madrid chegaran a comprender que nós entendemos que, primeiro, o Ministerio ou ten un descoñecemento total, total da realidade demográfica e social dos concellos galegos, que eu o creo así, eu o creo así, e ademais a miña opinión, estiven presente nesa reunión por parte do Ministerio, da FEMP, dos alcaldes, o 6 de maio, e se algunha vez nos queixamos da cantidade de administracións que hai, ben, o da FEMP, non a Fegamp, o da FEMP, iso xa é terrible, eu o que volva queixarse da Deputación que vaia á FEMP e que vexa o que realmente serve o que é a FEMP, porque media hora ou os primeiros 45 minutos están directamente uns aos outros dourándose a píldora de que grazas por comparecer, grazas por facernos un power point e grazas. O único que alí non dá as grazas fun eu porque preguntei por estas cuestións que si que nos afecta só aos concellos.

Eu creo que hai un problema grave porque para min, para o Partido Popular, creo que o Ministerio ten un nulo interese por axudar á mobilidade sostible do que son os concellos pequenos, non ao mellor aquí só en Galicia, senón no conxunto de todo o Estado.

E un pouco, para que vexades tamén a importancia desta moción e do apoio que vos pedimos, é que nesta convocatoria de 1.500 millóns pois a posibilidade ou a cantidade que podiamos acceder os concellos aquí representados vai ata 30 € por habitante, é dicir, que cada un dos oito concellos anteriores podería acceder ata

900.000 € de subvención, 900.000 euros.

A min tamén me gustaría aproveitar que, fixédevos na importancia de poder percibir esa subvención, porque moitas veces pedimos e solicitamos que se destinen cartos, a Deputación que destine cartos aos concellos de menos de 20.000. Se nós temos a posibilidade de coller esta subvención por parte do Ministerio, a Deputación si que podería centrarse, axudar e facer ao mellor un plan ou axuda para os concellos de menos de 20.000.

Ben, con este criterio..., tamén é verdade que o Ministerio di que ten 11.000 millóns de euros, 11.000; 1.500 para o que son as entidades locais, pero sobre todo, nós nos tememos que eses 1.500 están principalmente enfocados para as grandes cidades, esa é a realidade, se non, non poñerían esta tara, eu dígoo así de tara porque me parece gravísimo que se opte ou que nos inviten a participar nunha subvención pero que despois nos exclúan. Probablemente en Europa ou en Madrid o Ministerio, para quedar ben en Europa e dicir que garante a concorrencia da maior parte dos concellos deste país, poña os concellos de 20.000, pero despois, como ve que os cartos non van chegar, os cartos non van chegar, pois di vamos favorecer principalmente as cidades grandes, que ao mellor é como mellor podemos vender, cantas máis fotos se poidan facer, eu creo que hai tres ou catro reunións que xa tivemos do anuncio da presentación dunha liña de subvencións para acceder aos fondos e seguir aí un pouco desenvolvendo a súa política un pouco publicitaria, pero despois a realidade é que os concellos, neste caso da provincia, non nos podemos presentar.

Ben, creo que é unha excusa de mal pagador, e aínda encima tiven a mala ocorrencia de preguntar por que puxeran esta tara, e, claro, a primeira resposta foi: é unha imposición de Europa. Ben, ao mellor o meu carácter non é bo e tal, xa montei un Cristo, despois pedín tamén un pouco de información dentro do que é o Partido Popular noso e, claro, xa veu a resposta: en Europa limitación disto ningunha, vamos en Europa eu creo que catastro, cousas así como temos neste país tampouco coñecen moito. Entón xa despois xa rectificaron, despois xa un pouco xa están pensando que na primeira non, despois xa están un pouco pensando, ben pois xa veremos a segunda, pero xa incluímos tamén os da primeira. Eu creo que isto é unha mala planificación.

E fixédevos a importancia que é a primeira convocatoria real que vai chegar aos concellos, e a maior preocupación que temos tamén é que se isto vai ser o criterio para todas as subvencións que vai dar o Estado, os distintos ministerios das axudas dos fondos Next, pois vamos cun problema moi grave os concellos, cun problema moi grave, porque, de verdade, as pas de cartos, porque hai que dicilo así, 140.000 millóns de euros, que é imposible que o Ministerio, que o Estado os xestione; quen realmente os saben xestionar son os concellos, quen realmente o sabe xestionar, eu dígoo así abertamente, probablemente as deputacións poderían axudar a xestionar toda esta cantidade de cartos; 11.000 millóns que ten o Ministerio en mobilidade, 8.000 vanos repartir eles, e despois o resto, as migallas, quedan para os demais. Eu creo que si que se debería facer unha reflexión do que vai pasar porque realmente efecto práctico, subvención e que os propios concellos ou os propios cidadáns poidan

reverter esas pas de cartos, pois ao mellor imos chegar no 23, no 24, no 25, antes é imposible, non?

E eu, por todos estes motivos, pido o apoio de todos os representantes dos partidos políticos que conforman a Deputación da Coruña e reitéroo, unha deputación para todos, e créoo así, fronte e en contraposición á actitude do Ministerio, que nos parece que é un Ministerio para uns poucos, e por iso pedimos o apoio para este acordo: instar o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana a que nesta convocatoria de axudas á mobilidade para municipios de entre 20.000 e 50.000 habitantes do Plan de recuperación, transformación e resiliencia elimine a concorrencia de que estes concellos teñan que ter o número de unidades urbanas censuais no Catastro Inmobiliario que sexa superior a 36.000 unidades.

Sr. García Seoane

Eu dicir que vou apoiar esta moción. O que impón esa norma é unha imposición perversa, porque 36.000 unidades, se contamos por cada unidade urbana tres persoas como mínimo, e vou poñer dúas, son 70.000. Por tanto xa non habería que poñer límites. Municipios de 20 a 50, porque os de 50 para arriba xa nos mollamos a barriga co que imos tragar, pero é que están mentindo, porque con 36.000 unidades estamos falando de 70 e pico mil habitantes, e hai cidades en España, bastantes, que non teñen a poboación que ten Oleiros hoxe, cidades. Oleiros hoxe ten 41.000 habitantes reais e vivindo en Oleiros; censados, 37.500 e pico, e digo por que non están censados algúns: tamén por temas de picaresca, polos colexios, hai moita xente que ten os fillos aquí na Coruña nos colexios, mil e pico persoas, que está censado o pai ou a nai, un deles co avó na Coruña ou cun primo ou cun irmán. Por tanto, só aí temos tres mil e pico persoas censadas na Coruña e que viven en Oleiros, máis despois moitísimas outras que non hai forma de localizalas porque este dato anterior si que o teño claro, o outro sei que viven, son coruñesistas, pero viven en Oleiros. Xa cambiarán, porque hoxe é máis orgullo vivir en Oleiros que vivir na Coruña, é máis importante ser oleirense que coruñés. De feito, xa está de moda: ¿Dónde vives? “Yo, en Oleiros”. Ah, iso xa enche a cara de satisfacción.

Por tanto, a min paréceme totalmente perverso e unha forma de eliminar os concellos, unha forma vil de eliminar os concellos, que estamos aguantando porque, como dicía Carlos, os concellos somos os principais motores da nación, nós somos os principais motores da nación, e non se pode, e en concreto un montón de municipios pequenos que teñen a desgraza que non teñen nin para pagarlles aos funcionarios e que, ben, incluso non poderían tramitar moitas das axudas das que se fala aí pero que a través da Deputación podían mellorarse tamén, había que destinar un fondo importante deses fondos que veñen de Europa ás deputacións para que distribuían naqueles pequenos, que son a inmensa maioría de España, son seis mil e pico municipios os que hai que non poden nin abrir a porta, como se adoita dicir se fora un negocio, porque non teñen a quen venderlle. E logo estamos os do medio, os que puxamos, os que facemos as comarcas importantes, os que aguantamos de servizos, os que carecemos de moitas axudas a veces para manter uns servizos axeitados ao que o cidadán demanda, e veñen con estas caralladas desde as alturas. Eu creo que hai que chamar á orde a quen tomou esta determinación e eu creo que hai que

protestar enerxicamente, e eu creo que estaríamos todos de acordo neste aspecto de que isto non pode ser así, que se traguen esa norma miserable que puxeron aí para eliminarnos a uns cantos de poder acceder a uns fondos que nos pertencen para mellorar a calidade de vida dos nosos cidadáns.

Nada máis.

Sr. Lema Suárez

Ben, nós compartimos os argumentos de quen nos precedeu, parécenos unha moción impecable. Hai un concepto nas políticas públicas, que é o de cohesión territorial, que é de equilibrio, sería aquel que di que hai que, dalgunha maneira o investimento público ten que ter un afán compensador, ten que ter unha razón compensadora, é dicir, aqueles concellos e comarcas máis atrasadas teñen que recibir un plus de investimentos do Estado, un principio de equilibrio e un principio tamén de cohesión territorial.

Despois, cando nos preguntamos, cando digamos que existen estes discursos nas tribunas da España baleirada, digamos do rural que está pasando, as dinámicas que hai detrás son estas, son dinámicas nas que os investimentos públicos son atraídos por aqueles núcleos de maior poboación, polo tanto de maior peso político e polo tanto con maior capacidade para torcer as convocatorias públicas ao seu favor. Eu creo que é a lóxica que se expón, é a lóxica que está detrás disto, ademais da que comentaba o compañeiro Calvelo de que probablemente é un descoñecemento das particularidades e da dispersión do noso país por parte do lexislador madrileño, que non digo que sexa madrileño, senón que lexislou desde esa óptica. Entón, vai xusto en contra do camiño que entendemos que se debe pretender, que é un camiño de cohesión e de equilibrio territorial, este tipo de convocatorias que son completamente excluíntes e que favorecen a quen máis ten.

Entendo que hai un apuro e unha ansia por executar canto antes estes proxectos europeos, pero que creo que non se están incluíndo algúns parámetros dentro dese tipo de convocatorias, como son precisamente este de cohesión e equilibrio territorial que, como sinalaba tamén o compañeiro Calvelo, tal vez nesta Deputación si son imperantes, si que existe esa óptica, e sen que esta gabanza sexa infundada, é unha cuestión que está, que os POS e outras convocatorias que cada vez, de vez en cando traemos aquí, teñen ese espírito, e aquí estamos ante unha exclusión que entendemos que é arbitraria, que é inxusta e que, polo tanto, apoiamos esta moción.

Sr. Requeira Varela

Moi bo día a todos e a todas.

Nós estamos de acordo coa moción, o BNG vaina apoiar. Simplemente unha reflexión: o Sr. Calvelo empezou dicindo boa tarde. Había un programa de televisión, un debate na televisión estatal hai anos que se chamaba 59 segundos, seríamos un fracaso absoluto, as nosas forzas políticas nunca nos poderían mandar a ese debate.

Ben, nós compartimos absolutamente a reflexión que fai a moción de que a mobilidade, ademais o espírito do programa que está baseado na sustentabilidade, na redución da pegada de carbono, ben, a mobilidade todos sabemos que tamén obedece á maneira de asentarnos no territorio, o que pasa, eu non diría que son os lexisladores madrileños, senón que creo que quen legisla é un urbanita, e normalmente estase reflexionando sobre un concepto que se chama cidade dispersa. Ben, moi ben, podemos analizar a cidade dispersa, pero aquí estaríamos falando dun país disperso, e a maneira de asentarnos no territorio ten unha demanda de mobilidade baseada no automóbil moi grande, porque un transporte público que cubriera toda a rede dispersa na que nos asentamos en Galicia sería practicamente imposible. Polo tanto, as necesidades de que se analice desde o punto de vista en como nós nos asentamos no territorio son moi urxentes. O Sr. Calvelo falaba do meu concello e nomeábao especificamente. No meu concello agora mesmo no nivel de gobernación máximo de infraestruturas estamos con carrís bici, sendas peonís e aparcadoiros disuasorios para humanizar o territorio. Evidentemente, somos vinte e pico mil habitantes urbanos, 21.000 aproximadamente, pero temos unha demanda de mobilidade baseada en transportes non sustentábeis, como é o automóbil, moi alta, porque temos 187 km cadrados, os servizos están radicados no ámbito urbano e, polo tanto, a demanda de transporte é moi grande.

E ademais non podemos esquecer tampouco a nosa pirámide de poboación, porque o transporte tamén está directamente relacionado xa coa idade da poboación que temos tamén, pero incluso cos perfís de sexo tamén hai unha relación directa e está estudado cientificamente. Polo tanto, evidentemente, eu creo que a realidade galega é moi diferente á realidade do resto do Estado español e eu creo que moitas veces cando se toman decisións en Madrid non se entende exactamente a nosa singularidade.

Eu creo que non hai nada que discutir, compartimos absolutamente o que se pretende, e a verdade é que sería difícil de explicar que a totalidade dos concellos de máis de 20.000 habitantes da provincia da Coruña (...) dunha liña de axudas destas características, cando ademais cónstame que tanto Arteixo, como Culleredo, como Oleiros, como Ribeira, como Ames, estamos facendo políticas moi parecidas para mellorar a mobilidade dos cidadáns dos nosos municipios. Polo tanto, imos apoiar.

Sr. Fernández Piñeiro

Nós compartimos o espírito da moción e moitos dos argumentos que se acaban de expor, simplemente matizar, é verdade todo o que se di, aínda que eses criterios son os mesmos que existían ata o de agora, é dicir, non se mudaron. Pero, ben, en todo caso nós entendemos das dificultades que iso xera aos concellos da nosa provincia de máis de 20.000 habitantes, que non se axustan loxicamente á súa realidade e, polo tanto, nós imos votar a favor desta moción.

Nada máis, moitas grazas.

Sr. Presidente

Hai que proceder a votar a ratificación da urxencia.

Sr. Calvelo Martínez

Sr. Fernández, eu estaba intrigado pola intervención que ías facer porque, de verdade, eu recoñezo que como portavoz fas moi bo traballo. Es capaz de defender se o vaso está medio baleiro como medio cheo, perfecto, falo perfecto, non? Pero aquí non son criterios establecidos, Sr. Fernández, e dígoo tamén para os compañeiros do Partido Socialista. Isto é un criterio novo, novo, é a primeira subvención que se vai facer neste caso dos fondos Next para os concellos. Deberíamos preocuparnos de se o criterio para as distintas subvencións, non só para mobilidade, senón tamén para as outras liñas van ir nese sentido, porque nos van excluír a todos, a todos. Cando falamos... aí si que debería, non é unha crítica para a xente do Partido Socialista que está gobernando aquí, pero os de Madrid deberían ter un pouco máis de coidado cando de palabra, de boca, falan do que é a España baleirada, pero despois a realidade vese cando hai unha liña de subvencións non, esquécese deles. Está moi ben, se queremos que os concellos, os concellos de Galicia, que a xente vaia vivir a eles, perfecto, a xente vai encantada vivir a Oleiros pero non todos poden ir a Oleiros, pero si que é verdade concellos de Ourense, concellos de Lugo, hai que dotalos de servizos, hai que dotalos de servizos. Entón, se os servizos básicos e o servizo de mobilidade non o teñen, eu creo que moitos deses concellos non poden facer ese esforzo.

Non é o ánimo un pouco de, sabemos que estamos todos de acordo nesta moción e agradezo o teu apoio, pero si que é verdade o que dicía o Sr. García Seoane, o das 36.000 unidades catastrais, están enfocadas para, eu creo, concellos da costa mediterránea que teñen un *boom* inmobiliario brutal, porque pisos, vivendas e todo iso; están enfocadas alí, están enfocando a mobilidade para concellos que teñen unha poboación excesiva tres meses ao ano e ao mellor teñen un problema de mobilidade alí, pero nós temos en todos os nosos concellos un problema de mobilidade e queremos facer proxectos durante os doce meses. É que é un pouco absurdo nese sentido este cuestionamento que hai, e sobre todo que non hai resposta, e a problemática é que creo que para a próxima semana ou a seguinte se van convocar, se van convocar, e creo que ninguén vai poder rectificar. Ao mellor hai que formular unha queixa, pero é que é inminente esta convocatoria, e neste caso cremos que o Ministerio o está facendo dunha maneira incorrecta.

Procédese a votar a ratificación da urxencia:

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Logo de ratificar a urxencia procédese á votación da moción:

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por unanimidade, aproba a seguinte moción:

"Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación da Coruña, para denunciar a exclusión dos concellos da provincia da Coruña (concellos entre 20.000 e 50.000 hab.) Para proceder a solicitar as axudas do Ministerio de transportes, mobilidade e axenda urbana do plan de recuperación, transformación e resiliencia

O día 12 de maio de 2021 a FEGAMP informa: "AXUDAS PROXECTOS MUNICIPAIS MOBILIDAD URBANA E METROPOLITANA"

Achégase información dunha próxima convocatoria de axudas para proxectos municipais de mobilidade urbana e metropolitana.

Na reunión que mantiveron o 6 de maio de 2021 o Secretario de Estado de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, Pedro Saura, un grupo de Alcaldes e Alcaldesas da Xunta de Portavoces da FEMP, e aos máximos representantes da Comisión de Transportes, Mobilidade Sostible e Seguridade viaria, informouse de que os concellos recibirán 1.500 millóns de euros procedentes de Fondos Next Generation para realizar os seus proxectos de mobilidade urbana e metropolitana, mediante o "Programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia". Prevese que as bases reguladoras e a convocatoria de axudas publíquese nunha única orde ministerial a finais do mes de xuño.

Dita axuda de 1.500 millóns de euros distribuirase en dúas convocatorias de 750 millóns, unha en 2021 e outra en 2022. Estas axudas están dirixidas a:

os municipios con máis de 50.000 habitantes.

capitais de provincia.

municipios entre 20.000 e 50.000 habitantes con máis de 36.000 unidades urbanas censadas no catastro inmobiliario urbano.

DENUNCIAMOS que esta subvención destinada aos municipios entre 20.000 e 50.000 habitantes con máis de 36.000 unidades urbanas censadas no catastro

inmobiliario urbano, exclúe desta subvención a todos os municipios da provincia da Coruña con esa poboación.

A modo de exemplo do excluínte que resulta, os concellos de Ames, Arteixo, Cambre, Carballo, Culleredo, Narón, Oleiros e Ribeira suman un total de 253.988 habitantes (datos de IGE de 1 xaneiro de 2020). Todos estes concellos da provincia da Coruña non poderán acceder a estas subvencións, pois SE que están entre 20.000 e 50.000 habitantes, pero ningún deles supera máis de 36.000 unidades urbanas censadas no catastro inmobiliario urbano. Ningún destes concellos podería acceder a poder presentar os seguintes proxectos:

Proxectos de tipo "global" a presentar por concellos para a implantación de Zonas De Baixas Emisións que recollan o conxunto de investimentos que requiran esa implantación.

Medidas de priorización do transporte colectivo.

Proxectos relacionados con redes de carrís reservados para bicicletas.

Implantación de proxectos de itinerarios peonís.

Implantación de sistemas de transporte a demanda en zonas periurbanas con pouca densidade.

Aparcamientos disuasorios.

Facer unha convocatoria por parte do Ministerio De Transportes, Movilidad E Axenda Urbana para concellos de máis de 20.000 hab. e que nesta convocatoria queden excluídos o 100% dos municipios da nosa provincia é unha mostra de:

1. descoñecemento da realidade demográfica e social dos concellos da provincia da Coruña por parte do Ministerio.
2. O nulo interese por parte do ministerio, de axudar a unha mobilidade sostible para os concellos pequenos.

Segundo a información transmitida, as contías para subvencionar son de 1.500 millóns de euros, cunha cantidade que varía para as grandes cidades de 15€/habitante aos 30€/habitante aos concellos de máis de 20.000 hab. Axudas, ás que non poderá acceder ningún dos municipios da provincia da Coruña entre 20.000 a 50.000 hab. por non ter 36.000 unidades urbanas censadas no catastro inmobiliario urbano.

Con este criterio de selección están a DENEGAR os concellos de Ames, Arteixo, Cambre, Carballo, Culleredo, Narón, Oleiros e Ribeira de poder acceder a unha subvención de máis de 900.000€ para cada concello. Dá a impresión de que o Ministerio quere vender que reparte 1.500 millóns de €, para a mobilidade sostible aos concellos "PERO" só a uns poucos, reservándose o Ministerio máis de 11.000 millóns € para repartir aos que eles queiran.

Preguntado ao Ministerio por que á limitación aos concellos de máis de 20.000 habitantes pero con 36.000 unidades urbanas censadas no catastro inmobiliario

urbano, "RESPONDEN" que é unha imposición de EUROPA. Parécenos que esta resposta supón "unha broma de mal gusto e unha escusa de mal pagador" e unha falta de sentido común e de sensibilidade cara aos concellos máis pequenos que representan máis do 90% dos municipios de España.

Procederemos a solicitar aos representantes de PP na Unión Europea que nos informen se é unha IMPOSICIÓN DA UNIÓN EUROPEA de excluír ao 90% dos concellos de España de poder acceder ás axudas de mobilidade por parte do Ministerio. Esta subvención, parece totalmente dirixida por parte do Ministerio a que só poidan acceder as grandes cidades e que posiblemente, para poder xustificar en Europa unha maior concorrencia, poñan como beneficiarios aos concellos de máis de 20.000 habitantes co PERO, sempre existe un "PERO", de ter máis de 36.000 unidades urbanas censadas no catastro inmobiliario urbano.

Por todos estes motivos pedimos o apoio desta moción a todos os representantes dos partidos que conforman a Deputación da Coruña: "unha deputación para todos" en contraposición á actitude por parte do Ministerio : " Un ministerio para uns poucos".

ACORDO:

Instar o Ministerio De Transportes, Movilidad E Axenda Urbana que nesta convocatoria de axudas á mobilidade para municipios entre 20.000 a 50.000 habitantes do Plan De Recuperación, Transformación e Resiliencia elimine a concorrencia de que estes concellos teñan que ter o número de unidades urbanas censadas no catastro inmobiliario urbano sexa superior a 36.000 unidades."

Sr. Presidente

Hai unha última moción que presenta o Grupo Provincial Socialista sobre cambio de data do Pleno ordinario do mes de xuño que pasaría do 25 ao 30, hai que ratificar a urxencia da moción tamén.

II.Moción do Grupo Provincial Socialista sobre cambio de data do pleno ordinario de xuño de 2021

Don Bernardo Fernández Piñeiro, portavoz do Grupo Provincial Socialista da Deputación Provincial da Coruña, visto que o artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), conforme á redacción introducida pola lei 11/1999, do 21 de abril, ordena que o Pleno das deputacións provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes e que, por outra banda, o artigo 35 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúe ao Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da corporación provincial.

Tendo en conta que a sesión ordinaria do Pleno de xuño de 2021 correspondería celebrala o día 25 dese mes, inmediatamente despois de San Xoan, festividade local nunha vintena de municipios da provincia, incluída a cidade da Coruña, e que esa

coincidencia dificulta a axeitada preparación dos asuntos que se terían que someter ao Pleno na data prefixada,

Polo tanto e como excepción singular do réxime ordinario establecido en sesión do 23 de xullo de 2019, PROPOÑO AO PLENO, previa declaración de urxencia, consonte aos artigos 71.3 e 65.4 do Regulamento Orgánico, a adopción do seguinte acordo:

"A sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial da Coruña correspondente ao sexto mes de 2021 celebrarase o día 30 de xuño, mércores, a partir das doce horas".

Procédese a votar a ratificación da urxencia:

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Logo de ratificar a urxencia, procédese á votación da moción:

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por unanimidade, aproba a seguinte moción:

"Moción do Grupo Provincial Socialista sobre cambio de data do pleno ordinario de xuño de 2021"

Don Bernardo Fernández Piñeiro, portavoz do Grupo Provincial Socialista da Deputación Provincial da Coruña, visto que o artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), conforme á redacción introducida pola lei 11/1999, do 21 de abril, ordena que o Pleno das deputacións provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes e que, por outra banda, o artigo 35 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúe ao Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da corporación provincial.

Tendo en conta que a sesión ordinaria do Pleno de xuño de 2021 correspondería celebrala o día 25 dese mes, inmediatamente despois de San Xoan, festividade local nunha vintena de municipios da provincia, incluída a cidade da Coruña, e que esa coincidencia dificulta a axeitada preparación dos asuntos que se terían que someter

ao Pleno na data prefixada,

Polo tanto e como excepción singular do réxime ordinario establecido en sesión do 23 de xullo de 2019, PROPOÑO AO PLENO, previa declaración de urxencia, consonte aos artigos 71.3 e 65.4 do Regulamento Orgánico, a adopción do seguinte acordo:

"A sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial da Coruña correspondente ao sexto mes de 2021 celebrarase o día 30 de xuño, mércores, a partir das doce horas".

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Castrillón Permuy

Grazas, señor Presidente, boas tardes.

Desde o Grupo Municipal do Partido Popular de Pontedeume preséntannos un rogo para este Pleno, que con motivo das obras realizadas na estrada 4803, onde se contemplaba a realización de beirarrúas e acondicionar as entradas ás vivendas con acceso a esa vía, no lugar de Bieiteiro, no número 128, parroquia de Boebre, segundo comenta o propietario da vivenda, na realización das obras insistiría ao encargado responsable dos traballos que non estaba de acordo coa execución realizada na beirarrúa con acceso á súa propiedade.

En palabras do propio propietario desa zona, pasado o tempo véñse comprobar que a mala execución vén de darlle a razón ao señor e a xurdir coa imposibilidade de que a ambulancia poida acceder á súa propiedade para recoller a señora, que por motivos de saúde ten que asistir a miúdo ao centro médico.

Rogamos que se realicen as obras necesarias para permitir que a ambulancia poida ter acceso desta CP-4803 á propiedade deste propietario da súa vivenda no lugar de Bieiteiro n.º 128, na parroquia de Boebre, como se realizaron nesa mesma estrada en próximas a ese lugar. Entón, rogaríamos que se lle recoñecera os problemas que ten este señor e que se tivera en conta a solicitude.

Grazas.

Sr. Ben Otero

Brevemente dos ruegos que quería presentar y finalmente una pregunta para usted, señor presidente.

El primero de los ruegos es el siguiente: en julio de 2011 presentamos un ruego respecto a la DP-7804 –antes un inciso, una pena que no esté el señor Pequeño, pero espero que le trasladen estas cuestiones que creo que son de interés– que transcurre por los municipios de Tordoia, Trazo y Santiago en el que pedíamos dos cosas. La primera, que se agilizase el proyecto y la ejecución de la obra lo máximo posible, debido a la alta densidad de tráfico que soporta esta vía, agudizado

por el problema de tránsito pesado de camiones que van a la cantera de Miramontes, buses escolares urbanos, etcétera. Y la segunda, que desde la Diputación se contactase con los vecinos para informarles puntualmente del proyecto porque lo desconocían por completo.

Pues bien, lo que ha sucedido desde entonces es que ya están concluidas las expropiaciones, Por cierto, con generosidad y compromiso por parte de los vecinos de A Peregrina, y que es cierto que también fueron recibidos por un técnico de la Diputación que los ha recibido en esta casa. Dicho esto, ustedes me preguntarán a qué se debe este ruego si se ha agilizado la expropiación y se ha recibido a los vecinos. Pues bien, el motivo del mismo es que este proyecto ha generado una gran inquietud entre los vecinos de A Peregrina, ya que en ningún caso se contempla la construcción de aceras o sendas peatonales y tampoco la ubicación de un paso de peatones en la nueva fase de este proyecto de la DP-7804. El ruego que quiero hacerles es el siguiente:

Primero, que el diputado de Vías y Obras o usted si lo tiene a bien, señor presidente, visite la zona, hable con los vecinos y así compruebe la necesidad de un espacio para el tránsito de peatones; desde esta casa se sugirió el uso de arcén, pues será de dimensiones importantes, según figura en el proyecto. Nosotros lo que les pedimos es que, en caso de que no se contemple la posibilidad de la construcción de sendas, que este arcén se pinte de un color distinto al del asfalto de tal forma que indique claramente, tanto a los conductores como a los viandantes, cuál es la zona de tránsito rodado y cuál es la de tránsito peatonal. Asimismo, que se instalen bolardos de plástico de forma periódica como referencia para los conductores y para proteger a los peatones.

Segundo, que los técnicos del departamento visiten la zona y a la mayor brevedad ubiquen pasos de peatones y que estos se contemplen también en el posterior proyecto.

Y, tercero, que en la confluencia de la DP-7804 con la DP-1914, que es la que va de Santiago a Val do Dubra, que coincide con la rotonda, en la confluencia de estas dos vías provinciales coincide con la rotonda de acceso a la variante de Aradas, se ubique un paso de peatones previo a la rotonda, pues para los vecinos de A Peregrina es imposible cruzar en la situación actual la vía de la DP-1914 sin jugarse la vida, y hay varias horas al día en las que tienen que ir a coger el autobús a una zona de O Romão, y cruzar allí es una cuestión imposible.

En todo caso, esto que le solicitamos podría ser perfectamente realizable sin necesidad de hacer una modificación sustancial del proyecto. Esto es simplemente una cuestión de voluntad política. Insisto, señor presidente, si ustedes visitan la zona, verán estas actuaciones no solo como razonables, sino como necesarias y urgentes.

Y el segundo ruego también es un ruego ya conocido, que es el referente a Martelo-Aguasantas en la DP-7402 en Rois. Y lo traemos de nuevo porque esta actuación, que ya la ha presentado Antonio Fernández Angueira hace unos meses y que fue anunciada y publicada en la web de la Diputación el 22 de marzo del 19,

ustedes la denominaron como una obra estratégica. Cuando mi compañero Antonio Fernández Angueira presentó este ruego en esta casa, usted textualmente, cito, leo el acta de ese pleno: "Grazas a ti, esa obra efectivamente, que é unha obra estratéxica no sueste da provincia conecta varias localidades a través dunha vía que ten un tráfico importante", etc., etc., para no leerlo todo. Es decir, su compromiso fue claro.

Pues bien, desde aquel momento y desde este año 19 nada más se supo de esta cuestión. Nosotros le pedimos que haga lo posible por darle prioridad a este tema. Yo este miércoles tuve la oportunidad de acercarme allí y pude ver *in situ* cómo un tractor no se cruza con un coche, cómo un camión no se cruza con un coche, y esta obra que es verdad que tiene un asfalto en perfecto estado, los sucesivos reasfaltados han ido elevando la vía de tal manera que cuando un coche orilla a un lado tiene el riesgo de volcar o salirse de la vía, como ha sucedido en varias ocasiones.

Yo creo que de verdad sería importante que lo viera. El ancho máximo de esta calzada es de 4,60, lo cual es una auténtica barbaridad en una vía que es fundamental porque conecta las comarcas de Noia y Padrón, y que es una de las conexiones fundamentales de Rois con la autovía de Noia.

Yo urgiría de verdad en estas dos cuestiones. Esta segunda son 2 km, ustedes lo tienen presupuestado, denle para adelante a este asunto; y en el tema de A Peregrina, de verdad, visítenlo, hablen con los vecinos, hay gente mayor, hay niños, tienen un talante completamente conciliador, escúchenles y con muy poco solucionarán un problema muy grande.

Nada más.

Y la pregunta que le quiero hacer, porque yo soy novato en esto de ser diputado provincial y usted es una persona con mucha más experiencia y tiene el honor de presidir esta institución, la pregunta que le quiero hacer son dos seguidas y luego reflexionaré por qué hago estas preguntas.

La primera es: los fondos del POS, una vez que se distribuyen entre los ayuntamientos y son concedidos a los ayuntamientos, ¿son dinero de los ayuntamientos o es dinero de la Diputación?

La segunda pregunta es: este dinero del POS que va a los ayuntamientos y que las bases del propio POS dicen que los proyectos tienen que ser aprobados en los plenos de los municipios o bien destinarse a gasto corriente, ¿estos proyectos, estas obras que se ejecutan, son obras municipales o son obras de la Diputación?

Y estas dos preguntas se las hago porque últimamente tengo la mala costumbre de seguirle, se lo he dicho en anteriores plenos y le sigo con interés y con atención, como no puede ser de otra manera, y veo que hay diversos anuncios de inversiones en ayuntamientos de la provincia de A Coruña en que usted dice, va a estos sitios, los anuncia y pone en valor estas obras, y las anuncia como obras de la Diputación. El otro día pasó en Arteixo, *a posteriori* en A Laracha se visitó una senda que para más inri está siendo ejecutada con fondos propios del Ayuntamiento de

Laracha; ha pasado anteriormente en Noia, en otros ayuntamientos y los alcaldes me han llamado un poco alarmados y preguntando, igual estamos despistados y tal.

Entonces, yo le quería hacer estas preguntas porque, si esto realmente es así, los fondos que van de la Diputación a los ayuntamientos tampoco son fondos de esta Diputación, son fondos de los presupuestos generales del Estado que aportan a través de los PIA a esta institución. Nada más y, si me pudiera contestar, se lo agradecería. Gracias, presidente.

Sr. Presidente

Respecto aos rogos, simplemente indicar que na estrada da Peregrina tomamos o guante para ir persoalmente e, efectivamente, comprobar as demandas que os veciños teñan sobre todo en temas de seguridade viaria.

Respecto á 7402 Rois, evidentemente é un proxecto estratéxico e imaxino que saberás, Sr. Ben, que hai un informe negativo de Patrimonio que paraliza, nos paralizou a posible licitación desa obra e que nos obriga a reformar o proxecto, un proxecto que o máis importante de todo é que ten, como ti ben dis, o orzamento aprobado e, polo tanto, nese sentido nosoutros andamos enriba do tema porque loxicamente o concello e as persoas que son usuarias da vía están reclamando a súa axilización.

Respecto á pregunta, pois a verdade é que non acabo de entendela moito, vasmе perdoar. Eu o venres pasado tiven a oportunidade de compartir co presidente da Xunta de Galicia a inauguración non, porque non é unha inauguración, pero si a visita e posta en valor da xestión da Xunta de Galicia do centro de saúde das Pontes, do concello das Pontes, do meu concello, onde os fondos ninguén pregunta quen os achega. É dicir, os fondos son da Consellería de Sanidade, ás veces son proxectos FEDER que inaugura o conselleiro de rolda, ás veces son fondos do Estado que inaugura o alcalde de rolda e ás veces son fondos da Deputación. É dicir, simplemente as obras POS da Deputación toda a vida, eu creo que calquera que se dedique á vida municipal, sabe que son visitadas polo presidente da Deputación de rolda que toque, ou presidenta que toque, e seguirá sendo así. Eu non recibín xamais na miña vida unha queixa de ningún alcalde nese sentido. Somos respectuosos, sempre acode o alcalde ou alcaldesa co presidente da Deputación e seguirá sendo así. Non acabo de comprender a pregunta.

Sr. Ben Otero

Sin ánimo de abrir el debate porque no corresponde en este punto del Pleno, pero, Sr. Presidente, hemos visto notas de prensa, hemos visto sus declaraciones: la Diputación de A Coruña destina 300.000 € a sendas en el concello..., no, la Diputación de A Coruña aporta –señor Lage, por favor, sin hipocresía se lo digo de todo cariño que, por favor, que me deje hablar con tranquilidad, como yo he dejado hablar a todo el mundo–, la Diputación de A Coruña aporta unos fondos que le corresponden a ese Ayuntamiento y ese Ayuntamiento en virtud de su independencia municipal decide a qué dedica los fondos. No es usted, ni es la Diputación quien hace las sendas ni quien

hace las obras del POS, es el Ayuntamiento en su legítima independencia municipal. Entonces estas cosas es importante, yo tengo notas de prensa y se las he de pasar, y no las he hecho públicas, se las voy a pasar. Es que no es serio, esto nunca ha pasado. Es normal que usted visite, ¿cómo no va a visitar las obras de la Diputación? por supuesto que sí, pero otra cosa es la manera en que se titulen estas noticias. Yo se lo digo porque creo que algunos, algunos, algunos le están aconsejando mal en este camino no sé hacia qué parte.

Nada más, gracias.

Sr. Presidente

Vamos a ver, dous apuntamentos pequenos para rematar con esta cuestión que non ten máis relevancia. Eu é unha emenda case á totalidade do traballo que fai Gonzalo Trenor nesta provincia. É dicir, eu creo que a última visita que fixo Ás Pontes, se non recordo mal, foi visitar as obras do Fondo de compensación ambiental da Xunta de Galicia, que é unha asignación anual, que non é en concorrencia, que é directa ao Concello das Pontes, de 263.000 €, e que é o Concello das Pontes o que decide que obras fai con cargo a ese fondo, e vén Gonzalo Trenor e vén o conselleiro de Presidencia todos os anos. Nosoutros aplaudimos esas visitas, como debe ser, é dicir, aquí non é unha cuestión de protagonismo, é un protagonismo compartido. Claro que é o Concello o que decide ese fondo, pero quen fai o esforzo?, esta Corporación, o esforzo económico, que fai unha parte: primeiro decide as bases do plan, despois decide a cantidade do plan, que poden ser 24 millóns e medio de euros ou 100 millóns de euros. Esa diferenza entre 24 ou 100 millóns é o que permite que algún concello poida destinar 300.000 euros a sendas. E, por último, o titular non eran 300.000 euros, era: "A Deputación da Coruña inviste tres millóns de euros en sendas peonís no concello de Arteixo", porque é así, rigorosamente certo porque son 3 millóns de euros adicados principalmente a un convenio negociado, renovado, aprobado e apoiado e aplaudido por toda a Corporación Provincial para apostar por esas sendas no Polígono de Sabón cedido ao Concello de Arteixo.

En calquera caso, Sr. Ben, non tes razón, se hai algunha modificación nalgún titular concreto sabes que o recoñezo, non teño a máis mínima intención de eludir digamos que o protagonismo que ten que ter un alcalde, eu son alcalde e doe cando alguén intenta usurpar ese protagonismo. Os concellos deciden as obras e a Deputación financiaas e o protagonismo é compartido.

Moitas grazas.

Sr. Calvelo Martínez

Sr. Presidente, no iba por Arteixo, que no hay tres millones de euros invertidos de la Diputación en sendas. Hay 3 millones de euros invertidos con fondos propios municipales en carreteras de la Diputación, pero el dinero, la cantidad asignada de los POS, de los convenios y tal no asciende a 3 millones de euros, no iba por nosotros, digo yo.

Sr. Presidente

Y supera eso, los convenios de Sabón, supera eso.

Sr. Calvelo Martínez

Pero en sendas, no.

Sr. Presidente

También va en sendas, también va en sendas en Sabón.

Sr. Calvelo Martínez

No, no, no, en Sabón va con el tema de la ETAP, del bombeo, que son 3 millones de euros. Creo que lo que decía el Sr. Ben no iba por nosotros.

Sr. Presidente

En cualquier caso está contestado.

Muchas gracias hasta el próximo Pleno.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 15:01 horas.